

14
CONGRESO
7/8 DE DCEMBRO

PONENCIA MARCO

PSG^{DE}
PSOE

INDICE

INTRODUCCIÓN	03
GALEGUISMO, UN PARTIDO AO SERVIZO DO NOSO PAÍS	10
FEMINISMO, A APOSTA POLA IGUALDADE REAL	14
A MODERNIZACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA	21
COHESIÓN SOCIAL, DEREITOS E POLÍTICAS DE BENESTAR	57
O NOSO TERRITORIO, PLANIFICACIÓN E SUSTENTABILIDADE	113
O PSdeG NAS INSTITUCIÓNS, AS FERRAMENTAS PARA A XUSTIZA SOCIAL	139
MODELO DE PARTIDO: A CONSTRUCIÓN DO PSdeG COMO FERRAMENTA ÚTIL AO SERVIZO DO POBO GALEGO	155

14 
CONGRESO
7/8 DE DICIEMBRE

INTRODUCCIÓN

PSG^{DE}
PSOE

0. ENMIENDAS A TODO EL DOCUMENTO

1. **1.INTRODUCCIÓN**

2. O PSdeG afronta a apertura dunha nova etapa que debe dar resposta aos importantes retos que ten por diante a sociedade galega nun contexto de relevantes cambios e transformacións globais no plano económico, social e cultural.
3. Estamos vivindo aínda as consecuencias da maior pandemia dos últimos cen anos coa aparición da COVID, que marcará para moitas xeracións un antes e un despois, e polo tanto estamos nun período de transición e cambio que necesariamente nos levará a vivir unha época de transformacións e novas formulacións onde a sociedade galega espera da nosa contribución positiva en pensamento, proposta e capacidade de resposta á nova realidade social.
4. A pandemia, desde marzo de 2020, supuxo un xiro completo da actividade política, social e económica que, durante o último ano, estivo tinguida pola loita por protexer á cidadanía e salvar as súas vidas. Son numerosas as ensinanzas que debemos de extraer desta dura etapa.
5. A pandemia ensinounos que se necesita un Estado máis sólido e previsor. Precísase un sistema público sociosanitario robusto que non se vexa sistematicamente esquilado e empobrecido. A xestión de stocks de produtos estratéxicos sanitarios e a existencia dun mínimo de produción nacional ou europea é obrigada.
6. Débese avanzar en que existan novas prácticas internacionais para que bens como as vacinas ou o clima sexan considerados e tratados de modo efectivo como bens públicos globais.
7. É necesario avanzar tamén nunha ruta de reindustrialización que garanta a autonomía estratéxica, de modo que non nos vexamos de novo desabastecidos de produtos esenciais para responder a demandas urxentes, e polo tanto cómpre facer unha importante emenda ás políticas da UE que consolidaron aos xigantes asiáticos como provedores únicos de centos de produtos, que co impacto da pandemia consideramos esenciais e amosaron a crudeza do mundo globalizado onde o dumping económico e social marca o desequilibrio.
8. Nese contexto non cabe a resignación, dende a periferia, que ás veces se percibe como condena histórica, e si se precisa do aproveitamento das nosas potencialidades. A

construción nacional de Galicia formúlase en base ao talento e as capacidades do noso pobo e do noso territorio e aí estaremos.

9. Os e as socialistas galegos temos que xerar unha alternativa política capaz de xerar ilusión e esperanza e que sexa capaz de agrupar a unha maioría social progresista que desexa unha Galicia con máis oportunidades, máis xustiza social e un mellor futuro para os galegos e galegas.
10. O fenómeno da globalización, especialmente de mercados e capitais, da pé á tensión entre a globalización desregulada, a soberanía nacional e os modelos de participación e democracia.
11. Galicia non é allea a esta realidade nin está ao marxe das consecuencias deste fenómeno, pero precisa respostas propositivas que formulen saídas económicas de presente e futuro que permitan un mellor aproveitamento das nosas potencialidades, e ao mesmo tempo faciliten a redistribución de rendas e a igualdade de oportunidades.
12. A esquerda política non pode permanecer no conservadurismo nin comportarse de forma meramente reactiva, antes ben, ten que converterse nun axente de cambio activo de modo acorde coa súa vocación histórica, e o PSdeG debe ter un papel central, como actor político e ferramenta útil ao servizo dos intereses do noso país.
13. Concibimos o papel central do PSdeG-PSOE, inscrito nos parámetros ideolóxicos tradicionais: esquerda, socialdemocracia e galeguismo, pero tamén asumindo o feminismo no noso corpus ideolóxico, formando parte da loita socialista pola igualdade.
14. A proposta feminista de igualdade pasou a constituír unha dimensión central da nova socialdemocracia, abarcando os nosos principios, as nosas políticas e a reforma das institucións patriarcais. Non se pode ser socialista sen ser feminista.
15. A loita contra as brechas entre mulleres e homes en tempos, traballos e ingresos, a escasa presenza de mulleres nos espazos de toma de decisión, a erradicación das violencias contra as mulleres, incluída a prostitución, a aposta por unha organización social dos coidados corresponsable e co apoio da acción pública, son apostas centrais do noso proxecto de xustiza social.
16. De igual xeito asumimos os e as socialistas a incorporación do ecoloxismo aos principios reitores da nosa acción política, facendo viable o necesario desenvolvemento económico co respecto ao noso territorio.

17. As consecuencias actuais e futuras do cambio climático, como manifestación máis recoñecida da crise ecolóxica xa pronosticada en 1972 polo informe do Clube de Roma “*Os límites do crecemento*” e as súas sucesivas actualizacións, fan tan urxente como vital unha reforma do modelo produtivo actual que está a ter un recoñecible impacto social, económico e cultural.
18. A transición ecolóxica e a transición dixital deberá gobernarse con sentido do ben común desde a nova socialdemocracia, e nelas encérranse as grandes transformacións sociais e económicas que se han de producir no século XXI. A transición ecolóxica debe contribuír a avanzar cara á consolidación do dereito da cidadanía á seguridade climática, ademais de asegurar a sustentabilidade dos recursos naturais.
19. O paso acelerado dunha sociedade analóxica a outra dixital ten impactos económicos, na comunicación, no modo de relacionarse e tamén na vida cotiá das persoas.
20. O cambio de modelo debe facerse reducindo os impactos sobre a clase traballadora, abrindo novas oportunidades e utilizando os programas de estímulo e reformas estruturais para xerar valor engadido no territorio.
21. Diante deste novo tempo, Galicia ten claras oportunidades no terreo económico e neste marco debemos formular un proxecto político de amplo espectro, con base nas políticas públicas socialdemócratas e reformistas que permitan axudar a crear riqueza e faciliten a redistribución de rendas, o fortalecemento dos servizos públicos e as políticas progresistas de benestar social.
22. Para tal fin, son imprescindibles políticas predistributivas e redistributivas pero, ademais, compre comezar a reflexionar sobre a asunción acrítica dun modelo desaforado de sociedade de consumo individualista que, en última instancia, entra en conflito directo coa sustentabilidade, dificulta calquera enfoque colectivo ou social e, prioriza a creación de necesidades superfluas ao mesmo tempo que debilita o poder e a importancia do factor traballo, xera crecente alienación e insatisfacción vital.
23. Así, apostamos por unha alternativa a un capitalismo que é incapaz de adaptarse a un modelo de crecemento compatible co mellor reparto da riqueza, a sustentabilidade e o benestar de todas as persoas. Un capitalismo que levou ao estancamento da renda e a riqueza das clases medias e traballadoras, que non é capaz de ofrecerlles ás persoas o máis básico: o dereito a ter un proxecto propio.

24. Por iso temos que ser unha alternativa non so fronte aos partidos conservadores de dereita, senón tamén fronte a un sistema económico que parece destinado a crear desigualdades crecentes, destroza as bases da vida humana no conxunto do planeta e perpetuar as inxustizas fronte ás desigualdades entre mulleres e homes.
25. E na firme determinación de darlle ao noso país unha resposta política ambiciosa e acorde ás demandas dunha maioría social que agarda por unha alternativa ás políticas conservadoras, o PSdeG-PSOE creará un espazo de encontro con todas as persoas progresistas para a elaboración dunha proposta permanente de transformación social a través dunha Conferencia Política Anual, onde poidan participar diferentes colectivos e persoas da sociedade civil que contribuirán de xeito decisivo a elaborar as políticas de cambio para Galicia.
26. O noso Partido é unha forza decisiva, que sempre formou parte de todos os grandes acordos de País, dende a aprobación da Constitución Española de 1978, que fabricou o marco normativo da mellor etapa da nosa historia contemporánea, ata a aprobación do Estatuto de Autonomía ou os grandes consensos en materia de lingua, patrimonio e cultura, e hoxe máis que nunca debe responder ás expectativas da sociedade galega que está esperando polo PSdeG-PSOE.
27. A sociedade galega xa coñece tamén as capacidades do socialismo galego, os nosos equipos, e a nosa experiencia gobernando a Xunta en dous períodos diferentes e sobre todo a relevante tarefa nos gobernos municipais dende 1979 ata os nosos días.
28. O PSdeG-PSOE é a forza política que goberna dende a administración local a máis do 60% da poboación e a quen lle confían as galegas e os galegos a xestión do máis próximo, a xestión das cidades e concellos.
29. Somos unha forza política confiable para a maioría social progresista deste país e agora temos o reto de dar resposta a nivel galego, cun proxecto político que sexa capaz de atender e entender a Galicia e responder axeitadamente ao que buscan os cidadáns e as cidadás no goberno autonómico.
30. Un dos grandes retos da socialdemocracia no século XXI consiste en impugnar e encauzar a triunfante versión dun capitalismo sen freo que considera os individuos como meros consumidores e, no fondo, como mercancías intercambiáveis, formulando para iso, dende o público, estratexias para adaptar os nosos estilos de vida ás capacidades do medio e a propia dignidade humana.

31. A nova socialdemocracia debe traballar para construír unha globalización diferente baixo o prisma dos seus valores tradicionais, que impulse a universalización de oportunidades e condicións de traballo dignas e a armonización dunha fiscalidade xusta e progresiva.
32. A construción dunha globalización con regras diferentes e mellores que as actuais debe sustentarse na necesidade dun comercio aberto, pero tamén debe facer posible unha nova xeración de acordos comerciais e de investimentos internacionais que combinen a apertura internacional coa defensa das persoas traballadoras, as compensacións aos grupos que poidan saír prexudicados, o goberno democrático da dixitalización, a reciprocidade no avance na loita contra o cambio climático e contra a corrupción e os subornos, así como a defensa dos dereitos humanos e a igualdade de xénero. Por iso, a nova gobernanza mundial ten que basearse na tripla sustentabilidade, social, económica e ambiental; só así transformaremos e encamiñaremonos a unha globalización xusta.
33. E nesta tarefa o PSdeG ten que ser un actor relevante, para encauzar os anxeos dunha maioría social de galegos e galegas que se rebelan fronte as inxustizas e a desigualdade social.
34. Os e as socialistas galegos formamos parte dun proxecto federal, do PSOE, con máis de 142 anos de historia, e somos a ferramenta ao servizo da cidadanía, que ideou un ferrolán chamado Pablo Iglesias Posse no século XIX, para remover ámbitoas inxustizas sociais e mellorar as condicións de vida das persoas.
35. Un PSOE que protagonizou todos os avances sociais dos últimos 40 anos en España e que está agora mesmo da man de Pedro Sánchez protagonizando tamén unha importante reformulación do que significa a xustiza social e os valores do socialismo, xunto a un cambio na forma de entender a política e o reformismo.
36. Os e as socialistas gobernamos España sendo a referencia da socialdemocracia en Europa e marcando o paso dende o goberno, con grandes decisións en materia de protección social, especialmente no ámbito sanitario o que unha vez máis amosa a confiabilidade do noso partido para afrontar calquera tarefa de cambio e transformación social a través do goberno das institucións.
37. A capacidade do Partido Socialista para afrontar a crise derivada da pandemia da COVID dende as institucións, locais ou estatais, como ten feito o goberno de España presidido por Pedro Sánchez, fortalecen unha vez máis a relación de confianza e a memoria da cidadanía sabendo que o socialismo garante a resposta do Estado pensando nunha maioría social, onde predominan traballadores e traballadoras asalariadas, pensionistas, persoas autónomas, pequenos e pequenas comerciantes, empresarios e empresarias ou emprendedores e emprendedoras.

38. Neste contexto o PSdeG asume o reto de impulsar un proxecto político para Galicia, autónomo e centrado en defender os intereses dos galegos e galegas, por riba de calquera outro interese, e sempre incardinado na defensas dos nosos valores e da nosa identidade como socialistas.

14 
CONGRESO
7/8 DE DECEMBRO

**GALEGUISMO,
UN PARTIDO AO
SERVIZO DO
NOSO PAÍS**

**PSG^{DE}
PSOE**

39. **2. GALEGUISMO, UN PARTIDO AO SERVIZO DO NOSO PAÍS.**

40. A defensa de Galicia, dos nosos intereses como territorio, como pobo e nación dentro da España plural e diversa debe ser un elemento central dentro do proxecto político do PSdeG-PSOE.
41. O socialismo galego, como partido autónomo integrado na estrutura federal do PSOE, nace no 1978 como resultado da confluencia de diversas correntes do socialismo galego e coa vontade de constituírse na organización central do progresismo político e social e do autonomismo federalista en Galicia.
42. Durante estes corenta anos de traxectoria, o PSdeG-PSOE conseguiu acadar unha ampla presenza cidadá, entre os traballadores e traballadores, os e as profesionais, as clases medias e as mulleres, e converterse na forza política de referencia dos sectores máis innovadores e comprometidos da sociedade galega. Cabe recordar que os e as socialistas galegos e galegas estivemos presentes de forma determinante en todos os grandes procesos políticos que supuxeron avances para o autogoberno de Galicia.
43. Somos galeguistas e, como tales, non podemos deixar o espazo do compromiso co País en mans doutras formacións políticas que intenten patrimonializar a defensa de Galicia como suxeito político. É necesario fundamentar teoricamente e exemplificar coa nosa práctica a idea de que o galeguismo é tamén compatible cun mundo de identidades múltiples onde a defensa da nosa identidade non exclúe á solidariedade como elemento nuclear dos nosos principios como forza progresista.
44. Galicia ten unha cultura e sinais de identidade propios e destacados dentro da comunidade ibérica, pero as galegas e os galegos soubemos (moitas veces obrigados pola nosa historia) saír ó mundo e volver del. Galicia foi sempre célula de universalidade. Soubemos ser abertos e non adoitamos esgrimir a diferenza para pecharnos.
45. O PSdeG-PSOE incorpora ao seu ideario o legado máis vivo e valioso de diversas tendencias democráticas e fai súa a tradición autonomista e federal do galeguismo democrático e non nacionalista.
46. Entendemos o galeguismo como un movemento amplo, plural e integrador, reivindicativo da personalidade histórica de Galicia, da súa singularidade lingüística e cultural e do seu autogoberno.

47. O noso galeguismo ten que definirse, fronte a outras formas de entender esa singularidade de país, como un galeguismo federalista, europeísta, amable, aberto, positivo, solidario e moderno. Compromiso co País, identificación e defensa dos nosos sectores estratéxicos, tamén compromiso coa nosa identidade, coa nosa lingua e coa nosa cultura, que ao mesmo tempo teñen un potencial económico relevante que moitas veces se minusvalora ou se oculta.
48. Un galeguismo sen agravios, sen resquemor, liberado de complexos infundados. Partindo dunha identidade propia e diferenciada, mais non para separar senón para unir, cooperar e colaborar. Un galeguismo, en definitiva, abertamente cosmopolita e universalista, sempre consciente de que calquera diferenza entre culturas é sempre moito menor que a semellanza inherente á condición humana.
49. O PSdeG defínese como herdeiro das tradicións liberal-progresistas, federalistas e europeístas do galeguismo histórico e valora positivamente a extensión transversal do galeguismo nas súas máis diferentes e plurais manifestacións, na medida na que o galeguismo representa un factor de integración e cohesión social, unha apelación á responsabilidade cívica.
50. E tamén un poderoso instrumento para o fortalecemento da conciencia cidadá en relación con asuntos como a preservación do territorio e do medio ambiente, o proceso de recuperación da lingua galega, a afirmación institucional de Galicia na España constitucional e na Europa unida e a implicación de cada cidadán no avance cotiá cara unha sociedade máis libre, democrática, xusta e solidaria.
51. A loita por unha sociedade máis xusta e igualitaria non está rifada, máis ben ao contrario, coa defensa da diversidade territorial, lingüística e cultural. O PSdeG-PSOE entende Galicia como un espazo político, social e cultural específico, habitado e construído por unha cidadanía con problemas propios e con trazos que a singularizan no conxunto español e europeo do que forma voluntariamente parte.
52. Esa singularidade, recoñecida constitucionalmente mediante a fórmula “nacionalidade histórica” e configurada a partir dunhas características territoriais, lingüísticas e culturais únicas, non impide o desenvolvemento dunha rica e irreductible pluralidade interna que é un elemento constitutivo e esencial da identidade de Galicia.
53. O PSdeG-PSOE continuará procurando os consensos necesarios para a reforma e actualización do Estatuto de Galicia de 1981. Defenderemos o perfeccionamento do proceso autonómico iniciado na Transición mediante o avance constitucional cara un escenario federal e cooperativo, ao que deberán poñer o ramo unha reforma do Senado

que transforme esta institución nunha Cámara Territorial, e un acordo sobre o modelo de financiamento autonómico que deberá estar baseado en principios de autonomía e suficiencia financeira, equidade e solidariedade interterritorial.

54. Entendemos a pluralidade territorial, lingüística e cultural de España como un valor e como un patrimonio común de toda a cidadanía española.
55. Consonte a isto, o PSdeG-PSOE incrementará os seus esforzos de cara a unha máis plena asunción por parte de España da súa condición de Estado plurilingüe e pluricultural, condición que deberá ter un máis axeitado reflexo administrativo e institucional.
56. Postulamos pois un escenario europeo postnacional, solidario e integrado, respectuoso coa diversidade cultural e lingüística, cos dereitos da cidadanía, co principio de subsidiariedade e coa autonomía dos diferentes ámbitos de goberno e de decisión política, desde o municipal ata o supraestatal, un escenario xa prefigurado, aínda que non suficientemente desenvolvido, polo proceso de construción de Europa.
57. O PSdeG-PSOE, asume a Galicia exterior como unha parte consubstancial da nosa identidade colectiva, coa que nos unen vencellos de solidariedade, de emprendemento común no marco dos retos da sociedade global.

14 
CONGRESO
7/8 DE D E C E M B R O

FEMINISMO, A APOSTA POLA IGUALDADE REAL

PSG^{DE}
PSOE

58. **3. FEMINISMO, A APOSTA POLA IGUALDADE REAL.**

59. Non se pode ser socialista sen ser feminista. O Partido Socialista é un Partido feminista que, desde hai 142 anos, veu defendendo e acompañando a loita das mulleres pola súa emancipación, pola igualdade de dereitos, liberdades, oportunidades, obrigacións e trato. As mulleres e os homes socialistas somos feministas porque pensamos que socialismo e feminismo son correntes de pensamento político que se entenden mellor de maneira conxunta porque ambas loitan contra todo sistema de explotación e de opresión.
60. A nosa proposta é un novo contrato social entre homes e mulleres destinado á construción dunha sociedade democrática e libre de inxustizas, con igualdade de oportunidades tanto no ámbito público como privado. E que debemos facer visible en nosa propia organización e estruturas internas.
61. O Partido Socialista foi o primeiro Partido que manifestou a súa determinación de incluír, entre outros movementos sociais, ao movemento feminista, para avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.
62. Hoxe en día seguimos construíndo o proxecto político socialista a través da loita das mulleres por mellorar a democracia, unha vontade colectiva materializada a través da política feminista de todos os Gobernos socialistas dos últimos 40 anos do noso país, que constitúen o mellor expoñente do feminismo socialista do século XXI.
63. O feminismo é unha proposta igualitaria e emancipadora que apela ao conxunto da sociedade, tanto aos homes como ás mulleres. É unha aposta política paritaria onde as políticas de igualdade deben ser transversais e impregnar o conxunto da nosa acción política.
64. Sen xustiza social para as mulleres, para máis da metade da poboación, non pode existir igualdade. O feminismo opera como instrumento que sostén e transforma o cambio de valores na sociedade, un motor xerador de dereitos e liberdades.
65. Partindo desa concepción, na actualidade, o noso partido é o referente da igualdade e a defensa dos dereitos das mulleres, o que mellor se identifica coa realidade e diversidade das necesidades das mulleres.
66. A nosa condición de militantes socialistas esíxenos un maior compromiso coa igualdade, garantindo o cumprimento do que somos en todos os niveis organizativos e da toma de

decisión na nosa propia organización. Só así garantiremos que a igualdade real e efectiva, non só sexa un obxectivo estratéxico do PSdeG-PSOE como partido político, senón un obxectivo estratéxico da sociedade española.

67. Aplicar a perspectiva feminista en toda a nosa acción política require de compromiso e de coñecemento. Así apostaremos por unha Estratexia Nacional pola Igualdade que se implantará no conxunto da Organización, coa participación e implicación de todos e todas as militantes dos diferentes niveis e áreas de responsabilidade dentro da organización.
68. Cabe recordar que o xénero é a construción social do sexo. É unha categoría analítica que explica os diferentes roles, tarefas e estereotipos que a sociedade asocia e presume de cada sexo.
69. Conseguir a igualdade entre mulleres e homes pasa pola supresión dos xéneros como constructos sociais limitantes, que negan expectativas e oportunidades e sosteñen a desigualdade estrutural entre mulleres e homes.
70. As políticas de igualdade, entendidas como as políticas responsables de acabar coa desigualdade estrutural entre mulleres e homes, non poden ser confundidas con políticas sociais nin con políticas de identidade. As políticas de igualdade traballan de maneira dual (políticas específicas e políticas transversais) en todos os ámbitos nos que as mulleres, en función do sistema sexo-xénero, están excluídas, subordinadas, discriminadas, violentadas ou non gozan plenamente dos seus dereitos de cidadanía: dereitos civís, políticos, sociais, económicos, laborais, sexuais e reprodutivos.
71. Só o Partido Socialista pode impedir o retroceso e garantir que a axenda feminista sexa imparable e que os dereitos das mulleres do mundo sexan a nosa prioridade como Partido de Goberno, que ten a capacidade de seguir transformando a realidade social para transitar polo camiño da igualdade.
72. Neste camiño para lograr a igualdade atopámonos coa consecuencia máis terrible das desigualdades, a violencia que sofren as mulleres, nas súas diversas dimensións. O maior problema que enfrontamos como país é o que debe interpelar a todos os poderes públicos do Estado. A violencia machista mata ás mulleres, subordínas ante a actitude patriarcal dos seus agresores negando a súa convivencia, a súa autonomía e a súa liberdade.
73. A Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero supuxo un fito sen precedentes no noso país baixo o mandato do presidente socialista José Luís Rodríguez

Zapatero. Supuxo a posta en marcha de numerosos recursos públicos para abordar esta violencia que golpea terriblemente á nosa sociedade con cada asasinato e con cada unha das mulleres que viven con medo e sen liberdade. Con todo, e a pesar dos grandes avances que se produciron, queda moito camiño por percorrer en materia de loita contra a violencia de xénero, tanto na atención como na prevención e a protección das vítimas.

74. Non existe democracia plena se non se garante a seguridade das mulleres, polo que apostamos pola renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e pola implementación dunha Estratexia Galega a coordinar entre a Xunta de Galicia e toda as administración locais.
75. A igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio fundamental da Unión Europea, recollido no seu Tratado de Funcionamento e na Carta dos Dereitos Fundamentais. Hoxe en día, este precepto reitor da UE é un obxectivo alcanzado de maneira parcial, quedando aínda moito camiño por percorrer e moitas resistencias que combater para acadar unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.
76. Grazas á axenda feminista dos diferentes Gobernos socialistas, estamos hoxe á vangarda en materia lexislativa de igualdade de dereitos entre mulleres e homes, liderando as políticas de igualdade e a transversalidade de xénero en toda a acción política en Europa.
77. Os e as socialistas temos a enorme responsabilidade de seguir promulgando leis e impulsando políticas públicas que sitúen os dereitos das mulleres como motor do fortalecemento das democracias, e como avance nos dereitos de cidadanía e garantía da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.
78. Deste xeito o PSdeG-PSOE tamén se declara partido abolicionista da prostitución. Ambicionamos unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, queremos construír unha sociedade onde os corpos das mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é aquel onde homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e trata de seres humanos.
79. A prostitución é unha vulneración dos Dereitos Humanos que está relacionada coa violencia, a marxinación, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal. Abolir a prostitución é un proceso que debe estar marcado por iniciativas lexislativas e cambios sociais, á vez que require de políticas públicas eficaces que ofrezan unha saída ás mulleres e fagan da prostitución unha práctica do pasado.
80. A división sexual do traballo e a desigual distribución do tempo de traballo en España, xunto aos mandatos de xénero establecidos socialmente, fai imposible a

corresponsabilidade e sitúa ás mulleres no centro dos coidados. Unha situación que se viu especialmente agravada pola pandemia da COVID-19.

81. Apostamos tamén por acabar coa brecha salarial e a mellorar as condicións de acceso, permanencia e promoción das mulleres no mercado de traballo como a equiparación da duración dos permisos por nacemento de fillo e filla de ambos os proxenitores, intransferibles e retribuídos ao 100%; a adopción de plans de igualdade obrigatorios en empresas de máis de 50 traballadores e traballadoras que inclúe a auditoría salarial; ou a recuperación das cotizacións á Seguridade Social para as coidadoras non profesionais do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
82. A mellora da entrada e promoción das mulleres nos mercados de traballo debe abordarse combinando a incidencia nos mercados de traballo e as estruturas económicas cunha mellor repartición dos traballos e os tempos entre mulleres e homes, e tamén entre as familias e a provisión pública dos servizos públicos e infraestruturas de coidados, á vez que avanzamos en novos dereitos en materia de conciliación que garantan que quen queira ter fillos, poida atendelos sen risco de perder o traballo.
83. Avanzar na consolidación do Estado do Benestar e establecer políticas públicas para os coidados eliminará o freo que supón a maternidade para as mulleres que traballan fóra de casa, por conta allea ou por conta propia, neste país. Non esquezamos que a crise sanitaria provocada pola COVID tivo unhas consecuencias sociais, familiares e laborais, que impactaron de forma particular nas mulleres e fixeron máis evidentes e agudas as brechas de xénero.
84. Esta situación afecta, actualmente, a moitos países e rexións de Europa, onde unha importante porcentaxe de mulleres aínda proporciona un elevado volume de coidados informais na contorna familiar. No entanto, esas políticas de redución de xornadas non poden estar illadas das políticas de tempos, de servizos de acompañamento psicosocial (para "coidar a quen coida"), da provisión de servizos públicos, e da regulación tamén dos sectores vinculados cos coidados privados.
85. A igualdade é unha prioridade para o PSdeG-PSOE, hoxe remarcada pola situación de maior vulnerabilidade de moitas mulleres tras a pandemia COVID-19.
86. O PSdeG-PSOE, que se vertebra no municipalismo, non pode obviar a situación das mulleres nas zonas rurais, nas diferentes comarcas do noso País, onde o risco de despoboamento é maior e as brechas de xénero agrándanse, especialmente a dixital e a do emprego.

87. As mulleres rurais teñen poucas oportunidades de acceder a un emprego, sostendo en maior medida o peso dos coidados e do traballo agrario non remunerado. Ademais, contan con menos oportunidades para emprender ou desenvolver proxectos innovadores. É evidente que, só fortalecendo o Estado do Benestar, as mulleres terán oportunidades de emprego no mundo rural. Así mesmo, e como vía para frear o despoboamento na contorna rural, resulta fundamental que se impulsen políticas públicas galegas que faciliten o emprego feminino.
88. Esta pandemia subliñou a importancia do sector primario no noso país, o mantemento da actividade agraria é garante de riqueza, emprego e sustentabilidade do territorio, así como a actividade marisqueira, fundamentalmente feminina. O papel das mulleres do ámbito rural é esencial para a cohesión social e territorial.
89. As políticas públicas tamén deben incluír a perspectiva de xénero no deseño das Axendas Urbanas, como elemento innovador que ha de ter en conta a perspectiva feminista para facer crecer e ordenar as cidades e municipios garantindo a liberdade e a seguridade das mulleres. Apostamos pola inclusión dun informe de impacto de xénero para a aprobación dos plans urbanísticos, que emitirá o órgano competente en materia de igualdade da administración correspondente.
90. Os desafíos da axenda feminista combinan loitas históricas con novos ou renovados retos que hoxe permanecen vivos, como son: a feminización da pobreza, consecuencia da división sexual do traballo; a precariedade laboral e salarial; a segregación ocupacional; a concepción xeneralizada da muller como sostenedora universal dos coidados e as dobres cargas de traballo.
91. Os retos pendentes obríganos como partido feminista a profundar e a loitar contra a violencia de xénero, a defender os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, a avanzar nunha conciliación corresponsable, incorporando a igualdade no emprego como factor crave, ou, en definitiva, a combater a desigualdade e todas as discriminacións que padecen as mulleres en todos os ámbitos da sociedade.
92. Non podemos conformarnos cando estamos aínda tan lonxe dunha igualdade real e efectiva en todas as ordes da vida ou cando comprobamos que a discriminación cara ás mulleres continúa limitando as oportunidades de máis da metade da poboación e dificultando un desenvolvemento político, democrático, social e económico pleno e inclusivo.
93. É o momento de avanzar para abordar a discriminación en cada un dos ámbitos de intervención política, traballando de forma transversal pola igualdade entre mulleres e

homes, profundizando nos cambios estruturais necesarios para que os avances en materia de igualdade consolídense.

94. Para o Partido Socialista a igualdade é o horizonte, o feminismo é o camiño.

14 
CONGRESO
7/8 DE DICIEMBRE

A MODERNIZACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

PSG^{DE}
PSOE

95. **4. A MODERNIZACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA**

96. A defensa dun espazo de acción económica para o Estado na economía de mercado é un eixo de referencia central do socialismo democrático. Fronte ao libre mercado, a intervención pública resulta necesaria para corrixir problemáticas de asignación, estabilización e tamén distribución. E nun mundo globalizado de Estados de carácter nacional e de mercados internacionais, o papel económico do Estado hai que entendelo coas restricións externas existentes. A COVID-19 marca un punto de inflexión, aínda que existe un contexto anterior que marca as problemáticas preexistentes.
97. Con anterioridade ao impacto da pandemia producida pola COVID-19, o mundo transitaba por unha contorna certamente inestable onde algúns paradigmas alimentados coa expansión da globalización comezaban a cuestionarse. O crecemento da desigualdade no seo da maioría dos países occidentais, os recortes nos Estados de Benestar europeos, a crise industrial, os problemas no comercio internacional ou a volatilidade financeira xeneralizada, entre outros factores, comezaron a xeneralizar a impresión de que as nosas sociedades non avanzaban na dirección que podería proporcionais estabilidade e progreso sostido.
98. Os gobernos de dereita impuxeran reformas que aos poucos socavaron as bases dos estados do benestar a forza de levar a cabo privatizacións e reformas que minguaban cada día máis fortemente os dereitos laborais. Ademais, tamén se erosionou o poder de negociación dos sindicatos, concentrando os recursos na contorna empresarial, e disparando os niveis de desigualdade nas nosas sociedades, sobre os que mesmo gobernos nacionais de esquerdas non lograban revertir ante a perda tamén do poder dos propios Estados nun marco económico e comercial internacional.
99. Sen apenas capacidade de manobra, debido á permanente erosión das bases impoñibles ante políticas tributarias conservadoras e os problemas para facer controlar a evasión e elusión fiscal dos recursos máis móbiles, o grao de progresividade dos nosos sistemas tributarios reduciuse, o gasto público perdeu forza como instrumento tradicional para o desenvolvemento de políticas públicas, e a dificultade de xeneralizar, como se puido facer antes, a provisión de servizos públicos de calidade, limitaron a súa capacidade para reducir a pobreza e a desigualdade, é dicir, a xeración de benestar social.
100. Unha incapacidade que igualmente se manifestou á hora de regular os mercados e fortalecer os sistemas de redistribución da renda, o que conduciu a que os partidos socialdemócratas centrasen as súas promesas noutras cuestións, en valores posmaterialistas, que aínda que se aliñan cos nosos principios clásicos orillaban o combate contra a desigualdade material que era difícil acometer nesa contorna global.

101. Unha das características máis salientables da economía contemporánea é o gran peso que teñen acadado as finanzas na vida económica xeneral, sobre todo as que mostran algún grao de internacionalización. Dende principios deste século a débeda ten acadado unha dimensión económica antes non coñecida, e dentro dela destaca a de carácter externo, que representa nada menos que o 185 % do PIB mundial. Con ese contexto de fondo, son varios os aspectos da vida social que teñen experimentado cambios significativos nas últimas décadas, e principalmente desde a explosión da grande crise no ano 2008. Un deses aspectos é a relación existente entre economía e política, entre o mercado e a democracia.
102. Paralelamente ao fracaso da paradigma neoliberal, produciuse a explosión de China como potencia económica. A expansión da súa influencia a escala global reforzou a configuración dunha contorna económica mundial onde os polos que sustentan a globalización se diversificaron: non só porque apareceu unha nova lóxica senón tamén redes e centros de decisión e poder económico complementarios aos Estados Unidos de América, tradicionalmente dominantes, sen apenas contrapeso desde a caída do muro de Berlín. Todo iso baixo o crecente poder tamén das grandes compañías internacionais.
103. Se a primeira fase de globalización liberal diluíra a autonomía da política económica das nacións, esta segunda que se abriu paso en Estados Unidos a partir de 2017 fixo saltar polo aire os consensos multilaterais da segunda parte do século XX.
104. Nese contexto, o socialismo democrático busca novas alternativas para implementar o seu modelo de prosperidade, igualdade e cohesión social nunha contorna moi inestable, na medida en que a globalización esixía maior cooperación internacional para desenvolver nosa propia axenda, e o discurso dominante neoliberal apuntaba en dirección oposta. Unha aposta ben difícil cando se han ir reducindo os espazos para o multilateralismo e diminuía a suficiencia financeira dos Estados.
105. Esta contorna global permitiu que a dereita puidese estar durante longos períodos no poder en moitos dos Estados occidentais e na Unión Europea, o que non só afectou aos países onde gobernou; tamén dificultou a posibilidade de desenvolver programas socialdemócratas nos países nos que si ocupamos instancias executivas.
106. A doutrina neoliberal dominante desde os anos oitenta foi reducir o gasto, equilibrar as contas públicas, reducir drasticamente os déficits e non endebedarse, aínda que todo iso nun plano teórico que asimilaba a economía pública coa familiar, a pesar de que ambas non poden compararse. Esa narrativa non se cumpriu.
107. As crises acaban sendo laboratorios que pon sobre a mesa a verdadeira natureza desas políticas. A Gran Recesión iniciada en 2007-2008 xa mostrou que a intervención pública

é imprescindible e a provocada pola pandemia da COVID-19 volveu a facelo con moita máis forza. O progresivo desmantelamento do sector e os servizos públicos das últimas décadas constituíu o auténtico factor de risco sistémico e non a pandemia en si mesma.

108. De feito, son os países e/ou as rexións onde se desmantelaron en maior medida os que están a ter máis dificultades para encarar o desafío presente. Como tamén o fixo a expansión do financiamento e unha distribución da renda favorable ao capital a través de políticas deflacionistas que controlaban a inflación e facían perder peso aos salarios nas economías nacionais.
109. O caso da Unión Europea é ben representativo respecto diso. Durante anos clamamos por unha revisión das regras fiscais no seo da Unión Europea e pola construción dun instrumento de investimento mancomunado que sacase á economía europea do letargo previo e posterior á crise financeira.
110. O deseño da zona euro desde o Tratado de Maastricht adoece dun verdadeiro control democrático e da existencia dun alicerce fiscal que, complementando a política monetaria e as propias políticas fiscais nacionais, permita ao conxunto da unión monetaria dispor dunha posición agregada aliñada coa situación no ciclo do conxunto da economía. Este baleiro pretendíase resolver mediante o Pacto de Estabilidade e Crecemento cun conxunto de regras orzamentarias destinadas non só a evitar comportamentos non sustentables por algúns Estados, senón tamén a ofrecer espazos de manobra para a política fiscal anticíclica. Certamente, ambos os obxectivos non se cumpriron nin coas regras iniciais nin coas modificacións que se han ir introducindo nas últimas décadas. É máis, algunhas desas reformas dificultaron aínda máis a posta en marcha de políticas fiscais anticíclicas, ademais de complicar o despregamento de investimentos, destinadas a mellorar a capacidade de crecemento e a cohesión social do conxunto da Unión e, polo tanto, dos propios Estados.
111. Os cambios demográficos, a revolución tecnolóxica e a apertura dos mercados globais estaban a inflar as bolsas de aforro en todo Occidente, reducindo os tipos de interese de equilibrio, sen resposta en termos de investimento. Tendo en conta que a transición enerxética, o desenvolvemento da innovación e o combate á desigualdade necesitaba de novos estímulos públicos que esa maioría conservadora en Europa impedía con afán.
112. A crise derivada da pandemia da COVID-19, a diferenza da sufrida fai xa máis dunha década, podería sintetizar unha novo paradigma, máis próximo ás condicións de contorna necesarias para a reformulación da política económica e asentamento sobre unha base progresista. O reto da esquerda é liderar esa revisión e lograr un amplo respaldo social para tal misión.

113. O consenso europeo para dar unha resposta á crise económica derivada da pandemia dela COVID-19, liderado polo Goberno español, a percepción de inseguridade non só sanitaria senón ante os novos motivos de infortunio neste mundo incerto, o consecuente aumento da pobreza e a desigualdade e, por último, a urxente recuperación da efectividade da acción colectiva, están a cristalizar unha novo paradigma. A chegada da nova administración en Estados Unidos a partir de 2021 ofrece tamén unha oportunidade para revisar unha axenda atlántica e mundial centradas nos problemas de desigualdade e pobreza. Porque non podemos esquecer que non seremos capaces de acometer unha auténtica transición ecolóxica se non conseguimos diminuír as desigualdades das nosas sociedades.
114. Atopar mecanismos e vías para conciliar democracia e mercado, é agora mesmo un dos principais desafíos da política democrática. Os/as socialistas galeg@s queremos defender a importancia da democracia e da participación política da cidadanía para decidir as políticas públicas en tempos en que os mercados teñen un gran poder. Por iso apostamos pola democracia e a política democrática.
115. A PRIORIDADE DO EMPREGO
116. Durante os últimos anos o paro aparece en tódalas estatísticas como o gran problema dos cidadáns, especialmente entre os máis mozos. Un problema que moitos non ven xa como algo conxuntural, senón como algo que se prolongará polo menos nas próximas décadas.
117. Fronte a este pesimismo da sociedade que está xerando unha preocupante desafección política, o PSdeG-PSOE ten que representar, unha vez máis, a esperanza do cambio, como xa o foi dende os seus comezos, loitando pola xustiza social fronte a un capitalismo sempre tendente a desbocarse; durante a Transición, alcanzando reformas progresivas que melloraron as condicións de vida dos traballadores e traballadoras; e neste novo tempo, achegando políticas de emprego realistas pero audaces.
118. Os e as socialistas reafirmamos o noso compromiso co pleno emprego de calidade e estable e os salarios dignos como parte central do novo Contrato Social que propomos. O traballo segue representando a principal vía de acceso aos recursos e de inclusión social e participación democrática. O socialismo naceu fai xa máis dun século para combater as desigualdades de clases e a explotación laboral e mellorar as condicións de traballo dos cidadáns e das cidadás.
119. Aínda que co tempo debemos ir incorporando a loita contra outros eixos de desigualdade, traballando pola emancipación de todos os xeitos de explotación e combatendo as desigualdades, reiteramos tal obxectivo e, por iso, traballamos para

transformar as nosas economías e os nosos mercados de traballo cara á consecución do pleno emprego e os salarios dignos, como elementos centrais da cohesión.

120. O dereito ao traballo e a súa dignificación deben estar entre os obxectivos centrais das políticas socialistas, atendendo aos Principios do Traballo Decente da OIT. As ofensivas neoliberais e das dereitas para degradar o traballo na escala de valores sociais, co obxectivo de reducir o seu custo como mera mercadoría ou factor de produción, deben ser combatidas cunha estratexia global de promoción e defensa do traballo e da súa calidade. Por iso, a defensa do valor do traballo digno e o reforzamento das alianzas coas organizacións sindicais deben incluírse entre os obxectivos prioritarios da estratexia do PSdeG-PSOE como unha forma de mellorar a redistribución dos beneficios, sobre todo agora que o mundo do traballo está a sufrir cambios veloces, coa revolución dixital, que debuxan un futuro incerto.
121. As organizacións sindicais de clase forman unha parte esencial no armazón produtivo e laboral do noso país, para a defensa dos intereses das persoas traballadoras. O PSdeG-PSOE fomentará, en todos os ámbitos, un diálogo permanente e disposición ao acordo, coas organizacións sindicais de clase máis representativas, buscando concitar o máximo consenso posible coas organizacións empresariais, en aras a facilitar procesos de concertación, sobre os asuntos sociais e laborais que lles resultan propios, avanzando en democratizar as relacións laborais e o benestar da cidadanía.
122. Este propósito esixe, en primeiro lugar, dispor dun sector público coa capacidade de incidir adecuadamente sobre a economía, camiño que, hoxe en día, pasa por profundar as reformas nacionais nesta dirección, no marco da integración da Unión Europea para fortalecer as ferramentas comúns de política social, fiscal e monetaria. Se algo puxo de manifesto a crise pandémica da COVID-19 é a enorme relevancia do “público” e das empregadas e empregados públicos para conformar un desenvolvemento máis eficiente e equilibrado.
123. Este proceso debe levar aparellado unha redefinición da estrutura produtiva do noso país. Está pendente unha revisión profunda tanto da súa estrutura sectorial como do conxunto do marco regulatorio, que deben ir acompañadas da implementación de políticas de investimento que coadxuven a unha mellora do valor engadido das nosas actividades económicas, deixando á marxe a senda ideolóxica neoliberal que defende a desvalorización salarial como estratexia competitiva. Todo iso debe converxer nunha modernización da nosa economía, que permita á súa vez un incremento dos niveis salariais e a calidade e estabilidade do emprego.
124. A transformación acelerada de todas as economías occidentais no marco das transicións dixital e ecolóxica, e a necesidade de avanzar cara a unha nova organización social dos coidados nunha sociedade que envellece, está a incorporar novos desafíos sobre o

mundo do traballo. Para o PSOE estas transicións deben ser xustas: ninguén se pode quedar atrás. Os sacrificios vinculados a estas transicións deben repartirse de maneira equitativa, o que esixe asumir que o mercado por si só non reduce as desigualdades e que é necesaria a intervención dos poderes públicos.

125. Ademais, o noso país arrastra problemas moi profundos, con taxas insustentables de desemprego xuvenil e de persoas en desemprego de longa duración, con brechas de xénero no acceso, o salario e a promoción no emprego. Debemos superar a existencia de taxas de desemprego permanentemente por encima da media europea, non debemos resignarnos a convivir con serios desaxustes que afectan moi negativamente a mozos, maiores e mulleres.
126. Neste contexto, unha gobernanza socialista das revolucións dixital e ambiental, así como o desenvolvemento dun sector dos coidados con condicións de traballo decentes, poden xerar novas oportunidades de emprego. Resulta fundamental neste sentido fomentar a economía social e o autoemprego mediante programas de acción local que inclúan medidas de formación, orientación, avaliación e apoio empresarial, necesarias para o establecemento dun negocio, incluíndo, ademais, ferramentas conxuntas ante posibles situacións adversas especialmente orientadas ás persoas con maiores dificultades para atopar un emprego como mulleres, novas e maiores. Con todo, se non realizamos estas políticas, estas transicións poden contribuír a intensificar ou cronificar os nosos problemas.
127. A revolución dixital incorpora novos desafíos ao mundo do traballo. Se atendemos ao ocorrido noutras revolucións tecnolóxicas, a longo prazo, este proceso permitirá unha reasignación das actividades humanas e o desenvolvemento de novas necesidades o que, unido ao envellecemento da poboación nas próximas décadas, non conducirá a incrementar os niveis de desemprego crónicos de maneira permanente.
128. Con todo, a curto prazo, a revolución dixital pode xerar problemas -aumentos temporais do desemprego, desaxustes formativos, etc.- que esixen unha resposta acertada desde o socialismo e que pasa por unha participación activa desde os poderes públicos, transformando a política económica e o marco de relacións laborais cara a unha distribución do poder menos desigual que a actual.
129. A aposta socialista pasa por aprender a regular os poderes económicos que actúan na dixitalización para que non sexan xeradores de novas desigualdades, o que esixe un goberno democrático da revolución dixital para conseguir que esta sexa “liberadora” e non “escravizadora” e xeradora de máis desigualdade.

130. O papel da regulación laboral e o goberno social dos cambios convértense así nos elementos máis determinantes e cruciais desta época e da proposta socialista. As Administracións públicas deben acompañar este proceso e especialmente deben implicarse na mellora activa para a calidade e a estabilidade do emprego e a adquisición de competencias dixitais, evitando con iso novas brechas laborais e convertendo o proceso nunha gran oportunidade no que ninguén quede excluído cunha clara aposta pola alfabetización dixital. A inclusión dixital debe incluír a elaboración de oferta formativa específica orientada aos sectores máis afectados, e o desenvolvemento de infraestruturas con especial atención ás cidades máis pequenas e os territorios rurais.
131. Á súa vez, a transición enerxética representa tamén unha oportunidade para conducir as nosas economías cara a uns estándares de produción, consumo e investimento aliñados co combate contra o cambio climático, contribuíndo tamén ao incremento do valor engadido da nosa actividade económica. Con todo, a curto prazo, enfrontámonos tamén a problemas de relocalización do emprego e das capacitacións para esas reconducións das carreiras profesionais. Por esa razón, a propia Comisión Europea incorporou o concepto de “transición xusta”, de forma que non quede ninguén abandonado como consecuencia dos efectos produtivos, territoriais e sobre o emprego que necesariamente ocasionará a transición verde. Os axustes laborais e vitais que esixen o combate do quecemento global só poden aceptarse se se garante unha distribución xusta do esforzo e as oportunidades.
132. A enerxía é un ben de primeira necesidade, tanto para os fogares, como para o sistema produtivo, con especial incidencia na industria básica intensiva en consumo enerxético. A volatilidade dos prezos dos combustíbles e o seu impacto no prezo da electricidade fan indispensable un papel especialmente activo do Estado para facilitar o acceso a enerxía a prezos razoables, estables e predicíbles; para evitar distorsións en prezos e a súa afección aos consumidores vulnerables.
133. Temos un gran potencial para producir enerxía a menor prezo que outros países europeos, para aproveitar as oportunidades industriais e de servizos enerxéticos da transición e fortalecer iniciativas que favorezan unha transición ecolóxica xusta, a través da diversificación da produción, con actividades limpas.
134. En termos xerais, nas últimas décadas configúrase unha burbulla de traballadores coa posibilidade de rendibilizar as vantaxes dese mercado global con sinxelo acceso a través das novas tecnoloxías. Mentres, por outra banda, xeráronse bolsas de traballadores e traballadoras que desenvolven tarefas máis rutineiras que perfilan traballos, mesmo “micro-traballos”, moi pouco remunerados, inestables e sen perspectivas a medio prazo. Todo isto foi agudizado polo impacto da COVID-19 con riscos adicionais, por exemplo, no ámbito da saúde psicosocial.

135. O contexto xerado na anterior crise, de desemprego e xeneralización da temporalidade e da precariedade salarial, segue a impedir un desenvolvemento normal dos plans de vida de moitos cidadáns, ensañándose especialmente nos colectivos máis vulnerables: mulleres, mozos, desempregados de larga duración, ou maiores de 45 anos. Colectivos que están vendo quebrantados os seus dereitos e ós que o PSdeG ten que dar saída, xerando políticas activas de emprego, con inversións dotadas suficientemente, que axuden a rexenerar as clases medias galegas.
136. Fronte a esta situación, dende o socialismo galego debemos impulsar políticas activas de emprego e de formación, dándolle á xuventude a confianza e a esperanza necesaria para que abandonen o decaemento, ofrecéndolles unha Galicia de futuro, terra de oportunidades, da que non teñan que seguir emigrando.
137. Os Socialistas e as socialistas galegas temos que garantir a igualdade de xénero no mercado laboral, tanto en salarios como asegurando as oportunidades de crecemento profesional e fomentando a conciliación da vida laboral coa familiar, recuperando unha poboación activa feminina que na última década retrocedeu por primeira vez na nosa historia, cunha fenda salarial entre sexos superior ó 24% e unha taxa de precariedade 3 puntos superior á dos homes. Ademais o 79% das persoas que traballan a tempo parcial son mulleres.
138. Por todo iso, debemos avanzar nunha estratexia horizontal co obxectivo de alcanzar o pleno emprego de calidade e estable, con salarios dignos, abordar os desaxustes da revolución dixital e ambiental, e liquidar os problemas estruturais derivados da crecente precariedade laboral e as consecuentes reducidas oportunidades ás que se enfrontan grupos moi amplos de traballadores e traballadoras.
139. A evolución do mercado laboral en Galicia afondou na rebaixa salarial e na precarización, o que provocou que a contratación indefinida sexa menor, unha utopía para moitos traballadores, mentres que a contratación temporal seguiu ascendendo ata supor máis dun 80% das novas contratacións, que ademais se dividen en modalidades como o contrato a tempo parcial, contratos semanais ou contratos en prácticas, que non permiten xerar estabilidade e seguridade nos traballadores.
140. Para lograr o seu obxectivo de flexibilidade e liberalización abusivas, o PP non deixou de minar ao movemento sindical, debilitando o poder negociador da clase traballadora para que a oferta e a demanda de traballo puideran operar libremente, obrigando a aceptar salarios á baixa e empregos inestables, así como facilitando o despido. Isto fixo que o número de convenios asinados en Galicia se reduciра ostensiblemente, igual que o número de traballadores/as acollidos a eses convenios.

141. O Socialismo galego, nado da loita obreira, sabe ben que non pode haber emprego de calidade sen sindicatos fortes, por iso, se queremos combater estas medidas conservadoras e apostar por solucións que garantan o noso futuro como país, con empregos de calidade e salarios dignos, onde o traballo produtivo reciba remuneracións apropiadas, temos que promover unha alianza cos sindicatos, co dobre obxectivo de desenvolver un modelo de crecemento e un marco laboral baseado no diálogo social e na negociación colectiva, preservando a forza vinculante dos convenios e promovendo novas formas de organización dos traballadores a tempo parcial, autónomos ou independentes. Temos que recuperar o equilibrio de poder entre os traballadores e os empresarios, que o PP inclinou decididamente a favor dos segundos.
142. Temos que potenciar a estabilidade e a calidade no emprego; temos que reducir a temporalidade e a utilización causal da contratación. Temos que mellorar a regulación e a protección do emprego, potenciando a Inspección de Traballo e a coordinación cos sindicatos para perseguir prácticas abusivas, como a contratación de falsos autónomos/as e falsos bolseiros/as por parte de empresas e incluso da Administración.
143. A formación tamén é unha prioridade para o PSdeG, xa que se trata dun factor determinante para que os desempregados poidan atopar emprego e os traballadores poidan manter unha profesionalización crecente que sexa útil para o mantemento e produtividade das súas ocupacións. Os itinerarios de formación para desempregados/as e a formación profesional dual deben xogar un importante papel na procura dunha Galicia cun alto nivel de formación que redunde nunha maior produtividade e conseguintemente, na creación de empregos de calidade.
144. A economía global está cambiando por causa da revolución tecnolóxica ou a robotización, dando lugar tamén a novos empregos e novos modos de produción. Galicia, que conta coa xeración mellor preparada e altamente cualificada da súa historia, non pode desaproveitar este capital humano e as posibilidades laborais da economía dixital, que supón un factor fundamental para xerar un maior crecemento e unha economía moderna, resistente ós efectos das crises. Para iso o PSdeG debe fomentar o estudo e a formación para o desenvolvemento das novas competencias necesarias nesta nova economía, así como impulsar a investigación e a innovación tecnolóxica, xerando un traballo cualificado que redundará en maiores niveis de produtividade, maior competitividade e un maior nivel de renda por habitante, xa que a cualificación é un factor de valor engadido.
145. En resume, os diferentes gobernos da Xunta de Galicia, baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo non foron quen de crear no entorno macroeconómico galego, do que depende a actividade económica e a creación de emprego, as condicións para a creación e o reparto da riqueza, nin tampouco foi quen de crear o marco institucional que precisa o mercado de traballo galego para crear máis e mellor emprego. Todo o contrario. Esta é a realidade que o PSdeG ten que afrontar e facerlle ver á mocidade, ás persoas en

desemprego ou ás persoas con traballo precario, aos doente, ás persoas pensionistas, que sustentan familias enteiras de esquecidos do mercado laboral, aos cidadáns e ás cidadás en xeral, abríndolle os ollos a unha Galicia nova, cargada de futuro.

146. Para volver á senda do emprego estable, digno e de calidade é necesario que @s socialistas de Galicia elaborem unha estratexia concertada con axentes económicos e sociais para crear un marco de oportunidades, presente e futuro para o nos País, porque a precariedade non crea emprego, crea desigualdade e frustración vital.

147. RESPOSTA Ó DESAFÍO DEMOGRÁFICO

148. A problemática demográfica constitúe unha cuestión fundamental e relevante, un auténtico tema de país, pois é un factor determinante e de máxima importancia para o noso futuro. Un enorme reto ao que ten que facer fronte a nosa Comunidade.

149. Incidir positivamente na súa evolución, é un dos obxectivos centrais que os e as socialistas propugnamos ante calquera toma de decisión para Galicia, cunha formulación fóra de calquera lóxica conxuntural ou de curto prazo. Porque cun saldo vexetativo negativo e un avellentamento tan acusado, se está a pór en perigo a mesma substitución xeracional que a sociedade galega necesita.

150. Incidir nas variables demográficas require un fondo cambio de actitude que remate con calquera clase de resignación ou pasividade. Partindo dunha análise que non debe limitarse soamente a un estudo parcial dos determinantes da fecundidade, senón que debe ter en conta aspectos relevantes, dende o avellentamento progresivo da nosa sociedade, ca problemática específica en canto á concentración espacial da poboación, ata as interrelacións que os comportamentos demográficos teñen con ámbitos fundamentais como o do mercado de traballo, a vivenda, a igualdade de xénero ou os movementos migratorios.

151. Cuns obxectivos encamiñados cara á elevación dos índices de fecundidade e inmigración, e tendo en conta a relevancia específica dos retos do avellentamento poboacional na dimensión territorial, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, e o interior das de Coruña e Pontevedra.

152. Propugnamos ademais que calquera estratexia para a revitalización demográfica contemple medidas operativas que podan ser controladas, avaliadas e revisadas, que teñan pois un carácter cuantificable e temporalizable. Propostas que requirirán dun substancial aumento orzamentario no gasto a realizar por parte das administracións públicas, especialmente do goberno de España e da Xunta de Galicia.

153. Para todo o cal deberá lograrse o máximo consenso político e social posible, tal que implique poñer en marcha as necesarias propostas e medidas sostibles a longo prazo, deixando ao marxe intereses partidarios ou corporativos, para centrarse en obxectivos e instrumentos operativos que contén cun amplo respaldo.
154. Desafortunadamente, o actual executivo autonómico presidido polo Partido Popular non tivo en conta tales premisas, e as propostas que os e as socialistas en diversas ocasións nos últimos anos formulamos non foron consideradas existindo unha falla de resposta real do goberno galego a estas cuestións.
155. O crecemento demográfico é un compoñente esencial para o benestar social e o desenvolvemento económico de Galicia, cuxos eixos de actuación básicos deben implicar:
156. Favorecer a incorporación da muller ao traballo, a conciliación da vida laboral e familiar e a estabilidade no emprego de mozos e mozas, avanzando cara a un novo consenso social ao redor da planificación horaria.
157. A extensión dos servizos sociais, tanto na súa dimensión de facilitar a crianza dos fillos, incluído o aumento de prazas públicas en escolas infantís, como de atención ás necesidades derivadas do avellentamento da poboación.
158. Facilitar a emancipación da xuventude, a través do acceso á vivenda en réxime de propiedade ou aluguer, así como outras medidas de apoio, vinculadas en moitos casos a formación.
159. Impulsar a mobilidade laboral e o saldo migratorio positivo para Galicia, con políticas que teñan en consideración aos galegos/as no exterior e as políticas de integración dos inmigrantes.
160. Impulsar unha política de incentivos en distintos campos, e singularmente na utilización da fiscalidade e incentivos propios da Xunta de Galicia.
161. Promover a fixación de poboación nas zonas de forte despoboamento, contrarrestando a tendencia á polarización espacial interna, incluíndo o apoio público a medidas favorecedoras ao medio rural, tanto no ámbito dos servizos sociais nun senso amplo, como da discriminación positiva nos mecanismos de apoio as actividades económicas e a creación de emprego.

162. UNHA POLÍTICA INDUSTRIAL E DE I+D+i. O CAMBIO DE MODELO, TRANSICIÓN XUSTA.
163. A xestión do goberno de Núñez Feijóo, despois de doce anos, en materia de política industrial e en I+D+i non pode ser máis desoladora: dismantelamento de varias actividades industriais, fuxida de empresas cara o norte de Portugal, desemprego e inversión en I+D+i nun dos peores niveis da UE e afastados da media estatal. A carencia dunha política económica propia para o país ten levado a unha situación de progresivo esmorecemento da industria, o sector empresarial e a innovación en Galicia. Feitos que resultan consecuencias directas da mala organización da xestión económica, comezando pola propia organización do IGAPE e das entidades promotoras da xestión da I+D+i como GAIN ou AMTEGA.
164. Pero esta situación empeora se a unimos a unha total falla de visión de futuro ante o gran reto do cambio climático. O cambio climático non é só unha ameaza medioambiental. Chegou para quedarse e é preciso afrontar os retos dunha economía baixa en carbono e circular, innovadora e eco-eficiente. E este feito é transcendental pois afecta a toda a cadea de valor da economía galega e internacional. As necesidades de eficiencia no consumo de recursos, materias primas e organización para facer fronte a este cambio de escenario precisa un enfoque integrado do que Galicia carece agora mesmo, tendo presente que as cifras da industria galega non invitan á esperanza.
165. O ciclo da produción industrial galega ven sendo claramente descendente dende o ano 2010. O pouco pulso da demanda, tanto española como europea, está detrás deste comportamento. Observando a evolución da economía galega apreciase como o sector industrial non termina de alcanzar sequer o 20% de peso no conxunto da economía galega. Estamos por debaixo da media española e especialmente lonxe de economías situadas tamén no norte peninsular como Cataluña e País Vasco. Realidades como esta explican que Galicia sexa a unha das comunidades autónomas do norte de España coa taxa de paro máis alto.
166. O sector estritamente manufactureiro en Galicia apenas chega ao 13,30% do PIB galego. Dende que Feijóo chegou ao poder en 2009 houbo unha caída continuada do VEB superior ao 20% neste sector. A fragilidade industrial crecente da nosa economía require dunha Estratexia Galega de Modernización Industrial e Competitividade para competir con países con altas taxas de I+D e outros de baixos custos laborais e medioambientais. É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da Industria 4.0.
167. A aprendizaxe da crise da COVID-19 tamén levaron á UE a reconsiderar, en maio de 2021, a súa estratexia industrial, situando no centro o concepto de autonomía estratéxica, concepto que tamén debe ser central na política industrial do noso país. A configuración

das cadeas globais de valor no contexto actual require abordar os riscos de fallos nos abastecementos de produtos esenciais ou estratéxicos. É necesario paliar a vulnerabilidade vinculada a depender dun ou uns poucos países provedores, moi afastados xeográfica e/ou politicamente.

168. A aposta socialista é reforzar o noso tecido industrial para asegurar unha maior autonomía estratéxica na fabricación de produtos en sectores esenciais ou estratéxicos, promovendo medidas que permitan aumentar a escala das nosas empresas e fomentar o emprendemento nestes sectores.
169. O modelo organizativo da industria instalada en Galicia está a mudar ante a nova competencia internacional, como tamén o están a facer as estratexias para poder participar con éxito no mercado mundial. Neste senso, é preciso entender que o sector industrial galego debe apostar por estratexias que garantan a supervivencia da propia industria nunha economía cada vez máis globalizada nun contexto de economía galega no que estamos por debaixo da media europea en gran empresa e temos un importante número de PEMES que precisan axuda, por non falar do abandono da política de emprendemento e o apoio aos autónomos/as, a necesidade de reequilibrar territorios e ter especial sensibilidade con zoas con dificultades industriais específicas.
170. Os pilares da política industrial que os e as socialistas queremos promover poden así resumirse, dun lado, no estímulo da transformación estrutural da economía facilitando o transvase do emprego cara actividades intensivas en coñecemento con rateos de produtividade maiores; e por outro, na reforma das regras e normas formais e informais (leis, normativas, valores, practicas empresariais e políticas, etc.,) que determinan os incentivos do noso capital humano para o emprendemento, para incrementar a eficiencia na utilización dos recursos e para desenvolver en xeral as capacidades que garanten un crecemento sostido da produtividade.
171. A política industrial de Galicia debe por tanto, camiñar cara dous obxectivos:
172.
 - a) Impulsar e xerar, dende o diálogo social, as condicións para a mellora da competitividade, innovación, modernización, financiación, expansión e crecemento das PEMES galegas no seu camiño a construír mellores e grandes empresas dende un enfoque eco-eficiente.
173.
 - b) Impulsar a Industrialización, a aparición de novas industrias e proxectos empresariais, así como a captación de inversións que xeren emprego e valor engadido tendo en conta os desafíos do cambio climático.

174. Outra cuestión determinante na análise da industria en Galicia é a súa localización territorial. Son aínda escasas as relacións de complementariedade existentes entre os diferentes núcleos industriais galegos. Non se constata a existencia dun sistema de redes que vertebre o conxunto do territorio galego dende o punto de vista industrial nin un enfoque, necesario de especialización dos polígonos industriais. A realidade é que o peso do sector industrial en Galicia non alcanza o 20% en ningunha das catro provincias da comunidade autónoma namentres que en Europa a media se sitúa no 30%.
175. Lembremos que o noso Estatuto de Autonomía, no seu artigo 30, sinala que lle corresponde á Comunidade Autónoma o fomento e planificación da actividade económica en Galicia, polo que o peso da política industrial galega compete á Xunta de Galicia. Galicia precisa, xa que logo, ter unha política económica que teña como obxectivo velar polas condicións estruturais básicas da economía galega. Unha delas é, sen dúbida, ter un enfoque propio sobre o solo empresarial.
176. Carecer dunha infraestrutura tan básica como o solo empresarial urbanizado foi, e segue a ser, un dos principais estrangulamentos no desenvolvemento da industria en Galicia. O caso da zona de Vigo é especialmente paradigmático na historia da nosa comunidade autónoma, feito agravado pola progresiva fuxida de empresas a veciña Portugal.
177. Os e as socialistas apostaremos por ter un enfoque propio de industrialización, promoción e xestión do solo industrial, e por medidas concretas que aposten pola especialización, a complementariedade e as políticas transversais no solo industrial.
178. Así mesmo, debemos comezar a ver e deseñar os parques e áreas empresariais como un todo, no que debemos preocuparnos tamén polas súas dotacións e espazos, aplicando políticas transversais para conseguir un triplo obxectivo: parques eco-eficientes, parques conciliadores e parques conectados e dixitalizados.
179. A política de I+D+i ten amosado tamén neste anos un forte retroceso. Os recortes orzamentarios no ámbito do I+D+i, dende que goberna Feijóo teñen acadado os 150 millóns de euros, pero o que aínda é mais grave, é que das minguantes cantidades orzamentadas, deixáronse sen executar en torno a 200 millóns de euros, o que amosa a elevada incompetencia na xestión.
180. Todos os datos de carácter cuantitativo mostran que a fenda co conxunto de España está a aumentar, a pesares da publicidade e a propaganda. A pesares do mantra da “**Industria 4.0**” do PP, a realidade é que Galicia ocupa un modesto décimo lugar a nivel estatal e reduciu o seu esforzo en I+D+i durante o goberno Feijóo nun 25% mentres a Estratexia de Especialización de Galicia RIS3 non dou os froitos desexados pola falla de recursos.

181. Tense producido tamén, na nosa opinión, unha debilidade do modelo, pois hai un error centrando os esforzos de maneira case exclusiva na Axencia Galega de Innovación, e incidindo moito menos, na investigación básica e aplicada, onde o papel das administracións públicas debería de ser máis relevante (como actor e como impulsor), pero é certo que a investigación básica permite moitas menos doses de publicidade e propaganda.
182. A modernización de Galicia pasa por deixar atrás as políticas conservadoras e de recortes e apostar por un modelo económico que xunto a sectores tradicionais incorpore actividades innovadoras, empresas de base tecnolóxica, parques científicos e tecnolóxicos, ... Pero o goberno de Feijoo non é quen de dar un pulo á modernización e dinamismo innovador da economía galega. A aposta pola innovación é unha cuestión de presente e de futuro, e é fundamental para incrementar a competitividade das nosas empresas.
183. Os e as socialistas apostamos por converter ao I+D+i nun eixo de referencia das nosas propostas políticas como alternativa para gobernar a Xunta de Galicia, con maior atención nos presupostos e apostando polo talento da xente nova e dos centros asentados, potenciando a innovación e a investigación nas universidades, centros públicos e empresas privadas ao servizo de Galicia e da súa economía, como tan ben están a desenvolverse noutras comunidades como o modelo do IBERBASQUE.
184. É por iso que o PSdeG é consciente de que a innovación é unha peza fundamental do noso modelo de crecemento e competitividade da nosa economía e precisamos un enfoque claro e ambicioso neste eido, cun novo Plan Galego de I+D+i. Nos vindeiros anos ao labor político e institucional do PSdeG en materia de industria debe ter as seguintes liñas de traballo:
185. Reformar a gobernanza da política industrial en Galicia – Promovendo a revisión da estrutura administrativa en materia industrial, claramente fragmentada e ineficaz, especialmente o labor do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que precisa unha clara refundición e redefinición.
186. Recuperar o diálogo social – O PSdeG deber propoñer unha política industrial consensuada cos axentes sociais facendo do diálogo social un compromiso político coa sociedade e unha ferramenta de acordo e lexitimación das súas propostas para o país. Para iso, promoveremos acordos cos sindicatos e representantes do traballadores e coa Confederación de Empresarios de Galicia.

187. Mellorar a competitividade dos factores produtivos clave – Apoiando as melloras loxísticas e o redeseño de procesos cara unha industria mellor formada, organizada e xestionada que aposte pola hibridación coa universidade e os centros tecnolóxicos.
188. Reconstruír a política de emprendemento – Distinguindo nitidamente a política de emprendemento da política de creación de empresas para centrar a intervención naquelas iniciativas máis intensivas en coñecemento e de maior risco asociado e impulsando a coordinación das redes de viveiros, incubadoras e aceleradoras de proxectos das diferentes institucións públicas que operan en Galicia dende o local ao estatal e de carácter público e privado para coordinar a súa acción e avaliar as necesidades existentes.
189. Favorecer a transición cara a descarbonización e desmaterialización das plantas industriais e apostar polos proxectos industriais ligados ás enerxías renovables– Apoiando o redeseño de procesos eco-eficientes orientados a minimizar o consumo de recursos (materias primas, auga, envases, embalaxes, etc.) e emisións, a través do uso de fontes de enerxía renovables e implantación das mellores técnicas dispoñibles e priorizando as actividades de i+d+i empresariais e tecnolóxicas enfocadas á mellora da sostenibilidade enerxética e medioambiental.
190. Mellorar o atractivo de Galicia para recuperar actividades deslocalizadas e estimular a incorporación de novas actividades manufactureiras– A través dunha clara e ben coordinada política de internacionalización e de atracción de empresas e actividades produtivas actualmente desenvolvidas fora de Galicia. Para elo debemos revisar en profundidade a nosa acción exterior de promoción.
191. Novo coñecemento para a industria– A través do desenvolvemento de novas actividades industriais vinculadas ao novo coñecemento require a formación dun entorno propicio ou ecosistema para tales actividades e o apoio á modernización tecnolóxica e á incorporación da industria manufactureira galega na xeración avanzada da industria 4.0
192. O PSdeG-PSOE aposta por aproveitar os recursos dispoñibles para producir enerxía verde mediante o desenvolvemento das enerxías renovables e a tecnoloxía que este desenvolvemento leva. Por suposto, preservando e compensando o impacto da industria relacionada coas enerxías renovables no equilibrio produtivo e ecolóxico en xeral e, especialmente en de a contorna rural, de forma que non afecte ao correcto desenvolvemento, en termos socioeconómicos, da nosa sociedade.
193. Neste sentido, o paraugas europeo do Green New Deal ofrece un marco xeral de actuación, acompañado do Mecanismo de Transición Xusta, para evitar que ningunha persoa e ningún territorio quede atrás.

194. Por outra banda, estes esforzos europeos para lograr unha redución das emisións netas deben ser complementados con elementos que imposibiliten a fuga de carbono a terceiras xurisdicións. Se o empeño europeo para transformar a nosa economía acaba xerando unha deslocalización de actividades a terceiros países con moi menores normas ambientais, a nosa estratexia podería diluírse ante o incremento das emisións noutras zonas do globo. Deste xeito, para garantir os resultados dos nosos compromisos, Europa debe dotarse dun Mecanismo de Axuste do CO2 en Fronteira que internalice tamén os custos das empresas de terceiros países e os das europeas que producen no exterior, como ferramenta adicional para comprometer unha maior ambición tamén na comunidade internacional, que os e as socialistas apoiamos.
195. Retos especiais afronta tamén o sector enerxético, especialmente, no ámbito eléctrico. O noso país dispón dunha folla de ruta certa para dotarnos dunha capacidade instalada renovable, onde podamos contar con algunhas enerxías de respaldo con mínimas ou nulas emisións. Este camiño acompáñase dunha revisión do marco regulatorio do sector que combina un mercado de capacidade, onde a demanda é exercida polo Estado como elemento central da transición e a garantía da subministración, xunto a un mercado anuncio que emita os sinais necesarios para incentivar tamén o aforro enerxético por parte dos consumidores finais. Esta estratexia conduce á súa vez a unha redución significativa dos prezos da electricidade, coadxuvando á competitividade da economía, especialmente das empresas altamente consumidoras de enerxía.
196. En todo caso, a curto prazo, poderíamos observar episodios de volatilidade nos prezos que contaría con mecanismos complementarios de compensación para que non se comprometa a competitividade das nosas empresas e, sobre todo, para evitar un impacto negativo nos fogares, especialmente naqueles con menos recursos. O compromiso socialista pola transición ecolóxica non pode desligarse da nosa histórica aposta pola equidade e por dar resposta ás necesidades dos máis vulnerables.
197. Estes retos da transición que se combinan co incremento dos prezos dos dereitos de emisión, camiño necesario tamén para garantir o éxito da estratexia cara ás emisións netas cero, incorporan en todo caso incertezas a curto prazo sobre o sector industrial, agrario, pesqueiro e de transportes, ademais de sobre a propia cidadanía, empresas, e ao conxunto da nosa sociedade, dado que é unha das causas indirectas de volatilidade do prezo da enerxía, aínda que tamén emite sinais potentes para incentivar a propia transformación económica. Os e as socialistas debemos ter presente tamén esta realidade para garantir a competitividade dun sector central de calquera economía e os nosos compromisos de cohesión territorial e social.
198. INNOVACIÓN E SUSTENTABILIDADE

199. Durante as últimas décadas viñéronse desenvolvendo e acelerando cambios transcendentales na natureza dos fenómenos económicos con forte impacto tamén sobre as nosas sociedades. Por unha banda, o capital como motor da economía de mercado ha ir perdendo relevancia fronte ao talento e á innovación e tamén pola competencia vinculada á financiarización dela economía; a dixitalización acabou de configurar un novo factor de produción, os datos; e, complementariamente, os efectos do cambio climático xa son plenamente percibidos e, con iso, creceu a alarma para adoptar unha posición máis ambiciosa respecto dos problemas do medio ambiente e facer fronte ás transicións xemelgas (ecolóxica e dixital) a través dunha innovación baseada no coñecemento.
200. Os e as socialistas afrontamos estes retos coa vontade firme de atopar renovadas vías de crecemento ao servizo da cohesión social e territorial, con respecto e responsabilidade co medio ambiente e as xeracións futuras.
201. Estes retos entrelázanse con desafíos pendentes da nosa economía. A estrutura produtiva do noso país continúa mostrando un baixo valor engadido xeneralizado nalgúns das nosas especializacións sectoriais. O tamaño e o grao de cooperación das empresas seguen sendo demasiado reducidos. Os medios dispoñibles para a innovación, o emprendemento e a investigación son menores que noutros países da nosa contorna.
202. Os e as socialistas somos conscientes de que esta transición económica baseada na innovación, dixitalización e economía verde leva un incremento do gasto enerxético. Cremos por tanto que esta transición debe realizarse en paralelo cunha transformación e aumento do sistema de produción enerxético a fontes sustentables.
203. Nestes momentos contamos co financiamento europeo adicional derivada do Next Generation EU como unha panca fundamental para facilitar o cambio de modelo produtivo. A axuda proveniente do programa anteriormente citado ten como obxectivo garantir a continuidade do investimento en catro áreas ao redor da modernización: infraestrutura sustentable, investigación, innovación e dixitalización, e investimento social centrada en igualdade entre homes e mulleres.
204. Os e as socialistas entendemos que a innovación é un dos principais motores de crecemento e de xeración de emprego de calidade nas economías modernas. Fortalecer as nosas capacidades innovadoras é unha condición necesaria para poder xerar emprego máis estable, así como para poder atender as necesidades crecentes de financiamento do noso Estado do Benestar.
205. Os fluxos de investimento en investigación e desenvolvemento están cada vez máis concentrados, un fenómeno que se observa a nivel internacional, pero tamén dentro de

España. Ábrese unha brecha de carácter económico, que pode contribuír a ampliar as importantes brechas sociais que padecemos. A nivel xeográfico China xa supera a Estados Unidos en investimento en I+D+I.

206. No sector privado, aínda que hai diferenzas significativas dentro de cada sector, obsérvase unha crecente concentración do investimento nas empresas de maior tamaño, e unha evolución moi dinámica do investimento nuns determinados sectores de actividade (automóbil, enerxía e auga ou farmacia, entre outros, que superan de maneira folgada os niveis de investimento de hai unha década), que contrasta coa preocupante evolución en sectores industriais tradicionais (mobles, téxtil, confección ou calzado, que invisten significativamente menos que hai 10 anos).
207. É necesaria unha aposta transversal pola innovación, que chegue a todo o tecido produtivo, ás empresas e cadeas de valor de todos os tamaños. A aposta socialista polo sector público implica que debe ter un papel particularmente activo neste proceso, aproveitando ao máximo a oportunidade que ofrecen os fondos de recuperación europeos.
208. Ademais, os fondos adicionais europeos para innovación, entre eles Horizonte Europa, que se asigna mediante procesos competitivos, son unha fonte complementaria de respaldo orzamentario que se debe aproveitar a través de tres alicerces: ciencia excelente, desafíos mundiais e competitividade industrial europea e, por último, Europa Innovadora. En concreto, Horizonte Europa establece dentro deste último alicerce o obxectivo de aumentar o apoio ás innovacións de vangarda ou disruptivas e con potencial de expansión que resulten demasiado arriscadas para os investidores privados (70% do orzamento está previsto para as pemes).
209. A dixitalización implica unha novo paradigma económico. A orde industrial, baseado na centralización e nos procesos lineais, deu paso a unha economía distribuída, con conexión directa entre as partes, centrada nos servizos máis que nos activos, con poucos custos marxinais e que dá valor ao ecosistema en lugar da o cliente. O mundo deberá convivir con ambos os modelos de actividade, e as normas terán que ser tamén equilibradas para ambas as partes.
210. A transición dixital debe realizarse sobre a base duns principios xerais sociais e xustos, articulados forzosamente sobre a equidade, a inclusión e a non discriminación. Debemos velar non só por non incrementar, senón por reducir todo o posible as fendas dixitais que teñan orixe no status socioeconómico do individuo, os seus coñecementos dixitais de base, o seu lugar de residencia, o seu xénero, a súa idade, as súas condicións de diversidade funcional, a súa condición de migrante, entre outros. Unha dixitalización sen inclusión non é desenvolvemento.

211. Para iso debemos implementar medidas activas no tres eixos da transformación dixital.
212. En primeiro lugar, o eixo do acceso á tecnoloxía, desde as infraestruturas dixitais como a banda ancha (as autoestradas do século XXI) ou os servizos na nube á dispoñibilidade de dispositivos para aqueles cidadáns que pola súa capacidade económica ou situación social así o requiran.
213. En segundo lugar, o eixo das aptitudes. Debemos potenciar a formación necesaria en dixitalización ao nivel que sexa requirido, desde os coñecementos básicos (alfabetización dixital) aos coñecementos que lles permitan desenvolver a súa actividade profesional con perspectivas de desenvolvemento (capacitación dixital). Neste punto prestando especial atención á brecha de xénero.
214. E por último, o eixo da actitude positiva ante o cambio. A transformación dixital ten que ser percibida como unha oportunidade de transformación e cambio para mellorar a calidade de vida e evolucionar cara a unha sociedade máis eficiente, redistributiva, inclusiva e igualitaria, valores intrinsecamente ligados ao pensamento socialista.
215. É por iso polo que consideramos que debemos seguir impulsando dentro de Europa un ambicioso plan para regular as plataformas en liña introducindo regulación ex ante para garantir que os mercados caracterizados por grandes plataformas que actúan Os e as socialistas debemos apostar por un modelo no que a riqueza non se concentre nunhas poucas mans.
216. Dixitalizar a economía é fundamental para conseguir aumentar a competitividade e ser líderes nun mundo global que está a transitar cara á economía do coñecemento como fonte de valor diferencial. O valor do século XXI emana dos investimentos en innovación e dixitalización, pero tamén do cambio que se está dando entre as compañías e as industrias que son capaces de aproveitar as competencias dixitais. Dende as institucións nas que gobernamos debemos acompañar ás empresas, especialmente ás pemes e persoas autónomas, a transitar ese camiño cara a unha aceleración dixital que necesita unha revisión da nosa estrutura produtiva e da regulación para garantir unha competencia honesta e xusta.
217. A transición dixital é unha oportunidade económica e de desenvolvemento social que non podemos desaproveitar e que ten que alcanzar a todos os sectores da poboación. Os datos son o núcleo da nova economía e o motor da innovación. Ademais do seu potencial para o crecemento económico e para facer fronte aos retos da sociedade, os datos son a base para o desenvolvemento de aplicacións de Intelixencia Artificial, que requiren o procesamento de grandes cantidades de datos estruturados de alta calidade.

A mellora do medicamento personalizado, a nova mobilidade, os servizos de atención á dependencia ou a industria conectada mellorarán a vida da cidadanía.

218. Cremos nunha intelixencia artificial humana; que se base na seguridade, transparencia e rendición de contas; salvagardas contra o rumbo e a discriminación; dereito de reparación; responsabilidade social e ambiental; respecto da intimidade e protección dos datos. E para iso facemos propostas sobre dereitos dixitais no capítulo dedicado aos novos dereitos.
219. A transición dixital tamén é un proceso imparabile no que de forma xeral xéranse brechas de desigualdade que hai que mitigar e, de forma conxuntural, certos aumentos de desemprego que se producirán sobre todo nos sectores secundarios e terciarios. O proceso motivará a necesidade dunha formación de adaptación aos traballadores e traballadoras que perdan os seus postos de traballo, así como teremos que asegurar os mecanismos de axudas sociais efectivas para quen non poidan adaptarse ás novas condicións do mercado laboral.
220. Por todo o exposto anteriormente, os e as socialistas reafirmamos o noso compromiso na reorientación da estrutura económica, que permita un adianto substantivo na cadea de valor das nosas empresas, e en dotar do apoio necesario para afrontar os retos da transición dixital e ecolóxica, xunto ao impulso adicional ao investimento en innovación. Os fondos europeos están aliñados nesa dirección e supoñen unha oportunidade histórica para o noso país.
221. DINAMIZAR O MEDIO RURAL
222. Todas as estatísticas indican que o medio rural galego languidece dende hai 30 anos. As causas son múltiples e profundas, pero en todas elas aparece o falta de acción política por parte da Xunta de Galicia para reverter esta situación e facer que o noso rural (que supón o 90% do noso territorio) sexa atractivo para vivir nel e vivir del. A falta de obxectivos e perspectivas a medio e longo prazo fixo que as actividades vinculadas ao territorio foran tendo cada vez menor interese. É o momento de aproveitar a enorme calidade das nosas terras e o noso clima para producir para mercados nos que se valoren os nosos produtos con calidade diferenciada como denominacións de orixe, indicacións xeográficas ou produtos ecolóxicos.
223. Os elementos clave que permitirían cambiar esta situación pasan por sentirnos orgullosos do noso rural, recuperar a motivación da xente que vive na actualidade e ser capaces de darlle a volta a caída demográfica que acontece nas nosas aldeas. Para iso é necesario mellorar as condicións de vida da poboación rural galega,

especialmente a través da creación de emprego e o aumento da renda dos gandeiros, agricultores e silvicultores.

224. A incorporación de mozos e mozas como agricultores a título principal vai ser o eixe vertebrador para o mantemento do sector primario vivo en Galicia. Esta incorporación non debe ser consecuencia da falta de alternativas noutros sectores económicos senón polo contrario, unha aposta decidida por unha forma de vida atraínte e con futuro.
225. Os gobernos da dereita en Galicia caracterizáronse por unha falla de modelo que no territorio supuxo anarquía, conflictividade e abandono. O rural galego ten que ser planificado de forma integrada coa creación de servizos de apoio a cidadanía e desenvolvemento económico específicos, para atender as necesidades e as características da xente e das actividades que alí se leven a cabo.
226. Para acadalo é necesario contar cunha administración proactiva que promova a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interadministrativas, que poña en marcha iniciativas e apoie as que xurdan nas aldeas e vilas galegas.
227. Unha administración que escoite e fale co rural, que estea presente e anime a participar en todos os foros a representantes dos diferentes sectores e territorios, non por falar, senón para facer propostas que se artellen posteriormente en cambios lexislativos e administrativos. Especialmente importante serán aquelas actividades consensuadas que contribúan a pechar ciclos produtivos. A produción de alimentos de calidade é un dos principais activos da economía galega. Preténdese reivindicar a defensa da utilización, consumo e distribución de produtos agroalimentarios galegos para pór en valor os nosos recursos e para xerar riqueza mediante o peche do ciclo produtivo.
228. Toda acción de mellora debe contemplar determinados parámetros do século XXI en calquera país avanzado, como son sustentabilidade, innovación, asociacionismo e cooperación e máis concretamente aspectos chave como son o fomento da mobilidade de terras que permita reformar e ordenar as estruturas agrarias, de xeito que a superficie útil abandonada sirva para aumentar a base produtiva. Tamén dar un impulso as concentracións parcelarias con acompañamento dun plan de avaliación ambiental que evite situacións de deterioro ecolóxico asociadas ás concentracións e plans de aproveitamento de cultivos.
229. Referímonos a continuación a determinados aspectos sectoriais:

230. Forestal – Trátase dun sector altamente estratéxico tanto pola súa realidade económica como polo seu potencial, ademais de estar estreitamente relacionado coa esencial función ecolóxica que desempeñan os bosques. Os obxectivos deben ser aumentar a produtividade e eficiencia do noso monte, facer máis competitiva a nosa industria forestal, activar a xestión forestal sostible e integrar o monte na sociedade e no medio rural. Un futuro desexable para o sector forestal pasaría por que fose percibido pola sociedade como estratéxico, e que da súa transformación se obtivésese un impacto positivo na riqueza e emprego de Galicia. Unha industria que aposte fortemente polo I+D+i., e no deseño de novos produtos que aumenten valor engadido.
231. É preciso que a industria se integre coa propiedade para que o recurso estea dispoñible cando sexa necesario e o propietario participe da xeración de coñecemento. Necesitamos contar cun sector máis diversificado, planificado e transparente.
232. É importante destacar que a función ecolóxica do bosque, asociada co dereito constitucional a un medio ambiente adecuado, determina a urxente e aguda necesidade de revisar en profundidade unha política forestal que non tivo en conta outra orientación que a produtiva, o cal deriva, nos últimos tempos, na tendencia á completa substitución do bosque galego por un monocultivo forestal de especies de rápido crecemento que non é compatible co dereito antes mencionado, ademais de ser pouco recomendable dende o punto de vista económico, por canto a ausencia de diversificación comporta riscos de pragas, baixadas de prezos e ausencia de alternativas produtivas axeitadas a cada terreo e territorio, ademais de potenciación e intensificación dos lumes.
233. De feito, poderíamos dicir que a política forestal en Galicia está por implantarse, dado que o que fixeron os sucesivos gobernos do PP nesta materia non é merecedor de tal nome, sendo meramente un deixar facer sen planificación nin racionalización algunha.
234. Mención especial merece o lume. Os incendios forestais son o principal problema ambiental de Galicia, ademais dun problema económico -o custo de extinción resulta moi elevado- co potencial de poñer en grave risco vidas e facendas, segundo tivemos ocasión de comprobar de forma lamentable e trágica recentemente. O cambio climático incrementa cada vez máis as condicións potenciais para a xeración de lumes. O lume é un síntoma de gran número de problemas que afectan nos últimos anos a gran parte do rural galego. Fronte ao lume cultura (amais de prevención e silvicultura): o mellor lume é o que non se produce, polo que hai que apostar por apagar os lumes falando coa xente (o 95% dos lumes están relacionados con causas vinculadas as persoas, polo que a redución dos incendios forestais pasa por traballar activamente nas causas vinculadas a acción humana).
235. De forma paralela hai que reconverter o investimento en extinción en prevención activa (silvicultura, resolución de conflitos, investimentos na ordenación do territorio,

incremento da valoración que se ten do monte, ..), así como diversificar a produción forestal e respectar e protexer moito máis e mellor os mermados bosques autóctonos que se conservan.

236. Vacún Leite – O sector lácteo, estratéxico para a nosa economía, non depende só de produtores, industrias e goberno, senón tamén dos distribuidores e das persoas consumidoras. É necesario que o prezo do leite sexa tratado dignamente tanto en orixe coma nos puntos de venda. As ordes de axudas dirixidas ás industrias agroalimentarias que operan en Galicia deben priorizar as cooperativas e empresas que lles paguen un prezo digno aos produtores.
237. Vacún Carne – Este sector xoga un papel esencial para manter actividade económica en moitas comarcas de Galicia nas cales non se teñen xerado moitas alternativas. O papel esencial dende o punto de vista social e ambiental que xogan estas explotacións debe facer que sexa atendido de forma preferente pola Administración Autonómica apostando por incrementar as axudas directas a aquelas explotacións cun comportamento social e ambientalmente responsable.
238. Ovino – Cabrún – Este sector está destinado a desempeñar un importante papel en amplas zonas do territorio galego. Ademais do beneficio económico directo posibilita un mecanismo de loita contra os lumes. Requírese a posta en marcha dun plan en conxunto co sector para a súa difusión e transformación en produción ecolóxica, creación de marcas diferenciadoras de Galicia e procura de mercados fora da rexión para a súa comercialización.
239. Porcino – As liñas de actuación pasan, entre outras, pola confección dun plan de apoio ós matadoiros e a industria de transformación galega para valorización dos produtos derivados do porco, a posta en marcha de actuacións encamiñadas a favorecer a viabilidade das actuais explotacións tales como axudas directas a aquelas reformas das instalacións para o cumprimento da normativa en materia de benestar e sanidade animal e un plan de promoción de consumo da carne de porco.
240. Avicultura e cunicultura – A dinamización deste sector require unha aposta por dar transparencia á produción e as relacións coa distribución, a posta en marcha dun plan para axustar o custe enerxético das granxas, a aposta pola transformación en produción ecolóxica para aquelas explotacións de menor dimensión, un plan de promoción, consensuado co sector, dos beneficios para a saúde do consumo de coello e polo e a posta en marcha dun plan de promoción de novos formatos para o consumidor destas carnes.

241. Viño - Constitúe un sector esencial dende un punto de vista económico, social e ambiental para cada vez máis amplas comarcas de Galicia e para o conxunto da rexión. Son moitas as familias de galegos/as que teñen neste sector a súa principal fonte de ingresos, pero son tamén moitas aquelas para as que supón unha compoñente de ingresos adicionais a súa renda principal. Compre a actualización do censo de produtores en tódalas D.O. e a aprobación de contratos homologados en tódalas zonas produtoras de xeito que o prezo final do viño estea indexado no prezo que se paga pola uva e o valor repercuta en toda a cadea produtiva.
242. Horta e flor– Faise necesario o apoio ó funcionamento dos consellos reguladores e os investimentos relacionados coa produción e a comercialización de produtos de calidade, un plan de axudas para mellorar a tecnificación das explotacións a través de programas formativos, o fomento do investimento en tecnoloxías e maquinaria agrícola en común, a transformación e comercialización; axuda para garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos, impulsar o asociacionismo e a colaboración para por en marcha proxectos en común.
243. O COMPROMISO SOCIALISTA CUNHA PESCA SUSTENTABLE E DE FUTURO PARA GALICIA
244. Galicia non se pode entender sen o seu perfil atlántico e mariñeiro. O sector pesqueiro constitúe un sinal de identidade propia na historia e na realidade social de Galicia, constituíndo un elemento clave na nosa economía e do noso patrimonio inmaterial.
245. Con arredor dos 4.400 buques de pesca dos case 9.000 buques que existen en toda España, Galicia representa a primeira comunidade autónoma en potencia pesqueira, cun peso relativo de case o 50% da frota estatal, así como a octava rexión pesqueira a nivel da Unión Europea. Unha potencia pesqueira, que como puxo de manifesto a crise da COVID-19, representa un pilar esencial para garantir a nosa soberanía alimentaria.
246. Pero este feito non pode esconder as problemáticas que afronta. Factores externos pero especialmente, factores endóxeos que poñen en risco a puxanza da pesca galega.
247. Así, xunto a elementos externos como o impacto do cambio climático, as novidades normativas europeas, a fala de relevo xeracional e antigüidade da frota, os lixos terrestres no mar, as complexas negociacións sobre os TAC e cuotas, o impacto do Brexit, ou máis recentemente o impacto da COVID-19, atopamos unha moi crecente febleza institucional, falta de gobernanza e apoio por parte da Xunta de Galicia que lastran o desenvolvemento do noso sector pesqueiro e poñen en risco o seu futuro.

248. Os anos de gobernos de Nuñez Feijo, arrojan unha serie de datos e problemáticas crecentes que condenan á pesca galega a unha situación moi preocupante. A falla de impulso ao sector, a inexistencia de políticas de gobernanza a escandalosa deixadez e escaso aproveitamento dos fondos europeos, (fondo FEMP), a falta de impulso científico-técnico, a deficiente xestión do recurso e o medio mariño ou o esmorecemento das cadeas de produción representan unha preocupante herdanza.
249. Os e as socialistas galegos estamos comprometidos co futuro e coa sustentabilidade social no noso mar e a nosa pesca, e aliñados por tanto, coas ferramentas estatais e europeas que procuran mellorar o seu futuro, como a Política Pesqueira Común, que debe de converter o sector en fonte de crecemento e emprego, contrarrestar a falta de substitución xeracional, recoñecer o papel da muller, aumentar o seu atractivo mediante postos de traballo seguros e de calidade, garantir a viabilidade das comunidades costeiras e facilitar a transición cara á pesca sostible.
250. O futuro incerto da pesca galega baixo os gobernos do PP
251. O balance do goberno de Feijóo na pesca é fundamentalmente negativo: menos emprego no sector, problemas coa asignación de cotas, fracaso de interlocución e falla de diálogo co sector, peor calidade de vida para os pescadores, escaso aproveitamento do fondo FEMP, errática e dubidosa xestión e apoio a proxectos por parte dos Grupos de Acción Local Pesqueira, escasa planificación e xestión do recurso, avellentamento da frota ou mesmo descenso pronunciado do consumo de peixe entre as poboacións máis novas.
252. En apenas 10 anos, Galicia perdeu máis de 500 embarcacións pesqueiras e as afiliacións á seguridade social nos réximes e ramas de pesca e acuicultura caeron case un 20% dende o ano 2009.
253. Se falamos de marisqueo, fai dez anos tiñamos segundo datos EPA 4.755 permisos de marisqueo a pé, hoxe con Feijóo temos menos de 3.700. Podemos afirmar que hoxe, menos xente en Galicia vive do mar e o propio sector pesqueiro galego é cada vez máis dependente de tripulacións foráneas para poder traballar. Este problema agravouse coa crecente falla de renovación xeracional, e dificultade existente á hora de acceder á formación e os permisos para poder traballar no mar.
254. Os anos de goberno de Feijoo, supuxeron un esmorecemento da andamiaxe institucional da nosa pesca nunha tripe perspectiva: febleza institucional, inexistente gobernanza do sector e esmorecemento de apoio ao sector científico técnico e investigador. Febleza e esmorecemento que quedan amosadas na propia Consellería do Mar, e dos seus centros dependentes da Xunta de Galicia como o Centro Tecnolóxico do Mar ou o INTECMAR. Un

feito de importancia capital, que condena á pesca galega a facerse máis dependente de entidades e organismos de investigación externos.

- 255. A este abandono temos que sumar a nula gobernaza do sector pesqueiro galego, que nin participa nin é escoitado, o que xunto co escaso pulo aos mecanismos de apoio científico, amosan un panorama moi preocupante que ten levado por acción ou omisión, a deficientes resultados nos repartos de recurso para as nosas frotas.
- 256. O PP desaproveitou claramente o apoio que o fondo FEMP representou para Galicia. Dos 371,02 millóns previstos para Galicia no período 2014-2020, inda quedan por executar preto de 245 millóns, o que amosa que Galicia non chegou nin ao 40% da cantidade total prevista para o seu sector pesqueiro. Unha cifra que amosa a desastrosa xestión do PP.
- 257. A xestión do propio das competencias pesqueiras, e o avance tecnolóxico e innovación científica na procura da competitividade do sector, non foron conxugados de xeito activo polo goberno da Xunta. Abandono que só foi substituído por un intento de utilizar a pesca galega como un factor de confrontación política a nivel estatal e europeo.
- 258. O PSdeG como aliado do sector pesqueiro galego ante o estado, Europa e o mundo.
- 259. O PSdeG debe apostar por unha acción que apoie a todas as frotas: baixura, altura, gran altura, así como da nosa acuicultura e sector transformador, pezas fundamentais para seguir mantendo o importante tecido produtivo que vive arredor da pesca e manter o importante tecido social e económico que representa, ao tempo que subministra á poboación galega alimento nutritivo e saudable, capturado dun xeito respectuoso e sustentable, como fai a frota galega.
- 260. Este é o compromiso do Partido dos Socialista de Galicia: converterse no aliado a nivel estatal, europeo e internacional da nosa pesca.
- 261. Unha pesca galega con futuro é ante todo, unha pesca sustentable entendida dende criterios de durabilidade e equidade dentro dun marco de protección do recurso mariño, cun enfoque de rendemento económico e ambiental máximo sustentable pero tamén, e fundamentalmente, social, dentro das cales, os e as socialistas reclamamos a mellora das condicións laborais, de seguridade ou o apoio á incorporación en termos de igualdade do traballo feminino no sector. Desafíos aos que á frota galega deberá enfrontarse coa entrada en vigor do Convenio núm. 188 de la OIT sobre o traballo na pesca.

262. Así mesmo, dende o PSdeG, debemos impulsar a colaboración entre a comunidade pesqueira e a comunidade científica, aspecto que debe liderar a Xunta de Galicia, sobre a base da estreita interdependencia que existe entre por tanto entre a dimensión económica, a social e a ambiental da acción pesqueira galega.
263. Un enfoque no que é preciso un Plan de Rexeneración Integral das Rías Galegas, que permita conciliar a defensa do medio coa sustentabilidade, salubridade e seguridade recursos mariños. Apostar por políticas pesqueiras dentro do contexto europeo que aposta pola ordenación do espazo marítimo e a promoción da conservación da biodiversidade apostando polo establecemento de zonas e espazos mariños protexidos con diferentes ordenacións da actividade Pesqueira.
264. Para iso, debemos tamén impulsar medidas que garantan a seguridade marítima tanto pesqueira como de mercancías, para evitar accidentes que poidan ter consecuencias económicas e medioambientais para o noso país, mellorando os nosos portos, a súa coordinación cos portos de titularidade estatal ou afrontando os retos dun desenvolvemento sustentable do entorno superando o deficiente e escasamente ambicioso desenvolvemento e aprobación da nova Lei de Portos de Galicia.
265. Debemos tamén superar 12 anos de parálise na xestión da actividade pesqueira no eido da comercialización, mellorando infraestruturas portuarias, a coordinación da comercialización e superar a atomización da mesma, claro síntoma de que a nosa pesca precisa ferramentas para afrontar os retos de futuro nun mercado global.
266. O PSdeG reivindica tamén a necesidade de dotar a Galicia das ferramentas que precisa para mellorar e impulsar a súa tarefa, como a instalación de institución como o Instituto de Estudos Oceanográficos (IEO) en Galicia ou a cesión de competencias oceanográficas en idénticas circunstancias das que xa desfrutaban outras zonas de España.
267. Os e as socialistas galegos consideramos neste sentido que as negociacións arredor do novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), dotado con 6.108 millóns de euros, representa unha oportunidade que Galicia non debe deixar pasar como fixo o PP co anterior fondo FEMP.
268. O PSdeG, na súa acción institucional e política debe por tanto, amosar un claro compromiso co sector pesqueiro a través dunha nova Estratexia Galega do Mar e do Sector Pesqueiro e Acuicultura que recolla estes cinco elementos: o impulso á renovación xeracional, a mellora da gobernanza pesqueira, o impulso científico-técnico e transición cara a sustentabilidade, a xestión do recurso e o medio mariño e a mellora da promoción e da comercialización.

269. Só este compromiso situará a nosa pesca na senda da sustentabilidade para continuar sendo un vector de futuro para Galicia o mundo.
270. UN SECTOR TURÍSTICO CON FUTURO
271. É habitual afirmar que Galicia entrou tarde no mercado turístico, por unha banda copiando o modelo de sol e praia, dominante desde os anos 60 na España mediterránea e pola outra banda, mesturando relixión e turismo cunha relativa secularización dos Anos Santos. O certo é que, aparte de promocionar o Xacobeo de 1983 e proxectar a imaxe do Pelegrín cun elevado gasto en publicidade, non se observan trazos relevantes de política turística por parte da administración da Xunta, desde que en 1981 recibise as competencias nesta materia.
272. Cómpre en todo caso, destacar que copiando modelos alleos (portugués e francés) e aproveitando as axudas dos programas europeos Leader, foi creada unha liña de apoio e fomento do turismo rural, o que implicou un forte crecemento da oferta, pero sen apenas efecto sobre o desenvolvemento rural por falta dunha estratexia claramente dirixida a ese obxectivo.
273. A evolución da actividade turística en Galicia non pode entenderse fora do contexto mundial, marcado neste momento por catro grandes trazos: en primeiro lugar pola diversificación do tempo libre, que provoca demandas específicas alén da tradicional estacionalidade nos meses de verán e obriga a unha constante innovación na oferta para adaptarse ás novas oportunidades de negocio.
274. En segundo lugar, asistimos a un notable cambio nos valores sociais, o que define unha demanda máis esixente coa conservación ambiental e reduce por exemplo, o atractivo da masificación nos hoteis de praia. En terceiro lugar e como consecuencia do incremento das expectativas de vida, a idade dos consumidores de servizos turísticos é cada vez maior, o que implica unha demanda específica e con poucas limitacións de estacionalidade. Por último, o uso xa maioritario das TIC converte aos turistas en consumidores ben informados e esixentes na relación calidade/prezo, impondo ás empresas unha cotián actualización da tecnoloxía para informar axeitadamente das súas ofertas.
275. Todo isto, en lóxica, condiciona as estratexias da política turística para Galicia, comprometendo aos e ás socialistas a unha fonda reflexión sobre os modelos máis acaídos para que este sector sexa un importante apoio para o conxunto do sistema produtivo galego e axude a xerar desenvolvemento na nosa terra.

276. A actividade turística con maior impacto económico e creación de emprego nas dúas últimas décadas segue a ser a asentada no litoral, que supón en torno ao 55% da renda xerada polo sector. Iso significa que debe protagonizar a reflexión máis relevante para nós, por canto constitúe ao mesmo tempo a maior ameaza ao ambiente polo deterioro do litoral e porque aparece afectada de forma moi notable pola estacionalidade e a climatoloxía, cun forte impacto negativo sobre a calidade do emprego (temporalidade e baixos salarios).
277. Neste caso a estratexia debe enfocarse en dous sentidos, por un lado con normativas que poñan orde na ocupación da costa, e polo outro lado, con actuacións positivas, premiando unha oferta ecolóxica e fomentando o uso dos produtos locais (por exemplo, alimentos), o que debe implicar en paralelo unha maior cualificación e calidade do emprego.
278. O turismo rural, pola súa parte, precisa dunha estratexia ben definida e orientada ao obxectivo de funcionar como un factor importante de desenvolvemento. A política de subvencións debería premiar e fomentar a máxima interrelación co sistema produtivo local, así como a cooperación horizontal de empresas, a fin de conseguir sinerxías en positivo para o conxunto das actividades.
279. A tendencia xeográfica, contrariamente ao que observamos neste momento, ha de pensarse establecendo áreas de agrupamento en torno aos principais recursos naturais e etnográficos do país, e mesmo debuxando itinerarios que concentren núcleos de atracción para os segmentos de demanda interesados neste tipo de oferta.
280. Os Xacobeos e o Camiño de Santiago son ben coñecidos xa como un dos atractivos máis relevantes de Galicia, que conseguiron proxectar a nosa imaxe como destino final do primeiro itinerario cultural de Europa, sumado á característica da súa singularidade única no mundo.
281. Con todo, as políticas de promoción do Camiño foron ao longo dos últimos anos ás veces confusas, cando non erráticas, cambiando dun ano para outro por exemplo, a imaxe dos logotipos, elementos fundamentais do marketing. Unha promoción intelixente debería situar este itinerario dentro do conxunto da oferta turística do territorio galego, elaborando unha estratexia orientada a estender o concepto de itinerario cultural a toda Galicia, conseguindo así que os camiñantes descubran as diferentes ofertas do país, motivando o seu regreso como turistas, visitando con máis tempo os pobos e incrementando en consecuencia, os ingresos do sector.
282. Desde os inicios da década dos 90, as institucións de Galicia e a Região Norte de Portugal traballan na construción dunha Eurorexión, fomentando a cooperación transfronteiriça

en tódolos ámbitos sociais e económicos, e neste novo concepto territorial europeo cómpre configurar un destino turístico conxunto, sumando ofertas e sobre todo, aproveitando a imaxe, ben coñecida tamén, das cidades de Santiago e Porto, declaradas patrimonio da humanidade as dúas e núcleos principais deste destino conxunto.

283. É preciso traballar nunha estratexia de coordinación entre administracións, evitando duplicidades e enviando unha proxección común do destino aos mercados emisores de turistas, o que actuaría de modo moi positivo sobre a motivación para visitarnos. Agregadamente, han de utilizarse de forma moito máis eficiente os datos recollidos en cada administración, creando un Observatorio Turístico que os concentre, analice e publique para uso de todos, o que sería de enorme valor para o propio sector e máis para os científicos e investigadores.
284. O turismo en Galicia é o garante da cobertura das necesidades para milleiros de familias da nosa terra. Moitas persoas nesta comunidade dependen directamente do turismo para garantir a súa subsistencia e a das súas familias. O turismo é sinónimo de emprego.
285. O noso obxectivo tería que ser atraer cantidade e calidade turística, para iso, é imprescindible impulsar a transformación dos nosos destinos turísticos cara á sustentabilidade e a dixitalización. O sector turístico galego non pode estar só condicionado ao Xacobeo, ao que non lle restamos importancia, pero a riqueza turística do noso país é moi grande; xeodestinos, termalismo, turismo rural, as nosas praias e a gastronomía.
286. Nos últimos anos e na sociedade actual, o sector turístico ten que renovarse continuamente o que implica a necesidade de mellorar a calidade da oferta, así como unha loita continua contra o axuste estacional. Neste contexto xorden os xeodestinos. Temos aquí unha gran ferramenta na nosa terra para axudar ó sector turístico a saír desta crise no que está inmerso.
287. No contexto actual desta crise económica provocada pola COVID-19, o turismo sanitario sae reforzado, xa que os e as turistas preocupanse cada vez máis por buscar destinos que, ao mesmo tempo que un período de descanso e goce, poidan axudalos a contribuír a levar un estilo de vida saudable e preventiva. Estas características atópanse no noso termalismo.
288. Deberíamos utilizar o turismo termal como unha forma de desestacionalizar o turismo galego, para lograr unha distribución equilibrada de visitantes ao longo do ano e unha mellor distribución xeográfica en todo o territorio.

289. Galicia é unha das comunidades con maior oferta balnearia de toda España. Por iso, é preciso desenvolver proxectos e iniciativas que fagan visible este liderazgo autonómico e contribuír ó desenvolvemento das vilas termais da comunidade cos balnearios en funcionamento. Tamén debemos colaborar na renovación da oferta termal e no desenvolvemento e posta en funcionamento de novos proxectos termais.
290. Os socialista plantexamos neste ámbito os seguintes proxectos e liñas de traballo para desenvolver en Galicia :
291. Creación de novos produtos turísticos termais
292. Ampliación e mellora da oferta termal e turística das Vilas Termais
293. Protección dos acuíferos termais como recursos naturais
294. Mellora e protección dos parques termais
295. Investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do temalismo
296. Creación dunha marca e promoción conxunta das Vilas Termais de Galicia
297. Desenvolvemento de programas de temalismo orientados a diferentes segmentos da poboación da nosa comunidade
298. O turismo termal é un sector con moito potencial que está atraendo a un público de idades moi distintas e que coa súa asistencia aos balnearios fan dos espazos que os acollen destinos turísticos en si mesmos.
299. Despois de meses de confinamento e a necesidade de poñer distancia co resto dos viaxeiros, moitos turistas optaron por contornas rurais e naturais para gozar das súas vacacións. Unha situación que todos debemos valorar como unha gran oportunidade para dar un pulo ó rural.
300. Temos que abordar dun xeito integral a incidencia do turismo rural sobre o territorio, dada a súa relevancia e repercusión á hora de xerar riqueza, dinamizar as comunidades e asentar poboación na Galicia baleirada. Dende esta perspectiva, é imprescindible unha

concepción integral, máis alá da simple e única consideración dos aloxamentos de turismo rural.

301. O turismo rural intégrase na oferta turística de proximidade que actualmente é o que solicita a cidadanía. Temos que empregar o turismo como vector de riqueza, que permita poñer en valor ao rural e loitar fronte ao despoboamento, aproveitando o “efecto chamada” e a nova sensibilidade cara ao rural, xerada pola pandemia para que a poboación volva traballar nas zonas rurais e ao tempo permitir que a xente vaia como turista e coñeza a nosa riqueza.
302. O turismo constitúe un pilar básico e estratéxico da nosa economía debido á xeración de riqueza e de emprego e ten un papel clave para a vertebración social e territorial e temos que poñernos como obxectivo imprescindible impulsar a transformación dos nosos destinos turísticos cara á sustentabilidade e a dixitalización.
303. Perfeccionar e enriquecer o modelo turístico e fortalecelo como un sector económico líder non é unha cuestión menor. E para isto é necesario unha inversión máis ambiciosa e transformadora no turismo galego.
304. O COMERCIO DE PROXIMIDADE
305. O pequeno e mediano comercio foi severamente castigado por esta crise sanitaria da COVID-19. Estímase que como mínimo e con carácter xeral os comercios de Galicia tiveron unhas perdas superiores ó 20%, que xa comprometen en moitos casos a viabilidade do proxecto comercial. A media de perdas alcanzadas sitúase entre o 30% e o 40%, datos da Federación Galega de Comercio.
306. Anterior a esta crise o futuro do pequeno comercio xa era cada vez máis incerto. No comercio desapareceron 1073 empresas en Galicia no ano 2019. A súa delicada situación non é nova. Antes da chegada do virus o comercio xa clausuraba en Galicia unha media de seis establecementos diarios, por falta de relevo xeracional, polo exceso de oferta, pola atomización das grandes cadeas e polo auxe do comercio electrónico.
307. A Federación Galega de Comercio estima que entre o 20 % e o 25 % dos negocios poderían pechar ao longo deste 2021. No 2020 pecharon 1.384 negocios de traballadores autónomos en Galicia, 2021 empeora todos os marcadores rexistrados ata a data nun comezo de ano. Só neste mes de xaneiro 2021 pecharon 836 negocios.

- 308. Con estes datos temos que actuar para favorecer a reactivación económica de Galicia cando comezamos a camiñar cara á nova normalidade. Temos que axudar ó comercio de proximidade e os autónomos. Necesitan respaldo para poder reabrir, xerar emprego e posibilitar que as familias teñan ingresos mes a mes.
- 309. Os e as socialistas formulamos unha proposta aberta para impulsar a reactivación do pequeno e mediano comercio, e que como mínimo contemple as seguintes medidas:
- 310. un plan de reapertura dos pequenos negocios que tiveron que pechar por mor da pandemia e dotalo de partidas orzamentarias suficientes para poder reactivar o pequeno e mediano comercio.
- 311. un programa de axudas específicas para o mantemento do emprego no sector comercial.
- 312. campañas con cobertura autonómica dirixidas á promoción ,dinamización, concienciación social e apoio ó comercio local, non só en datas sinaladas, senón todo o ano.
- 313. fomentar a orientación, información e asesoramento ó sector comercial galego, así como a formación continua do sector. Os comerciantes necesitan máis que nunca coñecer a normativa, axudas, novas ferramentas dixitais, a prevención de riscos.
- 314. fomentar a promoción das plataformas de dixitalización online do comercio galego, apoiando a implantación, desenvolvemento e mellora de ferramentas de promoción, posicionamento web, loxística, canles de pago, etc. implementando a innovación, modernización e dixitalización do comercio, senón quedará atrás.
- 315. incrementar a cantidade das subvencións para as asociacións e federacións do pequeno e mediano comercio para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise, coa dinamización, promoción, publicidade. Etc. E poder imputar costes para persoal de apoio.
- 316. Publicidade e promoción para xente moza. Campañas dirixidas a esta poboación. A xente moza non sabe que existe o pequeno comercio. Non sei fai nada para este sector da poboación e son potenciais clientes e clientas.
- 317. potenciar a promoción de mercados e prazas de abastos como centros neurálxicos de compra dos centros das cidades e vilas.

- 318. incrementar as axudas económicas para emprendedores e para comercios en crise, para evitar a súa desaparición.
- 319. Programa de renovación xeracional no sector do comercio, este é un dos grandes problemas deste sector.
- 320. É necesario actuar con contundencia e firmeza, e facelo xa, se queremos salvar o sector. Se ben é certo que se tomaron algunhas medidas desde diferentes administracións, é certo que son medidas totalmente insuficientes dada a extrema gravidade da situación que está vivindo o pequeno e mediano comercio.
- 321. Para iso fai falla completar e mellorar e coordinar as medidas para preparar o regreso da actividade económica á normalidade unha vez que estamos xa nunha nova etapa da pandemia. Do contrario nada poderá evitar o peche masivo do pequeno e mediano comercio e a enorme perda de postos de traballo, así como as graves consecuencias que suporía para a economía a tódolos niveis.

14 
CONGRESO
7/8 DE D E C E M B R O

**COHESIÓN
SOCIAL,
DEREITOS E
POLÍTICAS DE
BENESTAR**

**PSG^{DE}
PSOE**

322. **5. COHESIÓN SOCIAL, DEREITOS E POLÍTICAS DE BENESTAR**

323. Dende o PSdeG-PSOE impulsaremos un novo contrato social, un contrato cunha acentuada mirada de futuro, concibido non só para reforzar a seguridade, a autonomía e a inclusión da cidadanía que a necesita xa, como fixemos sempre, senón tamén para reforzar capacidades e competencias de nenos, nenas, adolescentes e mozas que vivirán nunha sociedade distinta na que hai que erixir novos marcos de protección e benestar.
324. Traballaremos por unha recuperación baseada no desenvolvemento inclusivo e xusto no contexto dunha transición verde, que nos posibilite ser respectuosos cos límites do planeta, e dunha revolución que paso a unha repartición equitativa e redistributivo do mesmo.
325. As maiores cotas de igualdade, así como os mellores niveis de benestar para todos e todas, conseguíronse en países onde a socialdemocracia gobernou durante máis tempo, onde os sindicatos de clase e a concertación social foron fortes e onde se instauraron unha hexemonía de principios e valores; todo iso apoiado en forzas sociais de progreso para gobernar. Crécese para repartir, pero tamén se reparte para crecer, e moi especialmente para crecer doutra maneira.
326. As políticas de benestar xeran rendementos sociais e económicos que, aínda, poucas veces contabilízanse e durante moito tempo ignoráronse, porque todo centrouse na aritmética do crecemento. Gran parte dos recursos que se destinan a políticas de benestar e inclusión deben considerarse, de maneira inequívoca, como investimento. Investimento que capacita á cidadanía, propicia o desenvolvemento dos seus talentos, a innovación e a produtividade, prevén a exclusión (e os custos sociais que carrega), reforza a saúde da poboación e a súa resistencia fronte á adversidade e fomenta a participación social.
327. Os investimentos sociais son unha importante fonte de emprego de calidade, contribúen a fixar poboación en zonas despoboadas e a nivelar economicamente os territorios. Tamén promoven a innovación tecnolóxica de sectores económicos cada vez máis relevantes desde o punto de vista cualitativo e cuantitativo, como son os dedicados a atención social e sanitaria. Os e as socialistas debemos cobrar plena conciencia destas novas potencialidades e promover o desenvolvemento dunha nova organización social dos coidados onde estes non recaian de maneira naturalizada e esencialista nas mulleres, e que á vez propicien a permanencia das persoas dependentes na súa contorna familiar e social.
328. En pleno século XXI, os e as socialistas, queremos seguir liderando a demanda e o logro de máis xustiza social da clase traballadora, queremos seguir sendo os principais

valedores dos seus intereses e facelo con perspectiva feminista, interxeracional e de equilibrio territorial.

- 329. Somos un partido consciente das necesidades presentes e con previsión de futuro, con capacidade de análise da realidade social para anticiparnos aos retos sociais que experimentará a cidadanía e poder elaborar unha folla de ruta que asente as bases do Estado do Benestar de hoxe e do mañá.
- 330. Galicia, malia ter durante uns anos un pequeno diferencial respecto do resto do Estado, non é unha excepción e tanto a taxa de pobreza como o risco de exclusión, o desemprego e todos os parámetros que miden a desigualdade amosan hoxe unha situación peor que fai sete anos, lastrados polos anos de recortes e polo éxodo de persoas mozas. Galicia é hoxe unha comunidade máis envellecida, máis dependente, máis empobrecida e con menor capacidade de resposta dende os servizos públicos.
- 331. É imprescindible diagnosticar, coñecer a realidade para despois aplicar políticas que permitan unha maior cohesión social e a formulación de políticas públicas de Benestar dende a Comunidade Autónoma, en base ao marco competencial.
- 332. Porque, en tanto o desemprego medraba e as políticas da mal chamada austeridade se instalaban no conxunto das administracións públicas, os servizos que debían servir de apoio á cidadanía sufrían recortes e retrocesos no seu desenvolvemento, de tal maneira que moitas persoas non tiveron máis axuda que as redes familiares ou a xenerosidade das entidades sociais, esenciais durante os anos de maior dureza da crise anterior á COVID-19..
- 333. Os recortes nos servizos públicos non fixeron máis que incrementar a fenda diferencial na rede pública entre Galicia e outras CCAA que durante máis de dúas décadas fixeran un esforzo inversor maior nas políticas sociais. A Lexislatura presidida por Emilio Pérez Touriño non foi suficiente para pechar esta fenda, malia o importante investimento social feito e o pulo ao Sistema de Dependencia que nacía naqueles momentos.
- 334. Dende os municipios, o socialismo galego ten contribuído á construción dun verdadeiro Sistema Público de Atención Social que, aínda con eivas, foi quen de prestar servizos de calidade e de por en marcha iniciativas innovadoras tanto nas áreas urbanas como naqueles concellos máis pequenos. Os últimos anos do século vinte permitiron un importante desenvolvemento de redes sociais -tanto de Atención Primaria como Especializada- naqueles concellos con gobernos locais progresistas e neste desenvolvemento o socialismo galego deixou -e deixa aínda hoxe- a súa pegada.

335. O drástico recorte dos servizos de igualdade, a descapitalización dos recursos educativos e sanitarios, a diminución das bolsas para estudantes, a inexistente política de vivenda pública, o auténtico bloqueo dos servizos de Dependencia e unha rede de Inclusión social sustentada en exclusiva sobre o esforzo das ONGs son algúns dos “fitos” que caracterizaron estes anos de gobernos da dereita e que teñen danado -si cadra dun xeito irreversible a curto prazo- o sistema público de benestar en Galicia.
336. Malia as campañas propagandísticas, as operacións de imaxe e mesmo o asinamento da chamada “Axenda Social”, o certo é que os recursos abdicados ao servizos sociais non só non son hoxe suficientes para reverter o déficit acadado durante os anos máis duros da crise, senón que nin sequera o son para manter o nivel de atención existente previo.
337. A acumulación de documentos teóricos, de “plans” e “estratexias” sen avaliación dos obxectivos acadados previamente e sen compromiso inversor, as máis das veces, non pode agochar a inoperancia práctica da Xunta de Galicia para botar a andar o motor social na nosa Comunidade.
338. Por outra banda, dende unha perspectiva da efectividade e extensión dos dereitos, a crise económica global serviu como magnífica escusa aos gobernos conservadores para implantar recortes no exercicio de dereitos e liberdades cuxa renuncia consideraríamos inexplicable hai anos. Mentres no goberno socialista presidido por Emilio Pérez Touriño avanzábase na Carta de Dereitos e Liberdades, e se plasmaba no documento elaborado na Ponencia do Estatuto de Autonomía toda unha nova serie de dereitos de “nova xeración”, a día de hoxe os mesmos dereitos constitucionais vense ameazados por un PP capaz de sementar a dúbida da sostibilidade dos dereitos xa recoñecidos.
339. É inasumible calquera cifra de pobreza, debendo formularse unha *revisión da normativa de inclusión social* máis acorde ca sociedade, máis áxil, menos burocrática e máis permeable aos itinerarios de emprego como inclusivos e non optativos das prestacións sociais .
340. A socialdemocracia galega debe abordar unha *política de vivenda seria* que conxugue o dereito constitucional ca realidade de Galicia. Nun país no que existe un censo non asumible de vivendas deterioradas e en desuso mentres importantes colectivos da poboación atópanse en situación de desafiuamento real ou potencial temos que atopar solucións asumibles que fagan efectivo dito dereito, dende as vivendas por habitante pasando polos pisos tutelados ou de intervención para colectivos específicos, pisos residentes temporais e os accesos unidos aos itinerarios de formación e empregabilidade. O parque de vivenda en aluguer debe ser pilotado pola Administración e non se pode deixar en mans da iniciativa privada.

- 341. Defendemos un modelo de políticas sociais estruturado en torno a cinco elementos fundamentais:
- 342. O municipal; apoiando e fortalecendo as redes locais como unidade básica de prevención, atención e participación social
- 343. O supramunicipal; apostando por modelos consorciados de servizos, que faciliten o deseño dun Mapa de Recursos Sociais que abrangue o conxunto do territorio e que achegue os servizos aos usuarios
- 344. Sumando, non só na rede de servizos senón no deseño das estratexias e na toma de decisións ao Terceiro Sector, que foi quen de desenvolver e manter redes de atención de primeiro nivel, adaptando as respostas ás novas necesidades e asumindo criterios de máxima calidade
- 345. Incorporando a innovación social coma un criterio esencial, á hora de definir as novas respostas sociais, e de facelo dende a creatividade, provocando interaccións máis resolutivas e mellorando o benestar das comunidades actuais
- 346. Dende unha visión de país, garantindo o equilibrio e a cohesión territorial dende a coordinación leal e participativa da Xunta de Galicia e o compromiso coa prioridade social da axenda autonómica.
- 347. SANIDADE, UN PILAR FUNDAMENTAL DO ESTADO DE BENESTAR
- 348. O sistema público de saúde é unha das ferramentas sociais con maior carácter redistributivo. Non en van supón un dos piares do Estado de benestar, e a cidadanía atribúelle sempre as maiores valoracións dentro dos servizos públicos.
- 349. Os e as socialistas defendemos con firmeza que os alicerces que o rexan deben ser os de universalidade, equidade, calidade e gratuidade no seu uso.
- 350. Galicia ten un gran sistema sanitario froito do esforzo dos e das profesionais que o compoñen, e dos marcos legais que construíron o sistema actual. Dende un punto de vista do conxunto do Estado, España ten un dos mellores sistemas sanitarios do mundo, como así ven sendo recoñecido de maneira constante nas últimas décadas.

351. A *Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad*, impulsada polo goberno socialista, supuxo un fito na construción dese sistema, permitindo tres elementos fundamentais: universalización do servizo, cohesión social e territorial e descentralización dos servizos sanitarios.
352. No progresivo avance cara esa descentralización, Galicia foi organizando o seu sistema sen contar cunha lexislación integral e enmarcándose en aproximacións normativas incompletas e carentes de sentido global para o país. A *Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia*, impulsada tamén por un goberno socialista, supuxo un gran avance que consolidou un modelo de dereitos e outorgou a Galicia dunha norma integral e transversal que permitiu unha mellora do sistema.
353. A sanidade é un dos servizos públicos mellor valorados polos españois, tamén en Galicia. Segundo o último barómetro sanitario a sanidade é a política de maior interese para as galegas e os galegos, con preto dun 40%, 7 puntos por encima da media nacional e 16 puntos da seguinte política de interese (o traballo), cun 24%. Os seguintes asuntos de interese son a educación co 19% e as pensións, co 10%.
354. Nas diferentes enquisas os cidadáns e as cidadás manifestan que a sanidade xunto coas pensións son as políticas públicas que máis inflúen no seu benestar. Aporta a tranquilidade de ser atendido por un servizo de calidade no caso de enfermarse. E así o recoñece a maioría dos galegos e das galegas.
355. Para os e as socialistas a sanidade é unha das políticas públicas prioritarias e debe responder ao criterio irrenunciado da universalidade e a equidade, sendo así un dos servizos públicos que iguala ás persoas como dereito de cidadanía. Con esta orientación aprobouse a Lei Xeral de Sanidade en 1986 que crea o Sistema Nacional de Saúde orientado á cohesión social e territorial máis aló da función prestacional de atención á saúde. Constitúe un importante instrumento de redistribución da riqueza e de igualación das persoas. Para os e as socialistas galegos estes son os principios que deben rexer o funcionamento do Servizo Galego de Saúde.
356. A pandemia polo SARS CoV-2 ten un forte impacto na saúde da poboación en todo o mundo, en España e en Galicia. A COVID-19 provocou a maior crise de saúde pública, social e económica nos últimos cen anos. Dentro de poucos meses cumpriranse dous anos dende que vivimos nunha pandemia que non distingue de clases sociais e aféctanos a todos, aínda que golpea sobremaneira aos máis vulnerables.
357. Segundo os datos oficiais en España publicados na Actualización nº 498 do Ministerio de Sanidade, foron máis de 5 millóns de persoas (5.025.639) as que padeceron a enfermidade, e 87.504 as persoas falecidas a consecuencia da COVID-19. En Galicia os

casos totais ascenden aos 187.867 e, segundo o publicado polo Servizo Galego de Saúde (a data 7 de novembro de 2021) son 2.653 as persoas falecidas.

- 358. Esta pandemia puxo en costuras ao SNS, aínda que nos permitiu comprobar a gran calidade profesional e humana do persoal sanitario e non sanitario, que en desbordadas, tensionadas e complexas circunstancias precipitadas sen previo aviso, foron un exemplo para a sociedade.
- 359. Estes meses tan duros, mostráronnos o valor das ideas que as mulleres e homes socialistas levamos no noso ADN: a importancia do Estado do Benestar, que sucesivos gobernos socialistas construíron sobre os alicerces do modelo educativo, de pensións e sanitario.
- 360. Un SNS forte e robusto, que na década dos 80 iniciaba o seu andadura da man de Felipe González e de Ernest Lluch coa Lei Xeral de Sanidade 14/1986, de 25 de abril.
- 361. Un Estado do Benestar que José Luís Rodríguez Zapatero continuou construíndo e fortalecendo sobre un cuarto alicerce: a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.
- 362. Coa crise financeira e a chegada da dereita do PP a diversos gobernos de España a algunhas CCAA, iniciábase un proceso de regresión no SNS que coa publicación do RD 16/2012 supuxo a suspensión da cobertura sanitaria universal coa exclusión do dereito á asistencia sanitaria a inmigrantes non regularizados. Ademais, introduciu copagos que xeraron desigualdades no acceso ao medicamento ás poboacións de rendas máis baixas e a familias con fillos e fillas.
- 363. Unha das primeiras medidas, á volta do PSOE ao Goberno de España trala moción de censura de 2018, foi a recuperación do acceso universal á saúde como dereito de cidadanía, restablecéndoo para todas as persoas que residen no noso país, incluídos os e as inmigrantes en situación irregular. E cos PGE 2021 iniciábase a eliminación dos copagos.
- 364. A pandemia demostrounos a conveniencia da protección da saúde para todas as persoas independentemente da súa situación legal. Para os e as socialistas este é un asunto irrenunciable, por iso a próxima nova Lei de Equidade, Universalidade e Cohesión na que traballa o Goberno, presentada xa en Consello de Ministros como anteproxecto, establece medidas para impedir novos copagos sanitarios que tanta desigualdade xeran no acceso á atención sanitaria e aos medicamentos, consolidando a universalidade como dereito de cidadanía.

365. Un SNS que ofrece garantías de protección e de provisión de bens e servizos públicos esenciais á nosa sociedade. A pandemia está producindo numerosos e graves danos, pero visibiliza tamén a calidade do noso sistema sanitario e a súa capacidade de adaptación ante a adversidade e a incerteza. Un SNS potente e con capacidade de resposta inmediata, que soportou as carencias ocasionadas por anos de recortes sanitarios do PP, grazas ao súa robustez e grazas aos seus profesionais que o deron todo nesta pandemia.
366. Agora estamos ante o momento de reverter unhas taxas de desigualdade e de recortes en servizos públicos que tanto debilitaron á nosa sociedade ante a chegada inesperada da pandemia. Esta crise mostrounos con avidez as fortalezas e con crueza as debilidades do noso Sistema Nacional de Saúde, deixándonos clara a necesidade de introducir reformas, sendo indubidable que os cambios que, hoxe en Galicia as mulleres e homes socialistas, sabemos necesarios en canto ás medidas sanitarias que deberán tomarse a consecuencia desta pandemia ou noutra crise ou catástrofe que nos poidan acontecer, han de contar co máximo consenso político posible.
367. O Goberno liderado por Pedro Sánchez desde o minuto cero da pandemia teceu unha rede de seguridade cos fíos do público; mobilizando unha enorme cantidade de recursos públicos para reforzar a sanidade. Sacou adiante un xa exitoso Plan de Vacinación contra a COVID-19, que comezou o pasado 27 de decembro de 2020. vivimos meses durísimos e días difíciles; empezamos a ver a luz cando en xuño de 2020 España sumouse á Estratexia Europea de Vacinas e poderíase dicir que hoxe estamos ao principio do fin da pandemia. O 2021 empezou coas primeiras vacinas xa administradas, que están cumprindo os obxectivos de previr a enfermidade e diminuír a súa gravidade e mortalidade. O número de persoas con pauta completa en España e en Galicia é cada día maior.
368. A sanidade pública española ten unha pegada marcadamente socialista. A protección da saúde e o acceso aos servizos sanitarios son dereitos protexidos pola Constitución española e a súa concreción constituír como unha das políticas públicas que configuran o Estado do Benestar. Converteuse nunha das máis apreciadas pola cidadanía, de forma que máis de 9 de cada 10 persoas no noso país afirma que a sanidade, xunto coas pensións, constitúe un dos bens que máis contribúe ao seu benestar. As mulleres e homes do PSdeG queremos garantir un Servizo Galego de Saúde que sexa sostible, accesible, de provisión pública, transparente na xestión para a cidadanía, equitativo, de calidade e universal.
369. Nesta tarefa estivo, está e estará o PSdeG. Na construción e mellora continua deste sistema sanitario que constitúe un dos alicerces máis sólidos do noso Estado do Benestar. En seguir mellorando o sistema público e defendéndoo fronte a outros intereses, para que se siga percibindo como un elemento social de calidade do que estar orgullosos e

que as galegas e os galegos prefíranlo por ser un servizo de calidade, accesible, áxil e resolutivo.

370. O IMPACTO DA PANDEMIA POLA COVID 19

371. A irrupción da pandemia puxo de manifesto a importancia dos servizos públicos en xeral e do sistema sanitario en particular.

372. Malia a incerteza inicial e da aparición dun novo virus cuxos efectos no organismo descoñecíanse, os servizos sanitarios responderon tanto á atención ás persoas doentes como a deter a transmisión do virus. O enorme esforzo de investigación para coñecer o virus e o achado de vacinas en tempo récord como o coñecemento clínico da enfermidade e o seu tratamento foron claves para o control da pandemia. Malia ter que lamentar unha alta mortalidade e as secuelas que persisten nalgúns enfermos.

373. Pero a chegada da pandemia atopou ao Sistema Sanitario nunha situación de debilidade polos severos recortes do Goberno do PP na xestión da anterior crise, mediante o RD 16/2012:

374. A eliminación da universalidade no dereito á sanidade, recuperada no 2018

375. A imposición de copagos aos pensionistas, eliminados en gran parte nos PGE 2021

376. Recortes de en torno a 12.000 millóns, que provocou un retroceso na porcentaxe do PIB destinado á sanidade, desde o 7% en 2010 ao 5,8%.

377. Estes recortes afectaron tamén á calidade dos servizos, fundamentalmente en dúas cuestións básica: en dotación de profesionais e de tecnoloxías.

378. A aplicación de reposición cero de traballadores do SNS afectou ás dotacións de profesionais nos centros asistenciais e de saúde pública. Tamén a redución de prazas de Formación Sanitaria Especializada (MIR). No novo goberno socialista activáronse as prazas de formación pendentes desde o 2011, nun traballo coas CCAA para utilizar as capacidades de formación dos servizos acreditados. Lamentablemente en Galicia non se contratou todas as capacidades de formación do Servizo Galego de Saúde, aínda que a propaganda do Goberno de Feijóo dedíquesse a reclamar ao Goberno de España.

379. Os recortes nos orzamentos conduciron a unha preocupante obsolescencia da tecnoloxía sanitaria na maioría das CCAA, tamén en Galicia. O Goberno de España aprobou un plan de renovación (INVEAT) dotado con 796 millóns de euros, dos que 400 transferíronse este ano ás comunidades autónomas e ao INGESA, para a adquisición ordenada e planificada de polo menos 847 equipos de alta tecnoloxía no SNS dos que 27.318.315 destináronse a Galicia en 2021 con 77 equipos asignados.
380. Os recortes han ter consecuencias na accesibilidade e dotacións dos servizos, que xeraron preocupación na cidadanía. Nas respostas espontáneas dos barómetros do CIS apareceu a preocupación pola sanidade, que apenas se manifestaba antes do 2011. Coincidindo cos recortes do ano 2012 polo Goberno de PP, a preocupación pola sanidade disparouse pasando do 2,9 do 2011 o 16% en 2018, chegando ata o 20% en plena pandemia.
381. En cambio a satisfacción cos servizos sanitarios mantense nunha liña máis ou menos constante entre o 6,57 e o 6,55 sobre 10 de satisfacción. Grazas aos e as profesionais e a súa dedicación malia os recortes mantívose a atención a satisfacción da cidadanía ao longo da década. Con este estado de percepción, irrompe a COVID 19 e a cidadanía mira á sanidade pública como asidero.
382. No caso de Galicia aparece un dato moi preocupante: as persoas que prefiren que un familiar seu sexa atendido nun hospital privado. A desviación de recursos e a progresiva externalización de servizos ao sistema privado e a escasa atención aos hospitais públicos propiciou que as persoas en Galicia consideren que van ser tratado mellor nos hospitais privados.
383. Nun barómetro recente o CIS preguntou pola situación do Sistema Nacional de Saúde. A resposta dos encuestados á pregunta sobre a necesidade de reforma é positiva para entre o 84 e o 90%. As respostas para acometelas, ao seu xuízo, consiste en dotala de máis recursos e máis persoal para o 90%. Entre o 84 e o 90%, máis recursos para previr pandemias, para a saúde comunitaria e epidemioloxía, en definitiva en torno ao 90% que haxa máis coordinación entre as Comunidades Autónomas.
384. Hai que recordar que para atender o incremento de necesidades da pandemia o Goberno de España transferiu ás CCAA, incluída Galicia en torno a 13.000 millóns de euros para os servizos sanitarios.
385. O éxito da vacinación en España débese á garantía de funcionamento do SNS, aos seus profesionais, especialmente a enfermería, ao fornezo asegurado de vacinas pola xestión do Goberno de España e á responsabilidade da cidadanía española partidaria das vacinas debido en gran parte ao labor de todos os profesionais sanitarios durante anos, desde

os médicos, as enfermeiras, a farmacéuticos do SNS e das oficinas de farmacia. Convén recordar que o financiamento das vacinas inclúese nos PGE: nos PGE2022 inclúense máis de 7.000 millóns de euros do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiamento que o PP non só non apoiou, senón que pretendeu torpedear.

386. A sanidade postCOVID
387. A pandemia púxonos de manifesto a debilidade das estruturas de saúde pública e levou ao esgotamento á Atención Primaria. Na maioría de países con sistemas sanitarios desenvolvidos sucedeu algo similar. A tendencia a dedicar recursos á asistencia sanitaria debilitou e desatendeu os recursos destinados á saúde pública, tanto á vixilancia epidemiolóxica como á saúde comunitaria. Especialmente intensos foron os recortes durante o Goberno do PP, de Mariano Rajoy. Dos máis de 1.000 millóns destinados en 2010, a penas 800 millóns dende o 2012.
388. A Atención Primaria tamén sufriu de forma importante os recortes. E foi o primeiro nivel de resposta á pandemia. Segundo as enquisas do CIS sobre a pandemia, a maioría das persoas que sospeitaban haberse contagiado acudiron á atención primaria. E a resposta foi, a xuízo dos encuestados, satisfactoria ou moi satisfactoria.
389. Unha pandemia é un problema de saúde comunitaria: segundo a transmisión do virus esixe establecer medidas para a contención da súa diseminación e prever os contagios. É aí onde se deben centrar os maiores esforzos, evitando o contaxio, a enfermidade e a morte. E ese papel realízao na Atención Primaria.
390. As dúas leccións que nos ensinou a pandemia son a necesidade de reforzar os servizos de saúde pública: a vixilancia epidemiolóxica e a súa estreita relación co sistema asistencial tanto a nivel de atención primaria como dos hospitais. A vixilancia epidemiolóxica debe ter un coñecemento preciso da incidencia e prevalencia dos motivos de consulta en cada centro e os profesionais sanitarios ter unha visión analítica da prevalencia e evolución das patoloxías.
391. As mulleres e homes socialistas galegos comprometémonos a reforzar os servizos de vixilancia epidemiolóxica, en coordinación co sistema de vixilancia do Ministerio de Sanidade e establecer un sistema de intercambio sistemático cos servizos asistenciais.
392. REVITALIZACIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

393. Os e as socialistas galegos estamos comprometidos co modelo sanitario da LXS (Lei Xeral de Sanidade), no que a Atención Primaria xoga un papel clave para asegurar a universalidade do acceso, a cohesión social e territorial e a incorporación dos determinantes sociais da saúde.
394. Tras anos de recortes e privatizacións dos Gobernos do PP en España e Galicia os e as socialistas de Galicia buscaremos a confluencia cos profesionais da sanidade pública para un gran pacto pola sanidade pública en Galicia e reverta a preocupante deriva do Goberno de Feijóo.
395. Propoñémosnos revitalizar a Atención Primaria, debilitada por falta de atención e recursos coa implementación urxente do Marco Estratéxico de Atención primaria e Comunitaria, aprobado no Consello Interterritorial do SNS. Desenvolver a saúde comunitaria e incrementar a capacidade de resolución diagnóstica, con reforzo das tecnoloxías e a súa utilización das probas diagnósticas desde as consultas de Medicina de Familia e Pediatría. O obxectivo é acabar coas listas de espera en Atención Primaria, no que non se pode xustificar a falta de resposta a unha demanda de atención á saúde. O noso obxectivo é acabar con demóralas na atención primaria, en todas as consultas de medicina de familia, pediatría e enfermería.
396. O desenvolvemento da Saúde Comunitaria é unha das materias pendentes do modelo da LXS (Lei Xeral de Sanidade). É ben coñecida a influencia dos determinantes sociais e ambientais na saúde. A enfermería comunitaria debe xogar un papel principal no seu desenvolvemento.
397. A coordinación co sistema educativo no impulso á educación para a saúde é unha das prioridades. A prevención da obesidade, especialmente a infantil, debe ser unha das principais prioridades. O desenvolvemento da educación sexual integral debe configurarse como outra prioridade para previr os posibles abusos e violencia contra a infancia como para un desenvolvemento da sexualidade exenta de violencia.
398. Tamén a coordinación cos servizos sociais, especialmente na atención a crónicos dependentes, na atención domiciliaria ou en establecementos residenciais. Para iso propoñémonos desenvolver estruturas de coordinación entre ambos sistemas, compartindo sistemas de información e apoio tecnolóxico como a teleasistencia avanzada.
399. Estamos comprometidos co mantemento e reforzo dos consultorios periféricos. Na nosa Comunidade Autónoma existe unha importante dispersión de poboación por razóns históricas de ocupación do territorio. Evitar o despoboamento dalgúns concellos esixe como primeira condición o mantemento dos servizos públicos. A sanidade é esencial.

Aproveitaremos o Plan de Digitalización do Ministerio de Sanidade para os consultorios rurais para reforzar estes consultorios, estreitar a coordinación e comunicación con outros niveis asistenciais e mellorar a atención aos habitantes da zona rural, mellorando a atención coordinada cos servizos sociais aos maiores e dando confianza a seguridade para facer atractivo a contorna rural aos mozos.

400. Propoñemos repensar o funcionamento dos hospitais, detendo e revertendo as privatizacións que o Goberno de Feijóo está impulsando e que está afectando á preocupación da cidadanía galega.
401. A maior prevalencia da enfermidade crónica e os enfermos pluripatolóxicos impón un cambio de concepto na organización dos servizos. É obrigado avanzar no modelo centrado no paciente e non nas estruturas dos servizos. Isto obriga a unha máis intensa coordinación entre a atención hospitalaria e a atención primaria. Á vez, repensar a organización interna das consultas para evitar compartimentar a atención por servizos e buscar un modelo de atención integral.
402. O desenvolvemento da telemedicina e a capacidade de dixitalización permite un funcionamento en rede dos hospitais públicos, de forma que se apoie os hospitais comarcais e sexan máis resolutivos para os pacientes e máis atractivos para os profesionais.
403. Impulsaremos a saúde mental de acordo coa Estratexia de Saúde Mental que aprobe o Consello Interterritorial, impulsando a saúde mental comunitaria e o desenvolvemento da saúde mental infantil e xuvenil.
404. O número de suicidios diarios constitúe un serio problema de saúde pública. Por iso impulsaremos as medidas de prevención incluídas como un eixe dentro da Estratexia e estableceremos a colaboración co teléfono que pretende poñer en marcha desde o Goberno de España e que resultou unha medida eficaz noutros países.
405. OS PLANS DE SAÚDE
406. Poñeremos especial empeño no desenvolvemento de plans que combatan as desigualdades en saúde. Por unha banda, os que teñen que ver co acceso a prestacións por razóns económicas como a saúde bucodental ou a atención temperá. A escasa cobertura de prestacións previstas na Carteira de Servizos do SNS supón unha das máis flagrantes desigualdades en saúde por razóns económicas.

407. As mulleres e homes socialistas galegos non podemos ser insensibles a esta desigualdade polo que traballaremos para avanzar da man do Ministerio de Sanidade na implementación do Plan previsto nos PGE 2022.
408. A obesidade especialmente a infantil é máis frecuente entre nenos que veñen en familias con menos recursos, debido ás carencias que impiden seguir unha dieta equilibrada e un exercicio físico de forma regular. Avaliaremos o Plan Xermola e elaboraremos un novo Plan que incorpore os determinantes sociais e as medidas de colaboración coa FEGAMP
409. España é o segundo país con maior esperanza de vida detrás de Xapón, pero esta maior lonxevidade non vai libre de discapacidade. Isto supón un cambio importante nas prioridades do sistema sanitario. Elaboraremos un Plan de Cronicidade que implique os cambios organizativos que require un servizo centrado na persoa, en moitas ocasións de pacientes con pluripatoloxías. Estableceremos un Plan de coordinación social e sanitaria creando un órgano de coordinación entre ambos sistemas e avanzar en sistema de información compartidos e no uso da teleasistencia avanzada. Coordinado tanto no domicilio como das residencias.
410. A gobernanza do Servizo de Saúde
411. A pandemia demostrou a obrigaón da cooperación e cogobernanza no conxunto do SNS senón tamén da UE, de organismos internacionais ou multilaterais (OMS, EMA, ECDC,...).
412. Ao longo da pandemia, especialmente na fase de confinamento celebráronse máis de 100 sesións do CISNS, ademais das Conferencias de Presidentes.
413. Estes foros deben centrarse nunha actuación leal para afrontar problemas de saúde urxentes como o caso desta pandemia, pero deben de estenderse ao funcionamento ordinario do CISNS (Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde). Todas as enquisas recolleron a opinión da cidadanía constante: necesidade da máxima cooperación entre o Ministerio de Sanidade e as CCAA.
414. Desde os traballos nas diversas Comisións do CISNS ao plenario a cooperación é o instrumento máis útil para avanzar nun SNS máis equitativo e cohesionado. En todo caso, para os e as socialistas de Galicia non cabe o uso partidista destes foros e menos usalo para sacar réditos políticos aínda a costa de falsear datos ou saltarse os ámbitos respectivos de competencias, segundo o interese conxuntural.

- 415. Comprometémonos a establecer a máxima cooperación en ben da sanidade pública galega.
- 416. En canto á xestión do Servizo Galego de Saúde impulsaremos unha xestión baseada no modelo dos novos servizos públicos centrados nas persoas, suspendendo ou revertendo as externalizacións de servizos sanitarios e privatizacións que están debilitando a sanidade pública en Galicia e facendo florecer os negocios coa sanidade e favorecendo o aumento de seguros privados que obriga á cidadanía a pagar un servizo ao que ten dereito e a máxima calidade.
- 417. Impulsaremos os marcos de excelencia da xestión pública tendo en conta as funcións do servizo público: prestar atención integral e avanzar en cohesión social e territorial.
- 418. Os profesionais sanitarios
- 419. Neste Congreso do PSdeG queremos facer un recoñecemento a todas e todos os profesionais polo seu traballo cotiá aínda en situacións adversas e especialmente pola súa exemplar actitude durante a pandemia e o excelente desempeño da súa profesión.
- 420. A temporalidade e a escaseza de profesionais nalgúns especialidades serán as principais prioridades. Aproveitaremos todas as capacidades de formación nos servizos acreditados para a formación especializada e incentivaremos a súa permanencia na Comunidade. Singularmente a MFyC (Medicina Familiar e Comunitaria) e Pediatría.
- 421. Estableceremos incentivos para a estancia en consultorios rurais e en hospitais comarcais aproveitando a capacidade da sanidade dixital, o impulso a proxectos de investigación e unha estreita colaboración no conxunto do Sistema
- 422. Para iso, poñeremos en marcha programas de formación continua que aborden prioritariamente as áreas de novos programas e de impulso á investigación en saúde comunitaria e de APS (Atención Primaria de Saúde).
- 423. Estableceremos plans de conciliación para todos os e as profesionais que contribúan á corresponsabilidade e favorezan a promoción de mulleres a ámbitos de responsabilidade.
- 424. A saúde en todas as políticas

- 425. O desenvolvemento da saúde comunitaria precisa da acción conxunta de políticas intersectoriais e interadministrativas. Por iso a cooperación con outros sectores como a educación, os servizos sociais ou o medioambiente son imprescindibles.
- 426. A cooperación cos centros educativos a nivel de Zona Básica de Saúde é imprescindible. O apoio ao desenvolvemento de educación para a saúde, para a adquisición de hábitos saudables, a prevención de adicións, a educación sexual ou o apoio para a atención a nenos ou nenas que precisen apoio de atención ou coidados sanitarios.
- 427. A cooperación cos servizos sociais na identificación dos determinantes sociais en poboacións de risco, especialmente nas familias con fillos en risco de obesidade, adicións, etc, que constitúen as principais fontes e desigualdade en saúde.
- 428. En ambos casos promoveremos programas de actuación conxunta.
- 429. As competencias dos concellos son as de maior influencia nos determinantes sociais e ambientais. A colaboración dos EAP (Equipos de Atención Primaria) e os Concellos é imprescindible para o desenvolvemento da saúde comunitaria.
- 430. Propoñeremos unha Plan de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para impulsar a promoción e protección da saúde
- 431. O impulso á práctica deportiva en instalacións municipais, especialmente na infancia e acceso bonificado para nenos e nenas de familias perceptoras do IMV ou en situación de necesidade informada polos servizos sociais. Tamén as medidas de redución da contaminación en contornas con maiores concentracións de emisións, tráfico, etc. que supoñan risco para a saúde. A calidade das augas de abastecemento e os saneamentos, o control de mercados que asegure a seguridade alimentaria, etc.
- 432. Participación de cidadanía
- 433. A principal aliada e defensora do SNS é a cidadanía. A importancia que lle outorga no seu benestar demostranos o papel relevante que ocupa e a responsabilidade dos poderes públicos no seu fortalecemento e defensa. A cidadanía é, no caso dos servizos de saúde o seu accionista e o seu cliente. Por iso a activa participación da cidadanía na xestión institucional é imprescindible para o fortalecemento e orientación do Sistema.

434. Propoñemos o impulso aos Consellos de Participación do SERGAS, de Área e de Distrito para unha maior implicación na xestión e administración do SERGAS. Defendemos a participación na Zona Básica de saúde para o impulso dos plans de saúde e as prioridades de saúde comunitaria.
435. Tamén propoñemos a posta en marcha de programas de participación das persoas na súa propia saúde, especialmente no caso dos enfermos crónicos para o que propoñeremos a colaboración de pacientes experto potenciando a figura do “Paciente activo”.
436. ATENCIÓN PRIMARIA
437. A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.
438. Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.
439. As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor CCAA de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira CCAA con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90% de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98% (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).
440. A pesar diso, na última década Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo perdendo a oportunidade de xerar maior bolsa de profesionais para nutrir ao sistema. Nos últimos dous anos déronse, sucesivamente, as maiores convocatorias históricas de prazas MIR para todo o Estado e, tamén, para Galicia. Esta convocatoria histórica tamén o foi en termos numéricos para medicina familiar e comunitaria e para a pediatría en atención primaria.

441. A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da atención primaria, coa apertura de grupos de traballo en distintas comisións. Non entanto, a concatenación de problemas levou á Consellería a iniciar as reformulacións do modelo de atención primaria que se concretaron a partir deses grupos á vez que, de maneira paralela, encargaba a un grupo de expertos en xestión sanitaria un outro informe de avaliación. Establecéndose dous procesos de maneira simultánea, aínda que por vías distintas, a publicación do informe de resultados do segundo dos grupos tivo lugar cando as supostas medidas do primeiro deles estaban xa executándose, segundo afirmou constantemente a propia Consellería.
442. A pesares desta confusión provocada polo descontrol na planificación, que resultou nun proceso enlentecido e confuso, os informes publicados poden servir de utilidade para referenciar ideas para a mellora da atención primaria de Galicia. A análise titulada *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* permite concluír un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas polo Goberno de Galicia nos últimos anos. Os expertos en xestión sanitaria que realizan o informe apuntan a numerosos problemas, que poden ser agrupados en grandes temas. A partir destas conclusións, apúntanse notorias deficiencias no sistema, das que se poden destacar:
443. Xestión de persoal: área na que se apunta a un problema de saturación de consultas, necesidade de máis profesionais e da convocatoria anual de prazas, mellora das condicións laborais ou dotar de calidade á contratación eventual.
444. Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais: área na que se plantexa a clarificación de funcións dos profesionais, hoxe confusas, incorporando máis profesionais que permitan diversificar e especificar tarefas, ademais de permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.
445. Planificación da estrutura de funcionamento: que apunta a unha descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximo nivel e non controlados de maneira tan ríxida polas xerencias das EOXIs, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria.
446. Implementación de formación e investigación: temática na que se demanda unha maior formación e dotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.

447. Estas conclusións, en resume do conxunto da avaliación realizada, apunta ás eivas do sistema derivadas dunha política negacionista da realidade que se ven dando nos últimos anos por parte da Consellería de Sanidade, que negouse sistematicamente a afrontar estas realidades que viñan sendo apuntadas por distintos colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un gran número de propostas alineadas con estas conclusións emitidas viñeron sendo sometidas a debate e votación parlamentaria nos últimos anos, recibindo sempre o rexeitamento e negación por parte do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.
448. As nosas propostas son, en materia de
449. A) PERSOAL:
450. a1) Incorporar ao sistema de atención primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte.
451. a2) Renegociar as condicións laborais dos profesionais existentes no sistema a partir de acordos cos representantes en mesa sectorial.
452. a3) Reducir a eventualidade baixando o volume de persoal con contratación temporal a un 8% en dous anos.
453. a4) Mellorar as condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do SERGAS que son contratados de maneira discontinua, evitando a contratación concatenada nos casos en que sexa posible previr o tempo da necesidade.
454. a5) Ampliar a oferta de contratos eventuais e de continuidade dotándoos de maior estabilidade temporal e menor variabilidade espacial.
455. B) ESTRUCTURA ORGANIZATIVA
456. b1) Implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

457. C) COORDINACIÓN DE TAREFAS E APROVEITAMENTO DOS PROFESIONAIS
458. c1) Fomentar a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundizar máis no que pode aportar cada unha delas.
459. c2) Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.
460. c3) Ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria
461. c4) Implementar a figura do profesional ou equipa de triaxe nos centros de saúde
462. D) IMPLEMENTACIÓN DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN
463. d1) Comprometer un incremento das partidas adicadas á investigación sanitaria e formación de profesionais, que as sitúe no marco do ano anterior, e eleve un 5% progresivo cada una ata 2024.
464. ATENCIÓN HOSPITALARIA
465. A pandemia provocada pola COVID alterou por completo o sistema sanitario, cuxos profesionais responderon de maneira contrastadamente eficiente ante os problemas xurdidos. Esta situación evidenciou algúns problemas de xestión, que forzaron a asumir algúns problemas durante as fases máis duras da pandemia pero que, sobre todo, amósanse agora coa dificultade para retomar un escenario de normalidade nas épocas onde estase a recuperar a actividade.
466. No eido da actividade hospitalaria as listas de espera son sempre un problema recorrente na xestión sanitaria. Galicia non queda a zaga e, pese aos datos pretendidamente oficiais, a realidade está en que xa existen irregularidades no cómputo das esperas (como así manifestou o Consello Consultivo na súa apreciación sobre o irregular cómputo dos tempos que permite falsealos) ao contabilizar como espera unicamente o tempo que

transcorre dende que se define unha data concreta pero non dende que o paciente está realmente esperando.

- 467. Ademais existe unha negativa permanente do goberno da Xunta a facilitar os datos de espera estruturais, que inclúen a todas as persoas que están a espera dunha consulta, diagnóstico ou intervención, e non a aquelas que xa teñen data marcada (que é único cómputo actual). A maiores desta circunstancia, os tempos de espera para consultas, diagnósticos ou intervencións cirúrxicas complicouse e elevouse con motivo da pandemia, o que resulta natural e comprensible.
- 468. Na situación actual é preciso afrontar que a recuperación dun elevado grado de normalidade na convivencia co virus, precisamos afrontar solucións excepcionais para recuperar o pulso previo. Neste punto cabe mencionar unha ineficiente optimización de recursos xa existente previamente á pandemia, como son os recursos hospitalarios (materiais e humanos). Os centros hospitalarios ven reducida drasticamente a súa actividade en horario de tarde, o que limita o aproveitamento de espazos e tecnoloxías, que ademais de ser custosas e estar a disposición, sofren e perden capacidade operativa co paso do tempo.
- 469. Dada esta situación, e co aumento de tempos de espera rexistrados xa sobre os datos oficiais, ademais da incongruente situación pola que non é posible coñecer a realidade das esperas en Galicia, é preciso establecer medidas excepcionais para mellorar así como tamén tomar decisións que permitan cambios estruturais no sistema para optimizar o rendemento dos recursos.
- 470. A existencia de fondos extraordinarios para a COVID aportados dende o Estado, que permitiron aumentar os orzamentos existentes e permiten aínda deseñar plans de mellora baseados no aumento de recursos (non só materiais senón tamén humanos), facilita a posibilidade de adoptar medidas extraordinarias para o fin de avanzar na situación actual.
- 471. As nosas propostas
- 472. A) Avaliar a existencia de desequilibrios en capacidade diagnóstica provocadas pola pandemia COVID, con especial atención a servizos que traten patoloxías tempodependentes, e dedicar os recursos para recuperar os problemas producidos pola pandemia.
- 473. B) Levar a cabo un Plan Especial de Actividade Hospitalaria, destinado a reducir as listas de espera en consultas, diagnósticos e intervencións cirúrxicas.

474. C) Planificar de maneira ordenada os medios existentes nos centros hospitalarios de cara a establecer un sistema estable máis eficiente de usos dos recursos materiais e humanos, e poder utilizalos de maneira máis intensiva durante máis tempo da xornada habitual.
475. D) Desenvolver un Catálogo de Servizos Básicos Hospitalarios, que estará composto por aqueles que son de maior hábito de uso e de maior relevancia, segundo criterios clínicos expertos, para garantir a presenza en todos os hospitais de Galicia de equipas profesionais adscritas a cada centro que manteñan de maneira continuada a actividade destes servizos en cada centro hospitalario con persoal e recursos propios.
476. SAÚDE MENTAL
477. A saúde mental foi historicamente considerada unha rama menor, e por tanto minusvalorada, dentro dos sistema sanitario. Esta consideración ten a súa orixe na tendencia a reducir o impacto visible e a difusión sobre as cuestións relacionadas coa saúde mental, a tentar de ocultar os debates e a considerar que a sensibilidade dos temas que trata debe levar a facelo con menor atención.
478. Froito disto, que tamén crea unha conciencia social de agochamento, sumado a certas cuestións culturais e históricas, resulta que a saúde mental ven sendo sempre menos atendida dende os sistemas sanitarios do que debera. Como consecuencia disto, por poñer un exemplo, atopámonos coa deslocalización de diversos servizos de saúde mental fora dos centros sanitarios de referencia, afastándoos e xerando un sistema paralelo aparte.
479. A realidade actual en Galicia é dura para este ámbito asistencial. As ratios de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especializada son as menores de España en profesionais por habitante, e o déficit de recursos persoais tamén se acompaña de falta de medios materiais axeitados.
480. Os datos sobre suicidios seguen a ser alarmantes na nosa comunidade, con índices que destacan en negativo respecto do conxunto de España, a pesares de contar con especialistas dentro do sistema que teñen amosado unha enorme capacidade de desenvolvemento de programas beneficiosos para os pacientes e a sociedade en xeral. O concepto do sistema como compartimentos estancos dificulta a coordinación de actuacións, o que provoca maiores dificultades para afrontar o problema.
481. A pandemia provocada pola COVID ven a disparar a grave preocupación da situación da saúde mental. Por un lado as persoas que estaban en tratamento e seguimento tiveron,

dende o principio da pandemia e por mor das restricións e da orientación dos recursos ao combate contra a COVID, problemas para a continuidade.

482. Estas interferencias dificultaron en moitas ocasións a adherencia e limitaron a capacidade do sistema de facer unha atención máis personalizada e eficaz. Por outro lado a duración e a gravidade da situación pandémica provoca novos cadros clínicos e agudiza situacións latentes. A coñecida como “fatiga pandémica” é so un de tantos problemas, como os asociados á soidade non desexada, especialmente en pacientes de maior idade, ou a dificultade para novos diagnósticos que ten o sistema.
483. A saúde mental será a gran resaca das últimas etapas da pandemia, e da situación post-COVID. Fronte a elo, o enésimo lanzamento do Plan Galego de Saúde Mental, que dende 2012 ven sendo anunciado en épocas preelectorais pero logo esquecido, parece acompañarse agora dunha intención de aparentar investimentos.
484. Non son coñecidas, non entanto, iniciativas encamiñadas a incrementar o volume real e efectivo de profesionais de saúde mental no sistema, e as dotacións económicas que se inclúen nos orzamentos 2022 son exiguas dadas as necesidades detectadas polos propios profesionais.
485. As nosas propostas
486. A. Desenvolver de maneira efectiva, e coa dotación axeitada, o Plan Galego de Saúde Mental, que permita afrontar en mellores condicións a capacidade asistencial destes servizos. De maneira principal focalizaranse os esforzos en igualar en 3 anos as ratios de profesionais existentes á media estatal.
487. B. Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.
488. C. Desenvolver de maneira efectiva o Plan Galego contra o Suicidio, tomando como referencia as experiencias profesionais de contrastada efectividade, dotando de recursos materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento dunha planificación a longo prazo guiada polos profesionais de saúde mental do sistema público de saúde de Galicia
489. SAÚDE PÚBLICA

490. Unha das ensinanzas que evidenciou a pandemia provocada pola COVID foi a necesidade de reforzar o sistema de saúde pública de Galicia. As dificultades iniciais para dispoñer de material de protección, as complicacións para xestionar e manexar os datos existentes e a complexa tarefa de difundir e concienciar das condutas útiles en materia de saúde pública para toda a poboación foron algúns dos problemas aos que nos tivemos que enfrontar como sociedade, e ás que o sistema sanitario debeu poñer fronte.
491. Resultou unha evidencia que todo investimento en saúde pública ten sempre unha grande repercusión no conxunto da sociedade, e que a prevención e a capacidade de anticipación será sempre a mellor arma contra calquera problema de saúde pública e comunitaria. Así pois, débese incorporar un maior protagonismo da saúde pública ao sistema sanitario público de Galicia, o que agora mesmo está en risco ao diminuír máis dun 6% nos orzamentos de 2022 a partida dedicada a este fin.
492. As nosas propostas
493. A. Crear a Axencia de Saúde Pública de Galicia, dependente do SERGAS, dotándoa dos medios axeitados e con funcións de capacidade de análise, investigación e apoio nas actuacións referidas a cuestións relativas á saúde pública, así como de promoción e difusión de hábitos saudables e boas prácticas en saúde comunitaria.
494. B. Adquirir, manter e renovar de maneira constante un stock de material hixiénico e de equipos de protección para afrontar posibles problemas de saúde pública con recursos propios evitando os posibles problemas de abastecemento iniciais.
495. C. Programar un conxunto de accións de difusión de boas prácticas en hixiene e saúde pública, así como de labores de concienciación en termos de saúde pública como a participación activa en campañas de vacinación, tanto nas dirixidas a grupos concretos (vacinação infantil) como a poboación xeral (gripe).
496. INFRAESTRUTURAS SANITARIAS DE GALICIA
497. A nosa proposta
498. O deseño das infraestruturas sanitarias en Galicia debe ser coordinado e garantir os principios de equidade no acceso e tratamento para toda a cidadanía, independentemente de onde viva. Isto debe combinarse tanto coa necesaria optimización dos recursos existentes, sempre limitados, e coa eficiencia no traballo

asistencial dos profesionais, que deben manter un nivel de traballo nunca saturado pero tampouco excesivamente baixo para poder manter a práctica clínica nos niveis ideais.

499. Dado o anterior, e contando coas dificultades de xestión nun territorio de comunicacións complexas, poboación envellecida e dispersas, o esquema básico de infraestruturas que Galicia debe plantear fundaméntase nos seguintes niveis:
500. Atención Hospitalaria
501. Complexos Hospitalarios Universitarios
502. Denomínanse así aos centros ubicados nas sete grandes cidades, que poden incluír mais dun centro físico pero que funcionan en rede e complementariamente, como eixos das grandes áreas poboacionais e por ser centros tamén formativos dos estudantes. Son as grandes referencias do sistema de especialización hospitalaria, e deberan conter un gran catálogo de servizos con persoal autónomo.
503. Actualmente, o funcionamento das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) outórgalles moita capacidade autónoma, actuando como entes case independentes en termos de xestión uns con respecto a outros.
504. Asistencialmente deben cubrir a maior parte de procesos asistenciais complexos. En casos particulares, algúns destes procesos son concentrados só nalgúns centros hospitalarios, por requirir unha enorme especialización (profesionais moi específicos e tecnoloxía moi precisa e custosa) e/ou por ter un volume de aplicabilidade relativamente pequeno (unidades de atención a enfermidades raras). Pode existir o caso de unidades.
505. Hospitais comarcais
506. Ubicados en sete poboacións (Cee, Ribeira, Vilagarcía, Verín, O Barco, Monforte, Burela) para agrupar áreas poboacionais con tamaño propio ou con grandes distancias sobre os complexos hospitalarios.
507. A reforma da Lei de Saúde de 2017 retiroulles a categoría de hospital de referencia de área sanitaria, porque eliminou as áreas sanitarias comarcais concentrándoas en 7 (en torno ás grandes cidades). Isto acentuou un problema de perda de servizos ou de mantemento deles pero con persoal que rota dende os centros hospitalarios das cidades, coa conseguinte perda de continuidade asistencial.

508. A reivindicación do PSdeG está en recuperar as áreas sanitarias comarcais.
509. É absolutamente comprensible que non todos os centros hospitalarios deben ter todos os servizos, e que os comarcais non son (nin deben ser) de igual entidade e capacidade que os complexos hospitalarios, pero dende o PSdeG propoñemos a existencia dun Catálogo de Servizos Mínimos, que contemple cales son os fundamentais que si deben existir nos hospitais comarcais (por volume de traballo, hábito, risco ou facilitación á cidadanía coa súa presenza) e que se garantan con persoal propio dos centros.
510. Neste grupo estarían os máis habituais, como cardioloxía, traumatoloxía, xinecoloxía...e os que con criterios clínicos se marcasen. Outros servizos, como oncoloxía, poderían manter o sistema actual no que se pretende facilitar o servizo “tutelado” dende o complexo hospitalario principal, aínda que a tendencia debера ser á proximidade.
511. Atención Primaria
512. A rede de atención primaria ten a súa base nos centros de saúde. Galicia ten pouco menos 400 distribuídos na xeografía. Isto inclúe os centros de saúde estándar, con pretensión da existencia de un por cada localidade, e os consultorios, que son espazos pequenos ubicados en puntos dispersos na xeografía como aldeas alonxadas dos centros das vilas, e que habitúan a ter unha única consulta para un médico/a e, como debера ser normal, un/unha enfermeira.
513. Os centros de saúde deberan ter a capacidade de ter médicos/as de primaria, enfermería e pediatría, cada volume de profesionais no que corresponda á ratio. Estes centros, segundo o seu tamaño, deberan implementar servizos de matrona, fisioterapia...
514. A proposta do PSdeG é que se convertan en puntos verdadeiramente resolutivos, e a xeografía galega de atención primaria dote a estes centros de contacto estandarizado con profesionais de saúde mental, traballo social, unha dotación axeitada de profesionais e con medios materiais adecuados.
515. A Atención Primaria tamén inclúe os Puntos de Atención Continuada, que son as “urxencias de primaria”. Funcionando polo de agora de 15h a 8h, cando os centros de saúde están pechados, e agrupados en torno as poboacións de referencia comarcal (en varias comarcas hai máis de un, segundo poboación).

516. Hai 90 en Galicia. Os PAC son os puntos que teñen, e deben ter, coordinación co sistema de transporte urxente (ambulancias), e deberan establecerse espazos contando con este servizo que funcionará, de maneira habitual, entre PAC e Urxencias dos Hospitais.
517. Centros Integraais de Saúde
518. Denominados nalgún momento CAR (Centros de Alta Resolución). Son unha ferramenta intermedia, que debера ser unha infraestrutura valorada para comarcas con maiores distancias e máis dificultades de comunicación cos hospitais, ou tamén para aquelas que ven incrementado de maneira exponencial a poboación en determinados momentos (verán).
519. Son centros de saúde con ferramentas “a maiores”, como servizos de radioloxía en perfecto funcionamento, por exemplo, que alixeira a derivación constante a hospitais (coa conseguinte saturación) e que deberan estar dotados da posibilidade de certas intervencións ambulatorias, para facilitar unha resolución non hospitalaria con maior facilidade. Non pretenden ser pequenos hospitais, pero si centros de referencia claros para o conxunto dos servizos de atención primaria e ir un pouco máis alá para desafogar hospitais e para evitar constantes transportes.
520. Estas condicións fixeron apostar por estes centros en lugares como O Morrazo, ou o Deza (Lalín), pero a realidade actual da xestión da Consellería é que só foi para o ano 2021 que o orzamento contempla o inicio da construción en Lalín dun centro destas características, mentras que en O Morrazo aínda continúa a demora. Outros lugares como o Ortegal, podería avaliarse para estas infraestruturas resolutivas e que, polo de agora, foron pouco valoradas.
521. A TELEMEDICINA E O TERRITORIO
522. Queremos impulsar a telemedicina para mellorar e ampliar o acceso dos pacientes ao Servizo Galego de Saúde, especialmente dos que residen en zonas con menor densidade de poboación.
523. É necesario que o noso sistema sanitario estea dixitalizado e ademais accesible telematicamente; esta é unha das leccións apresas desta pandemia. A cohesión territorial nunha contorna virtual é unha prioridade; tamén unha oportunidade para que as persoas que viven en zonas rurais e na Galicia con menor densidade de poboación poidan acceder máis e mellor aos servizos sanitarios.

524. Na xestión sanitaria debemos mirar cara a adiante e utilizar ferramentas vangardistas, polo que queremos impulsar o desenvolvemento das liñas recolleitas no Marco Estratéxico da Atención Primaria e Comunitaria no que ás tecnoloxías da información refírese.
525. Para ampliar ao ámbito virtual as prestacións da atención primaria, para mellorar a accesibilidade dos pacientes aos profesionais sanitarios de atención primaria e facilitar a estes o seu traballo, sempre desde o respecto á humanización na atención aos pacientes, e sen que iso supoña unha merma no contacto co paciente. Porque a humanización e a dixitalización son compatibles
526. Mellorar e modernizar a dotación tecnolóxica, dixitalización, equipamentos informáticos, para diagnóstico e tratamento que permitan o traballo en rede e as novas formas de teleasistencia e monitorización individualizada de parámetros clínicos, protexendo a equidade no acceso e a asistencia centrada na persoa. A pandemia tamén puxo de manifesto a urxente necesidade de ter a man a información persoal sanitaria que permita adaptar situacións individuais ás medidas sanitarias que as autoridades decidan, sería necesario e xa imprescindible potenciar e facer efectiva a Tarxeta Sanitaria Interoperable que permita compatibilizar na práctica e facilmente a información e as medidas.
527. INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN
528. No PSdeG queremos que a investigación e a innovación sexan unha parte moi relevante do sistema de saúde a través do cal impulsar a calidade dos servizos sanitarios en Galicia e, polo tanto, a saúde da poboación galega. Creando unha rede de investigación biomédica con sedes en todas as provincias galegas, que xerará riqueza, emprego e coñecemento nos territorios.
529. ACCESO OS MEDICAMENTOS
530. Consideramos necesaria a racionalización do uso de medicamentos e o acceso en equidade aos mesmos. As medidas de racionalización e eficiencia no gasto farmacéutico deben ir unidas a políticas de formación no uso adecuado do medicamento, na aplicación de tecnoloxías que axuden á boa prescrición e a educación sanitaria da poboación. Contando cos profesionais expertos, os farmacéuticos.
531. TECNOLOXÍA SANITARIA

532. A administración sanitaria galega haberá de continuar afrontando un plan renove para non incorrer nos riscos e problemas da obsolescencia tecnolóxica. Os equipos de alta tecnoloxía sanitaria viñéronse consolidando como un instrumento esencial na práctica asistencial. A incorporación da ciencia e o desenvolvemento tecnolóxico lograron grandes avances nos procesos asistenciais, á vez que supoñen o desenvolvemento de sectores punteiros da industria innovadora. Permitiron o continuo incremento da capacidade diagnóstica, a maior eficacia terapéutica, mellóraa da seguridade dos e as pacientes e a práctica profesional baseada na evidencia científica.

533. PROFESIONAIS SANITARIOS

534. Consideramos necesario realizar unha análise exhaustivo, sosegado, consensuado, profundo e de longo percorrido no ámbito de profesionais. Sen dúbida a transformación nesta materia require de dous elementos fundamentais: financiamento e accións para dignificar as distintas categorías profesionais que conforman o noso sistema sanitario. Consegur unhas retribucións adecuadas, a estabilización laboral e plans de desenvolvemento profesionais reverterá na captación, o compromiso persoal e a fidelización profesional do capital humano que debe conformar o noso sistema.

535. Comprometémonos cun novo sistema de incentivos que premie a implicación individual dos e as profesionais para mellorar a súa carreira profesional, redefinindo o modelo retributivo de maneira que teña en conta a especial dedicación. Facer evolucionar o modelo de carreira profesional vinculándoo a plans de formación específicos, docencia, investigación e transferencia do coñecemento.

536. É necesaria a estabilidade dos persoais e mellóraa dos contratos e convenios que incorporen criterios de conciliación da vida familiar e laboral. Para terminar con situacións como as denunciadas polo colectivo #enfermerasenloita.

537. DEREITO Á SAÚDE

538. Traballaremos para garantir desde o PSdeG o dereito á saúde como un dereito prioritario, que protexa a saúde e a vida das galegas e dos galegos. O futuro pasa por un fortalecemento do Servizo Galego de Saúde, destinando recursos económicos, técnicos e humanos para alcanzar a excelencia, mellorar a efectividade e avanzar na innovación da atención sanitaria e para continuar incorporando novos servizos e prestacións que resolvan as necesidades de saúde da poboación con máis calidade, seguridade e igualdade.

539. A EDUCACIÓN COMO CLAVE DE BÓVEDA DA TRANSFORMACIÓN PERSOAL E SOCIAL

540. Educación: Dereito e Ben Público.
541. A educación é ao mesmo tempo un dereito, recollido na Constitución e no sistema universal dos dereitos humanos, e un ben público fundamental da sociedade. Un dereito, polo papel que representa no desenvolvemento persoal, e un ben público para a sociedade en tanto que da súa implantación e calidade depende o grao de benestar e cohesión social que poida acadar.
542. Calidade educativa: Excelencia + Equidade + Inclusión
543. Xa que logo, e para cumprir de forma eficaz a súa función, o sistema educativo debe acadar o maior grao de calidade posible. Calidade que, para os e as socialistas, implica necesariamente a conxunción de excelencia, equidade e inclusión.
544. Equidade, para que toda persoa, con independencia da súa condición, poida ter a certeza de acceder ao sistema educativo en condicións de igualdade e de poder contar cos apoios precisos para desenvolver toda a súa potencialidade.
545. Excelencia, aportando o conxunto de medios e recursos, persoais e materiais, que permitan acadar con pleno éxito a función educadora.
546. Inclusión, que todas as persoas, sexa cal fora á súa condición, aprendan xuntas, entendendo a diversidade como unha riqueza colectiva e aportando os medios necesarios para compensar aqueles factores que poidan dificultar os logros educativos e permitan así acadar ao alumnado o máximo grao de desenvolvemento persoal, intelectual, moral e social.
547. Sistema Educativo Público: Eixo vertebrador, garante e sostén.
548. Entendemos que a educación, ademais da súa función formativa das persoas, debe incidir na súa función como ascensor social e así facer patente o seu papel como instrumento para a igualdade de oportunidades, a cohesión social e o o desenvolvemento das liberdades individuais.
549. A escola pública escolariza en España ao 67,1% do alumnado das ensinanzas de Réxime Xeral previas á universidade, con importantes diferenzas en porcentaxes segundo

Comunidades Autónomas; no caso de Galicia esta porcentaxe é do 72,4%, que é moi próxima a outras Comunidades Autónomas como Andalucía, Asturias, Cantabria ou Murcia.

550. Pero o feito de que a porcentaxe de alumnado escolarizado en centros públicos sexa superior á media estatal non debe, en ningún caso, levarnos a concluír que o sistema público educativo galego conte con políticas acertadas.
551. Algunhas políticas practicadas nos últimos doce anos, coincidindo coa chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galicia, con medidas de recorte no financiamento para gastos de mantemento dos centros, redución do número de docentes, limitación de oferta educativa, de prestación de servizos complementarios, actividades extraescolares ou non substitución de profesorado, son algúns dos motivos polos que a escola pública necesita políticas de reforzo.
552. Cabe lembrar o contexto internacional en relación ao papel, extensión e protección da escola pública. A escola pública é a referencia incuestionable nos países occidentais. Coa excepción de dous países, Bélxica e Holanda, outros como Estados Unidos, Alemaña, Francia e Italia, importantes pola contía do seu número de habitantes e polo seu peso específico no mundo, así como algúns como Finlandia, Suecia ou Dinamarca, que se adoitan citar polos seus éxitos escolares, gozan todos eles de sistemas educativos vertebrados pola escola pública.
553. A escola pública é a escola de e para todos os cidadáns; cumpre unha función esencial, unha necesidade, a de formar cidadáns, pero tamén a de integrar clases sociais, comunidades culturais, alumnos e alumnas de distintas procedencias sociais, culturais e relixiosas. É a que permite o exercicio do dereito á educación garantindo a igualdade de oportunidades, unindo o desenvolvemento persoal que se produce grazas á educación, coa integración na sociedade á que pertencemos.
554. Isto implica que calquera familia de calquera clase social, preferencia relixiosa ou cultural ou pertenza étnica e lugar de residencia, dispoñerá para os seus fillos dunha escola pública de igual calidade que as restantes.
555. Calquera país que aspire a ter cohesión social debe ter un modelo de escola que integre a diversidade social existente e que elimine calquera tipo de gueto, porque a escola non pode ser excluínente nunha sociedade que teña como meta un Estado social e democrático de dereito.

556. Debemos lembrar que a escola pública escolariza maioritariamente ao grupo de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, así como aos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo, a poboación inmigrante ou estudantes con discapacidade, non segrega e é gratuíta, tal e como recolle a Constitución Española.
557. Na rede de centros financiados con fondos públicos non se pode permitir ningunha forma de segregación escolar nin de separación entre o alumnado por razóns socioeconómicas, cuestións que afondan no futuro en maiores desigualdades e divisións sociais. Debe pois quedar garantida a igualdade, a non discriminación e o equilibrio no acceso do alumnado aos centros.
558. Comprometemos un sistema educativo público de calidade como sistema vertebrador, garante e sostén do dereito á educación. Só cunha rede pública potente e fortalecida poderemos dar resposta aos retos da sociedade actual tan complexa e cambiante na que nos toca vivir.
559. Un modelo de educación pública e laica, como máxima expresión do respecto ao conxunto de confesións e ao dereito das familias, o que implica avanzar no indicado na LOMLOE e que, en ningún caso, poida haber unha materia alternativa á educación relixiosa nin esta ser computable en termos académicos.
560. Un sistema educativo público universal, científico, laico e gratuíto nas etapas obrigatorias, que posibilite, a través de políticas de axudas, becas e taxas, que ningunha persoa, por razóns de carácter socioeconómico, poida ver truncado o seu acceso ao resto das etapas educativas.
561. Rede educativa galega.
562. As políticas educativas practicadas nos últimos anos, carentes de calquera avaliación que permita contrastar a súa eficacia, teñen creado problemas estruturais no sistema educativo galego que dificilmente poden enmascarse coa autocompracencia de indicadores externos que se empregan sen o máis mínimo rigor, obviando como variables explicativas aspectos tan relevantes como, por exemplo, a menor porcentaxe do Estado, xunto con Extremadura, en poboación de orixe estranxeira atendida (un 9,9% de media estatal e un 3,6% en Galicia), por citar un exemplo.
563. Temos unha rede de centros públicos que necesita dunha revisión profunda e non de actuacións puntuais en cada curso, que acaban configurando unha situación de facto que xera problemas en cada inicio de curso en distintos ámbitos.

564. A promulgación da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) ano 1990 e a súa implantación ao longo da década dos anos noventa do século pasado trouxo consigo, entre outras cousas, a necesidade de reorganizar a rede de centros da nosa Comunidade Autónoma.
565. Se partía dunha estrutura de ensinanzas derivada da Lei Xeral de Educación do ano 1970 con ensinanzas de Educación Xeral Básica (EXB) e as etapas posteriores, o bacharelato unificado polivalente (BUP) e Formación Profesional de 1º grao (FP1) que foi necesario acomodar á Educación Primaria e á Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
566. Tamén se partía dunha rede de centros que impartían as ensinanzas existentes e que debeu adecuarse ás novas etapas, o que supuxo o traslado dos alumnos dos cursos 7º e 8º de EXB á centros de ensinanza secundaria para cursar os equivalentes de 1º e 2º da ESO, que xunto con 3º e 4º desta mesma etapa pasaron a ser obrigatorios.
567. Na nosa Comunidade Autónoma creouse un novo tipo de centros, os Centros Públicos Integrados (CPI) que, na súa concepción inicial, tiñan como obxectivo evitar longos traslados do alumnado de zona rurais, de modo que as ensinanzas obrigatorias se cursasen por completo no que antes eran centros de EXB.
568. O Goberno da Comunidade Autónoma tomou naquel momento a decisión de elaborar un extenso e detallado documento de planificación coñecido como a Rede de Centros, na que se establecían os centros existentes e os de nova creación, así como a adscrición entre eles, xunto co número de unidades necesarias para a efectiva escolarización do alumnado.
569. Ademais, reguláronse, coa necesaria negociación cos representantes do profesorado, os postos de traballo para os distintos corpos docentes o que deu lugar aos correspondentes procesos de adscrición.
570. Todos os procesos que se acaban de describir tiveron un elemento fundamental que os caracterizou: o diálogo.
571. A perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros, incluso o peche dalgún deles, da lugar a situacións graves que deberan ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

572. A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos.
573. A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e por tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.
574. Por outra banda, non podemos facer abstracción da actual realidade educativa no relativo á formación profesional e á necesidade de que, na máxima medida do posible, a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes da formación profesional de primeiro e segundo grao correspondentes á xa mencionada Lei Xeral de Educación de 1970.
575. O PSdG-PSOE entende que ten chegado o momento de facer unha planificación seria, obxectiva, que conte co necesario consenso, que forneza a oferta pública, con particular intensidade no mundo rural, que dote de estabilidade ao sistema educativo da nosa Comunidade Autónoma e que, en definitiva, se faga con perspectiva de País; unha política na que se fundamenten as decisións que se deban tomar e que, á súa vez, impida actuacións unilaterais do goberno.
576. Por ese motivo consideramos que é preciso activar os mecanismos precisos para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros de xeito que se garanta de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación da nosa Comunidade Autónoma, incluíndo na mesma todos os criterios e extremos necesarios para acadar dita igualdade.
577. Educación no eido rural.
578. O anterior presenta a súa cara máis preocupante na Galicia rural. Efectivamente, a grave crise demográfica, que afecta fundamentalmente ao mundo rural, reflíctese en varios feitos:
579. No ano 1998 había en Galicia 22.276 nenas e nenos de 6 anos que é idade na que se inicia a escolarización obrigatoria en educación primaria e no ano 2020 hai 20.521, unha redución do 7,88%.

580. As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 14.486 o número de nenas e nenos de 6 anos no ano 2031 (dentro de dez anos).
581. Do mesmo xeito, no ano 1998 había en Galicia 28.899 alumnos e alumnas de 12 anos, que é a idade de inicio da educación secundaria obrigatoria, e no ano 2020 esa cifra descendeu ata os 23.176, unha redución do 19,80%.
582. As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 17.930 o número de alumnos a alumnas de 16 anos no ano 2031 (dentro de dez anos).
583. Tamén se pon de manifesto en numerosos concellos de Galicia que ao remate das etapas obrigatorias hai alumnado que debe escolarizarse noutras localidades o que implica non poucas complexidades para este alumnado e as súas familias, dende os horarios ata o custo económico para as familias.
584. O anterior pon o foco sobre un problema que a Comunidade Autónoma de Galicia non ten abordado nin dende o ámbito político nin moito menos dende a acción governamental na última década, negando toda posibilidade de facer unha planificación seria, obxectiva, que conte co necesario consenso, que forneza a oferta pública, con particular intensidade no mundo rural, que dote de estabilidade ao sistema educativo da nosa Comunidade Autónoma e que, en definitiva, se faga con perspectiva de País; unha política na que se fundamenten as decisións que se deban tomar e que, á súa vez, impida actuacións unilaterais do goberno contrarias a un interese común acordado co máis amplo consenso posible.
585. Non podemos obviar que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación inclúe un artigo específico, o 82, relativo á igualdade de oportunidades no ámbito rural, establecendo con claridade que as Administracións educativas terán en conta o carácter específico da escola rural proporcionándolle os medios e sistemas organizativos necesarios para atender ás súas necesidades particulares e garantir a igualdade de oportunidades.
586. Impulsarase o incremento da escolarización do alumnado de zona rural nos ensinos non obrigatorios, procurando unha oferta diversificada destes ensinos, relacionada coas necesidades da contorna, adoptando as oportunas medidas para que dita oferta proporcione unha formación de calidade, especialmente con programas de formación profesional vinculados ás actividades e recursos da contorna, que para garantir a igualdade de oportunidades no ámbito rural.

587. Tamén se realizará un axuste razoable dos criterios para a organización da optatividade do alumnado de educación secundaria nos centros que polo seu tamaño puidesen vela restrinxida, que facilitarán a dotación dos centros do ámbito rural con recursos humanos suficientes e fomentarán a formación específica do profesorado das zonas rurais, favorecendo a súa vinculación e identificación cos proxectos educativos do centro e que dotarán á escola rural de materiais de aprendizaxe e de recursos educativos na internet.
588. Ante ese sensato mandato o PSdG-PSOE considera que se deben enfrontar novos retos para cumprilo e que existe un amplo espazo de mellora con respecto á escola rural.
589. Con esa finalidade, e tomando como referencia instrumentos de análise e resposta que se teñen adoptado en comunidades autónomas que comparten problemáticas similares ás de Galicia, como o Principado de Asturias ou Aragón, apostamos pola creación dun Observatorio da Escola e Educación Rural en Galicia como un órgano colexiado de carácter consultivo, de asesoramento e participativo das diferentes entidades e Administracións implicadas no desenvolvemento do medio rural e na estrutura dun modelo educativo propio da escola rural galega, que permita ofrecer propostas xerais coas que lograr a estruturación e consolidación do modelo educativo propio da escola rural galega, e que indirectamente favoreza o desenvolvemento do medio rural en xeral, tendo en conta as súas necesidades actuais así como as previsións e formulacións de futuro.
590. A educación no eido rural debe contemplar en Galicia unha referencia inexcusable dentro das políticas educativas. Existen actualmente discriminacións educativas en función do territorio que deben ser analizadas con rigor para así confluír nun modelo educativo adaptado as condicións socioeconómicas e demográficas das distintas comarcas galegas, fuxindo de modelos que igualan, sen atender as diferenzas, ratios de alumnado e de docentes, así como de medios, no conxunto do territorio galego.
591. A nosa lingua.
592. “A lingua é a expresión da nosa identidade, da nosa propia personalidade como ser colectivo”. Estas palabras pronunciadas por Ramón Piñeiro no Parlamento de Galicia en nome das e dos socialistas galegos reflicte nidiamente o noso sentir sobre a nosa lingua.
593. Defendemos a liberdade lingüística de cada persoa como dereito a facer a súa vida en calquera dos dous idiomas, galego ou castelán, debendo asegurarse o marco de convivencia lingüística dende as administracións.

- 594. Coa mesma firmeza, consideramos que o sistema educativo galego debe garantir ao alumnado competencias plenas semellantes tanto en lingua galega como en lingua castelá ao remate da ensinanza obrigatoria.

- 595. O Plan Xeral de Normalización Lingüística de Galicia foi aprobado no Parlamento de Galicia por unanimidade no ano 2004, contemplando a necesidade dunha discriminación positiva cara a lingua galega.

- 596. No ano 2007 aprobouse o Decreto 124/7, polo que se regulaba o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Un texto resultado dun grupo de traballo que por primeira vez, ademais de polo propio goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, incorporaba a representantes das tres forzas parlamentarias con presenza no Parlamento de Galicia.

- 597. O Partido Popular, á súa chegada ao poder, rachou de forma lamentable co consenso, utilizando a lingua como elemento de fractura social e de conflito lingüístico e situándose á marxe de calquera posible acordo.

- 598. Comprometemos a procura dun gran acordo lingüístico no conxunto da sociedade galega que permita un novo marco de consenso asentado nas bases dun pacto estable e perdurable no tempo.

- 599. Lei de Educación de Galicia.

- 600. Compre acordar no noso país un texto legal que dea cobertura, integre, sume e actualice o actual corpus lexislativo en materia de educación. Xa que logo, é preciso acometer, dende a cultura do pacto e do consenso, unha Lei de Educación de Galicia como marco normativo que estableza o modelo educativo do noso país.

- 601. Esa Lei de Educación de Galicia debe implicar a todo o conxunto da sociedade galega, especialmente aos sectores e axentes sociais máis involucrados coa educación (docentes, nais e pais, alumnado, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica,...) así como ao conxunto de administracións e institucións educativas.

- 602. Financiación Educativa: a mellor inversión social.

- 603. Non podemos obviar que a política de recortes dos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia reduciu de forma alarmante os medios humanos en todo o sistema de educación pública, poñendo en grave perigo o nivel de calidade alcanzado co esforzo de

toda a sociedade galega nos últimos 30 anos. No só se reduciu o número de docentes non universitarios de 31.480 no curso 2009/2010 a 30.041 no curso 2019/2020 (1.439 profesores menos), se non que as súas condicións laborais empeoraron o que ten unha repercusión dobre: sobre o propio colectivo e sobre o alumnado.

- 604. Máis horas de clase, máis alumnos por aula, máis materias afíns; esa é a realidade dos últimos anos, como consecuencia desa redución á que se acaba de facer referencia. A falaz afirmación do goberno da Xunta de Galicia e o Partido Popular de facer máis con menos amosa aquí unha das súas facianas máis visibles: incrementar o horario docente permitiu non facer máis con menos se non facer máis explotando aos mesmos que xa estaban.
- 605. A comunidade educativa galega en xeral e o profesorado en particular necesitan dunha estratexia específica que permita a recuperación das condicións adecuadas que beneficiarían, sen dúbida, á calidade do ensino. A financiación da educación debe ser sempre contemplada como a mellor inversión que pode realizar unha sociedade de cara ao seu desenvolvemento. A realidade de Galicia amosa uha realidade provocada polo goberno das forzas conservadoras que apostaron por unha redución dos orzamentos en educación que debilitaron o noso sistema educativo, nomeadamente a rede educativa pública.
- 606. Comprometemos un incremento progresivo no investimento en educación do 5% do PIB que permita, xunto co apoio do goberno central e a chegada dos Fondos Europeos, acadar un nivel de inversión que permita o necesario incremento de recursos para acadar o nivel de calidade esixible no século XXI ao noso sistema educativo.
- 607. A incidencia das crises no Sistema Educativo.
- 608. A crise económica da primeira década do século XXI foi utilizada polas forzas conservadoras como a escusa perfecta para reducir de forma considerable os investimentos en educación, afectando de forma considerable e nada inocente á rede pública.
- 609. Esta situación provocou un notorio debilitamento do noso sistema educativo que provocou un manifesto incremento da segregación e da desigualdade, amais dun claro deterioro nas políticas de inclusión. Quedaba así seriamente danado un dos grandes pilares do Estado do Benestar en consonancia, por desgraza, co que acontecía, por exemplo, na Sanidade Pública ou na Atención á Dependencia.

610. A recente crise derivada da pandemia da COVID-19 non fixo máis que deixar patente esta situación de grandes carencias no eido educativo que houbo que suplir con achegas de urxencia por parte do Estado que permitiran paliar a situación mediante a inxección de fondos ás Comunidades Autónomas.
611. A redución de docentes, a falta de recursos materiais e a falta de inversión na dixitalización nos centros educativos, foron exemplos constatables do retroceso acontecido no sistema educativo público, así como a hipertrofia das partidas dedicadas á formación permanente do profesorado.
612. A reacción da Unión Europea, moi distinta ás políticas austericidas da crise anterior, contribuíu á implementación de fondos cos que fortalecer o Estado do Benestar implementando políticas expansivas co claro obxectivo de que “ninguén se quede atrás”. O protagonismo do goberno socialista liderado por Pedro Sánchez foi clave neste cambio de tendencia nas políticas da UE.
613. Educación Infantil.
614. A importancia da educación nos primeiros anos de vida está suficientemente contrastada como elemento fundamental no desenvolvemento infantil e factor clave para a igualdade de oportunidades. A actual lei educativa, a LOMLOE, reafirma, sen ignorar a súa función complementaria de apoio á conciliación, o carácter educativo desta etapa.
615. Constitúe un obxectivo de primeira orde acabar coa brecha social e territorial no acceso ao ciclo 0-3 na educación infantil, como elemento clave de cara á redución de desigualdades e á prevención do fracaso e o abandono escolar.
616. Compre un firme compromiso na universalización da educación infantil na etapa de 0-3 anos, nomeadamente en entornos vulnerables e no mundo rural, potenciando a rede pública e revisando as ratios conforme á evolución demográfica, permitindo unha atención máis personalizada e un incremento da calidade educativa nunha etapa de fundamental importancia no desenvolvemento infantil.
617. Dixitalización.
618. A crise derivada da COVID-19 amosou as carencias na dixitalización do noso sistema educativo en todos os seus niveis, paliado en gran parte polo grande esforzo do profesorado e a resposta do alumnado, pese as carencias de medios.

619. A brecha dixital entre territorios, rural e urbano, e entre as familias segundo o seu grao de vulnerabilidade, compareceu con toda a súa crueza amosando unha realidade que compe reverter.
620. En efecto, a suspensión da presencialidade puxo de manifesto os peores efectos da xa coñecida en parte, e suposta noutra, brecha dixital existente entre o alumnado. Pero tamén ten posto en evidencia que o profesorado non é alleo a esa brecha dentro do propio colectivo docente, o que, engadido ao anterior, agravou o problema da necesaria resposta adaptada ás circunstancias e o emprego obrigado das Tecnoloxías da Información e Comunicación como soporte case único de comunicación entre profesorado e alumnado.
621. *A Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2019* realizada polo INE, permite identificar dous factores que determinan a existencia e amplitude da brecha á que nos estamos a referir: a renda familiar e o lugar de residencia.
622. A necesaria dispoñibilidade dalgún tipo de equipamento (ordenador ou tablet) así como unha conexión a internet que permita un seguimento aceptable das actividades propostas ao alumnado, resulta imposible na metade dos fogares con ingresos netos mensuais inferiores a 900 € e, dentro dos que dispoñen de equipamento informático, a cuarta parte carecen dunha conexión axeitada.
623. Menos preocupante dende o punto de vista cuantitativo, pero grave para o alumnado que poida estar nesas circunstancias pola limitación que supón, é a inexistencia dunha conexión axeitada na quinta parte dos fogares que, dispoñendo de conexión a internet, se sitúan en entornos de menos de dez mil habitantes.
624. En canto á competencia dixital do profesorado, o enfoque das actividades formativas foi máis cuantitativo que cualitativo, e cunha orientación probablemente incorrecta: un estudio da USC titulado *La formación continua en TIC del profesorado en Galicia: ¿volvemos a tropezar con la misma piedra?* e publicado na revista *Innovación educativa* no ano 2015, conclúe que a oferta maioritaria en TIC preséntase desde un enfoque instrumental, que escasamente combina a formación técnica con estratexias pedagóxicas e culturais que axuden a comprender e a reflexionar sobre as transformacións da sociedade contemporánea e as súas consecuencias para a educación e a escola.
625. Datos todos obxectivos e que poñen en evidencia a necesidade de actuar de forma acertada e inmediata, e nesa aposta o compromiso do PSdG-PSOE é firme para dar

respostas a problemas existentes pero que non foron obxecto de preocupación polos sucesivos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia.

- 626. A política en materia de linguas estranxeiras e os resultados da resposta acadada nos distintos programas pode cualificarse de moi modesta sendo benévolos ou de altamente decepcionante sendo obxectivos, carecendo de calquera avaliación seria, solvente e fiable sobre os resultados desas políticas.
- 627. As competencias dixitais son hoxe en día un elemento imprescindible da sociedade do coñecemento. Xa que logo, compre que ningún lugar do noso país quede á marxe da implantación da banda ancha e que os centros educativos fiquen todos conectados, así como dotados dos recursos e equipamentos precisos que aseguren un óptimo funcionamento das redes educativas.
- 628. A formación do profesorado neste campo e a súa involucración no manexo e na introdución das TIC nas aulas resulta un elemento imprescindible.
- 629. Así mesmo, é necesario das solucións eficaces a aquel alumnado que, procedente de clases vulnerables, ve dificultado o seu acceso, ben por un acceso nulo ou restrinxido á rede, ben por falta de dispositivos adecuados.
- 630. Educación Plurilingüe.
- 631. Os informes anuais publicados a nivel estatal polo Goberno do Estado poñen de manifesto que Galicia se sitúa moi por debaixo da media estatal en oferta de programas que garanten a impartición de materias en lingua estranxeira polo menos en todos os cursos de cada unha das etapas da educación obrigatoria (Primaria e/ou ESO) e que tamén pode abarcar segundo ciclo de E. Infantil e/ou o ensino post-obrigatorio.
- 632. Resulta polo tanto urxente aproximar o sistema educativo galego a modelos máis robustos que teñen amosado unha maior eficiencia na adquisición da desexable competencia en linguas estranxeiras.
- 633. As competencias en linguas estranxeiras son imprescindibles na sociedade do século XXI. A Rede de Centros Plurilingües debe ser unha realidade no conxunto do sistema educativo, pero require dunha avaliación rigorosa da súa implantación que permita definir as fortalezas e debilidades do sistema e establecer as medidas correctoras pertinentes..

634. O modelo plurilingüe debe ser un modelo de éxito e como tal precisa de medios, de dotación de profesorado, lectores e ratios axeitadas, xunto con programas de formación do profesorado que permitan acadar os obxectivos pretendidos na aprendizaxe de linguas estranxeiras.
635. Educación de Persoas Adultas.
636. A formación ao longo da vida resulta imprescindible no desenvolvemento persoal, social e profesional. Compre pois potenciar a formación das persoas adultas ofertando ensinanzas que permitan a súa incorporación ao sistema educativo e acceder a unha formación profesional que lles permita transitar adecuadamente no seu entorno e adaptarse aos cambios que se producen na actualidade.
637. Fortalecer a ensinanza a distancia é un camiño a seguir, facilitando a conciliación entre a vida laboral e a académica.
638. Libros de Texto e Servizos Complementarios.
639. A política de gratuidade de libros de texto se inicia en Galicia no curso 2003/2004 nun único curso (6º de educación primaria) e con carácter experimental, pero é no curso 2005/2006, como consecuencia dun cambio de goberno que encabezaba o PSdeG-PSOE, cando a gratuidade de libros de texto nas etapas obrigatorias recibe o impulso decidido e definitivo.
640. A eliminación da gratuidade de libros de texto de xeito inmediato logo da chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galicia obedece a razóns de índole ideolóxica e contrarias as observacións do Defensor del Pueblo cando, contundentemente, afirma que a reutilización de libros de texto implica a adquisición dun hábito de alto valor educativo e social. Os materiais escolares teñen alto custo para a sociedade, vía presupostos do Estado, das comunidades autónomas e para os pais. Os alumnos deben ser conscientes diso e adquirir o hábito da reutilización dos mesmos, nas mellores condicións posibles, do mesmo xeito que se reutilizan outros moitos bens materiais que unha sociedade avanzada non se permite refugar.
641. Así pois, o PSdG-PSOE manifesta a súa firme vontade de activar este instrumento recuperando o programa de gratuidade de libros de texto en todas as etapas obrigatorias.

642. Así mesmo é necesario mudar as políticas relativas aos servizos complementarios, en concreto na ampliación da cobertura dos comedores escolares, de xeito que se convertan nun verdadeiro elemento de dobre obxectivo: contribuír á finalidade educativa que deben ter (máxime na tan necesaria educación alimentaria) e como servizo esencial que contribúa á conciliación da vida familiar e laboral.
643. O transporte escolar constitúe un servizo de alta incidencia na nosa comunidade en base a nosa configuración xeográfica. Compre optimizar este servizo de forma que poida responder de forma máis eficiente ás necesidades do noso sistema educativo ampliando as súas marxes de actuación.
644. Apostamos por implicar de forma activa a todas as Administracións e colectivos para acadar un modelo universal e de calidade nestes cruciais ámbitos.
645. Participación educativa.
646. A LOMCE aprobada polo goberno do Partido Popular truncou os modelos de participación da comunidade educativa. Os e as socialistas coa aprobación da LOMLOE apostamos pola recuperación da implicación de docentes, nais, pais e alumnado na vida dos centros.
647. A recuperación da participación nos centros escolares contribuirá á consecución dunha sociedade máis democrática, activa e crítica na toma de decisión nos Consellos Escolares, verdadeiros instrumentos dinámicos na vida dos centros.
648. Profesorado.
649. El profesorado constitúe un elemento esencial de todo sistema educativo, compre impulsar o seu desenvolvemento profesional, as condicións laborais e a carreira docente.
650. A formación permanente do profesorado, nun modelo de aprendizaxe continuo, é factor clave cara o progreso do sistema educativo e debe constituír un área fundamental de actuación por parte da administración educativa.
651. Unha formación que debe entenderse como dereito e obriga por parte dos docentes e que debe realizarse dentro do seu horario de traballo.

652. A formación permanente dos docentes no só debe entenderse como formación en áreas específicas fóra do centro onde exercen a súa función docente, senón tamén a nivel interno no propio centro contando con programas que se eleven dende as necesidades manifestadas polos propios claustros.
653. Formación Profesional.
654. Apostamos por unha Formación Profesional potente e de calidade, adaptada ao tecido empresarial do noso país, que responda aos novos perfís demandados dende o ámbito laboral e onde as prácticas en empresa teñan un claro protagonismo. Unha Formación Profesional que debe ter en conta aqueles sectores que garanten unha maior inserción profesional e que precisa da colaboración de todos os axentes implicados (comunidade educativa, sindicatos, asociacións empresariais, administracións).
655. Un Sistema de Formación Profesional único que integre a FP do Sistema Educativo e a FP para o Emprego, con referencia no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Unha Formación Profesional que debe entenderse de forma decidida como fórmula de formación continua nun século no que moitos dos empregos que coñecemos desaparecerán ou sufrirán cambios radicais e outros novos ocuparán o seu lugar na esfera laboral.
656. Non podemos deixar pasar a grande aposta que dende o goberno central preténdese facer pola Formación Profesional no conxunto do Estado elaborando unha nova lei transformadora e modernizadora e aproveitando os Fondos Europeos e como panca para a transformación do noso modelo produtivo.
657. A FP Dual e outra das grandes apostas da nova Formación Profesional, unha FP Dual adaptada ao tecido industrial do noso país e que debe contar, como garantía de éxito, coa colaboración do mundo empresarial e dos axentes sociais.
658. Compre establecer pontes e itinerarios formativos que permitan ao alumnado, e aos que xa están desempeñando actividade laboral, deseñar os seu perfís formativos e transitar polo sistema educativo de forma dinámica, mesmo implementando pasarelas coa universidade.
659. Ensinanzas Artísticas Superiores.
660. As Ensinanzas Artísticas Superiores están neste momento nun proceso de axuste a nivel de estatal que derivará na conformación dun novo marco propio e/ou de itinerarios que

poidan conducir estas ensinanzas, ou parte delas, á consideración de ensinanzas universitarias a todos os efectos.

- 661. Namentras, dende Galicia débense explorar e posibilitar, en diálogo co sector, vías alternativas, como a adscrición á universidade, namentras se dialoga co goberno estatal sobre a confección do novo marco lexislativo para estas ensinanzas.
- 662. Universidade.
- 663. Defendemos unha universidade pública de calidade, emprendedora e competitiva. Unha institución que debe liderar o cambio social e económico do noso país como motores de investigación, innovación e competitividade.
- 664. Apostamos por carreiras profesionais estables na docencia universitaria e na investigación que permita continuar aos que xa están exercendo e creando Plans de Retorno para que o talento que se foi poida contribuír ao crecemento da nosa sociedade.
- 665. Potenciaremos as convocatorias de becas pre-doctorais e post-doctorais así como proxectos de investigación.
- 666. Unha Universidade na que ninguén debe quedar excluído por razóns socioeconómicas, garantindo ao alumnado, con políticas de becas, taxas e prezos públicos, un acceso en igualdade de condicións.
- 667. A maior partida de becas da historia formulada polo goberno do Estado debe ir acompañada por actuacións proactivas dende a administración galega, que pasan necesariamente por un Plan de Financiación das universidades galegas converxente cos obxectivos de inversión estatal e europeo.
- 668. No proxecto socialista, apostamos por potenciar un Sistema Universitario de Galicia que cumpra con eficacia as súas funcións de formar profesionais das diversas ramas do saber; producir e transferir coñecemento científico, tecnolóxico, humanístico e artístico; impulsar a innovación; contribuír ao desenvolvemento económico e territorial e á cohesión social; xerar pensamento crítico; e formar á cidadanía a partir dos valores democráticos.
- 669. Deseño, Innovación e Avaliación.

670. Todo sistema educativo debe contar con fórmulas que permitan que o deseño curricular estea sometido a un análise constante e poida, polo tanto, ser modificado en función da realidade social e dos centros.
671. Así mesmo, a innovación educativa, amais da que a autonomía pedagóxica dos centros leve adiante no día a día, debe tamén contar con fórmulas de difusión e de contraste , así como de apoio aos centros que faciliten e alenten a súa incorporación ás aulas.
672. A avaliación debe ser unha constante integrada en todas as fases e en todos os actores do sistema, comezando polas propias institucións educativas e as administracións. Unha avaliación integral que permita planificar e por en marcha as medidas correctoras precisas en cada momento. Pero tamén son precisas avaliacións globais do sistema, adaptadas ás necesidades do sistema educativo galego, que complementen os informes de institucións externas, como PISA.
673. Con esa finalidade, propoñemos a creación dunha Axencia de Deseño Curricular, Innovación e Avaliación do Sistema Educativo, en colaboración coas facultades do ámbito educativo das Universidades Galegas e en conexión co Consello Escolar de Galicia.
674. COMPROMISO COA NOSA LINGUA
675. O GALEGO. A lingua propia de Galicia amosa unhas tendencias sociolóxicas e unhas cifras de uso habitual moi preocupantes. Ata o punto de considerar fracasada a política lingüística das últimas décadas, e estéril o consenso político parlamentario que deu como resultado o Plan Xeral para a normalización do idioma galego de hai máis de unha década. Basicamente, a falta dunha vontade política por parte do PP, quen se nega activamente a executar o consenso xeral cando ostenta o goberno, contribúe a bloquealo activamente cando está na oposición, e nega calquera negociación dun novo marco común neste tema, reduciu o pasado consenso lingüístico a unha cuestión meramente declarativa.
676. Todo aquel traballo converteuno o PP, a través da súa práctica política, en papel mollado. Sen embargo, o futuro non espera e o tempo segue a pasar en contra da lingua galega. De mantermos a actual situación, isto é de seguirmos sen realizar cambios na política lingüística de Galicia, o idioma experimentará unha drástica e dramática inversión da súa situación sociolingüística respecto aos comezos do s. XX. O galego deixará de ser a lingua máis falada do país, a súa presenza pasará a ser minoritaria en grande parte do territorio (especialmente, nas zonas máis densamente poboadas), e terá apenas presenza nas

principais canles comunicativas e a través das cales a sociedade galega desenvolve a súa presenza social (internet e as redes sociais).

677. Neste sentido, as claves estratéxicas semellan ser: a presenza da lingua galega en máis ámbitos da vida social e espazos territoriais (especialmente, naqueles máis populosos), a conexión da lingua galega co ámbito galego-portugués, o impulso do galego nas TIC e sobre todo nas redes sociais e nos programas informáticos máis habituais (ademais do software libre), ou a posta en valor da lingua galega entre a mocidade galega (destacando aquela localizada nas cidades e vilas medias do país). Destas claves deberán saír as novas políticas públicas que, deseñadas dende a concertación cos principais actores socioeconómicos e culturais de Galicia, consigan garantir mil primaveras máis para a lingua galega.
678. Neste novo tempo para a política lingüística de Galicia é decisiva a actitude de encontro e diálogo construtivo entre todos os actores comprometidos con ela. Xa non serven, non son válidos nin admisibles, os enfrontamentos e as imposturas, as poses e as negativas. Estas son as barreiras invisibles que teñen lastrado os avances no pasado, que teñen paralizada a política lingüística no presente, e que deben levantarse de cara ao futuro.
679. O sector tecnolóxico resulta ser outra das patas fundamentais da nova política lingüística que os e as socialistas de Galicia queremos levar a cabo. Na actualidade, a política pública con este sector baséase no voluntarismo e na improvisación, de forma que o tecnolóxico non é un referente na política lingüística cando, segundo os datos de hábitos e de usos da lingua galega, máis claramente se nos fixamos nas cohortes máis novas, si debера selo.
680. Esta nova política deseñarase dende o plurilingüismo, vinculando o idioma galego con outras linguas de enorme potencial de uso e lingüisticamente tanto próximas (o portugués) como distantes (o inglés, o chinés ou o ruso). De feito, o PSdeG-PSOE quere potenciar intensamente a Eurorrexión Galicia-Portugal e, entre as medidas a tomar, está o intercambio lingüístico e a formación nas nosas respectivas linguas; non en van estamos a falar dun espazo con máis de 350 millóns de persoas e notable potencial.
681. Este enfoque obriga a renovar a metodoloxía pedagóxica da lingua galega, reforzando o seu ensino como lingua e introducindo novos materiais e novos enfoques capaces de repercutir, ademais, no ensino ordinario regulado.
682. Cómpre recuperar o consenso articulado entorno ao modelo lingüístico a desenvolver nos centros educativos e que rompeu o actual goberno de Núñez Feijóo impoñendo un marco normativo en contra dos sectores da comunidade educativa e da sociedade galega.

683. Acadar un amplo acordo resulta unha tarefa imprescindible para lograr a aprobación dun novo decreto que estableza o papel da lingua galega no sistema educativo e que continúe coa liña de consenso iniciada no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, que continuou coa elaboración do decreto 124/2007 do goberno de Touriño, e que rachou de forma unilateral o goberno de Núñez Feijóo.
684. Sempre seremos os primeiros en defender a liberdade lingüística de cada persoa. A cidadanía debe ter o dereito a facer a súa vida en calquera dos dous idiomas, galego ou castelán, e as administracións deben asegurar o marco da convivencia lingüística.
685. Ao mesmo tempo, e coa mesma firmeza, consideramos que o sistema educativo galego debe garantir a todo o alumnado competencias plenas semellantes tanto en lingua galega como en lingua castelán ao remate do ensino obrigatorio, e que dende a administración autonómica debemos promover o uso do galego.
686. A situación social actual da lingua galega ten debilidades e seguimos observando certas actitudes pouco favorables á presenza social do galego; certas ámbitos e áreas sociais mostran un compromiso escaso ante as demandas dun maior nivel de galeguización; finalmente, a transmisión da lingua galega no fogar e na familia e o seu uso entre a mocidade urbana é outro elemento sociolingüístico que nos move á preocupación. A desaparición, baixo o actual mandato do PP, dos medios de prensa escrita en galego, e a práctica desaparición de textos en galego nos demais medios de difusión, é o máis claro síntoma do illamento que está a sufrir a nosa lingua.
687. De cara a Lingua Galega o obxectivo do PSdeG debe ser a revitalización social continuada da nosa lingua. Pretendemos frear o proceso de substitución social do galego polo castelán e garantirlle ao galego a vitalidade lingüística necesaria que asegure o seu futuro.
688. A educación é un valor estratéxico e, como tal, ten que ter unha política de investimento coordinada por políticas que actúen igualmente sobre o sistema produtivo e sobre o desenvolvemento económico e social, investindo en I+D, creando máis postos de traballo de alta cualificación e mellorando os servizos públicos, é dicir un cambio de modelo cara a unha economía sustentable e do coñecemento.
689. Ser quen de poder asegurar en Galicia a retención e atracción dos mozos e mozas con talento é un reto do socialismo galego. Dende o PSdeG insistimos na importancia da educación no futuro de Galicia. Se somos capaces de destacar pola nosa excelencia educativa, seremos capaces de construír unha sociedade máis xusta, igualitaria e eficiente.

690. CULTURA

691. A Cultura desempeña un papel esencial á hora de configurar a imaxe da nosa sociedade, transmitir valores, definir identidades, transformar realidades, ampliar o dereito de participación e expresión. É un elemento integrador, transformador e dinamizador da sociedade.
692. En Galicia os conceptos de lingua e cultura están bastante interrelacionados. Son o valor central e unha vantaxe engadida para ou noso país, entendida como expresión, creación, difusión e goce da cultura e da lingua propias, para recoñecermonos entre nós e para manifestarnos e identificarnos cara ao exterior. Galicia comprende e realízase a través da súa cultura e da lingua, como un espazo e unha comunidade con identidade.
693. A cultura e as manifestacións culturais son elementos esenciais de creación e expresión da identidade individual e colectiva. É a expresión da nosa humanidade e, como tal, é un ben de primeira necesidade e un dereito para exercer. É aquilo que nos define, configura o noso imaxinario colectivo e convértese en factor de cohesión social.
694. É unha das nosas fortalezas como país. Ten unha grande importancia económica, é unha oportunidade para o benestar da cidadanía, é un sector estratéxico para a nosa proxección no exterior, e goza ademais dun recoñecemento constitucional.
695. A cultura galega ten experimentado, co xurdimento dos novos tempos, tres cambios de entidade relevante á hora de definir un novo relato: a popularización da cultura, a diversificación das súas manifestacións, e a complexidade da súa expresión.
696. O primeiro cambio estendeu o coñecemento e a apreciación da cultura a ámbitos alén dos clásicos da elite e da intelectualidade social. Hoxe en día, calquera persoa pode acceder á cultura: expresarse a través dela, gozar das súas realizacións, aprender as súas técnicas ou mesmo xestionar os seus eventos e recursos.
697. O segundo cambio xorde dunha ampliación das artes clásicas, pero tamén da experimentación, da proba de novas formas de expresión, e da incorporación da tecnoloxía á cultura.
698. O terceiro cambio amósase como unha consecuencia do segundo, onde os recursos para a expresión cultural requiren, ás veces, uns coñecementos e uns medios esixentes en

investimento de capital, non accesibles a moitas persoas pero si a relevantes institucións (públicas ou privadas) e/ou mecenas.

699. Con todo, foi unha das maiores vítimas da acción do Goberno do PP. Á extensa lista de decisións que degradaron e afectaron negativamente ao sector cultural, hai que engadir as que non se tomaron, e a desatención de asuntos cruciais para a pervivencia e o futuro das industrias da cultura.
700. Todo iso supuxo un empobrecemento do sector cultural, que resistiu grazas á dedicación de profesionais e artistas. Esta política situou ao noso sector cultural en inferioridade de condicións para competir cos países da nosa contorna.
701. Os recortes ao investimento cultural, o establecemento do IVE cultural nun nivel alto dentro da Unión Europea, a aprobación dunha Lei de Propiedade Intelectual sen diálogo (nin social, nin político), a falta de medidas reais de fomento do mecenado, non son senón a cúspide dunha política errada da dereita en España e Galicia.
702. Foron anos de perda de emprego, peche de empresas, inestabilidade laboral, profesional e empresarial, e nula xestión das políticas de fomento cultural. Unha sociedade incapaz de recoñecer e protexer o valor da creación, non ten as garantías necesarias para poder aproveitar a oportunidade de desenvolvemento que é a sociedade do coñecemento.
703. Neste sentido, á Lei de propiedade intelectual e o impacto do IVE, habemos de engadir a desaparición do contido curricular da aprendizaxe de ensinos artísticos e as súas linguaxes, o que supón cernar parte do desenvolvemento integral da persoa e incumprir un elemento esencial do dereito á educación, así como manter a desigualdade de oportunidades no acceso á cultura á que toda a cidadanía temos dereito.
704. Aínda así, a cultura galega ten amosado persistentes síntomas do seu potencial expresivo e expansivo. Actualmente, a industria cultural representa no entorno do 2% do PIB e o 3,3% dos empregos de Galicia.
705. Pero o seu crecemento e participación no PIB está aínda lonxe da media que representa nos países da Unión Europea. Os vellos relatos esgotaron as súas enerxías coa emerxencia dunha sociedade máis aberta e coa crise económica global e cos recortes. Sen dúbida, a inadaptación ao contexto global e a falta dun novo relato impulsor no interior do país mantén estancado o potencial cultural de Galicia.

706. Con este panorama presente, e coa intención declarada de construír un novo relato para Galicia e para a cultura galega, os e as socialistas de Galicia propoñemos as seguintes liñas reitoras cara a unha nova política cultural para o país. As cinco liñas reitoras principais dunha nova política cultural para Galicia serán a investigación, a conservación, a formación, a coordinación e a expresión.
707. A investigación desenvólvese actualmente de forma deslabazada en universidades, centros de estudos, institutos e outras institucións, públicas e privadas, movidas por un extraordinario voluntarismo moitas veces, e permanentemente dependentes e limitadas en recursos. Esta situación resulta consecuencia da carencia dunha estratexia orientada ao coñecemento cultural, á posta en valor do patrimonio cultural-artístico e á súa expansión no novo marco global de oportunidades. Esta será a misión do PSdeG-PSOE nos anos vindeiros, actuando de forma coordinada cos actores e procurando, na medida do posible, a mancomunidade de vontades e o consorcio de recursos.
708. A conservación quizais sexa a liña reitora máis maltratada pola dereita, pois entende a conservación como unha simple “almacenaxe”: considerando así aos bens culturais colectivos como un pasivo e non como un activo, desconectando a arquivística e a museística da posta en valor dos bens culturais, e reducindo á mínima expresión a restauración e o coidado do patrimonio cultural-artístico.
709. O futuro inmediato debe recuperar a catalogación e a restauración como prioridades, e propoñer unha nova política de arquivo e museos máis rigorosa, como aspectos fundamentais.
710. A formación persegue a actualización do coñecemento e a mellora das competencias e as habilidades dos nosos recursos humanos. Nas últimas décadas, Galicia ten investido na formación básica de forma desorganizada, primando os recursos materiais sobre os recursos humanos, a modernidade sobre a calidade, as infraestruturas sobre as persoas. Ao mesmo tempo, tense descoidado o nivel da excelencia, deixando á vontade individual e á capacidade das persoas o poder acceder a un nivel maior de formación de máis altura.
711. Galicia debe comezar a reforzar a formación básica e a crear unha política de bolsas orientada á excelencia.
712. A coordinación será a base dunha nova organización institucional orientada á mancomunidade de vontades, ao consorcio de recursos, ao optimizar esforzos para a captación de recursos públicos e privados, e á posta en común dos actores respecto a un imprescindible novo deseño de políticas públicas culturais por fin económicas, eficientes e eficaces.

713. A iniciativa cultural precisa atoparse nun espazo común deseñado para a promoción de iniciativas innovadoras, de calidade e diferenciais; capaces de materializar por fin o alto valor engadido potencial demostrado nas décadas pasadas nos máis diversos campos da cultura.
714. A expresión axunta todas as demais liñas de actuais para crear espazos de acción, exposición, colaboración e actuación para o conxunto dos actores culturais. Nesta liña de acción teñen moito que dicir as institucións locais, posuidoras de moitas das infraestruturas culturais do país, en moitos casos infrautilizadas ou pechadas.
715. A distribución ou asignación destes espazos aos actores culturais para a súa recuperación e potenciación, a colaboración na elaboración dunha axenda cultural anual unitaria para o país, ou a consolidación dos referentes actualmente existentes, son algunhas das tarefas pendentes.
716. Estas cinco liñas desenvolveranse dende a posta en valor equilibrada e a potenciación tanto da tradición coma da innovación, do pasado como do presente, da cultura recuperada como das novas liñas contemporáneas de creación.
717. O PSdeG-PSOE mira cara á cultura con ollos abertos e mente ampla, incorporando tamén a este traballo por vir os campos habitualmente esquecidos dende o público: como son os da música clásica, coros e danzas, cultura dixital ou as novas linguaxes de expresión visual. Pois todos os campos contribúen á materialización dun relato identitario galego capaz de poñer en valor os nosos elementos simbólicos nas novas coordenadas do s. XXI.
718. Este novo relato debe artellarse dende a apertura ao mundo, dende espazos de diálogo e interculturalidade, onde o intercambio de influencias poda servir tamén como motor para o proxección -interior e exterior- da vida cultural de Galicia.
719. O intercambio e o coñecemento, propio e alleo, servirá para recuperarmos á cultura como valor central do desenvolvemento humano, así como forza da cohesión social, de autoestima e de confianza na capacidade propia de conseguir unha sociedade máis libre e igualitaria para todos/as.
720. Temos que abordar a xestión cultural aproveitando as súas enormes capacidades de xerar actividade económica e benestar, apoiando aos emprendementos empresariais nos eidos da produción, creación, investigación, protección e desfrute cultural: editorial, artes escénicas e musicais, patrimonio, audiovisual, e aos creadores, mediadores e públicos.

721. A función emprendedora e a actividade empresarial nas industrias de matriz cultural, son decisivos para avanzarmos na creación de riqueza. É preciso fomentar a constitución dun tecido empresarial cultural sólido, de alta produtividade, con capacidades innovadoras, coas raíces no país e con extensións en todo o mundo.
722. Para as industrias culturais e creativas –audiovisuais, artes escénicas e musicais, plástica, literatura, de conservación do patrimonio, etcétera– necesítanse apoios económicos especiais, tanto para a execución de proxectos como para a innovación tecnolóxica e a creación de novos empregos. Temos por diante un proxecto de integración da moda, o turismo, a arquitectura, a gastronomía e en xeral todos aqueles sectores produtivos relacionados co deseño e a creación no desenvolvemento das industriais culturais
723. O Audiovisual e tamén un sector estratéxico para o noso país. Hai que potenciar e desenvolver a industria dos contidos audiovisuais para os diferentes e múltiples soportes existentes no mercado (televisión, cine, telefonía móbil, videoxogos, internet, etcétera).
724. Necesitase apoiar e reforzar o papel estratéxico da industria editorial pola súa importancia no fomento do uso do noso idioma, e tamén para a nosa economía. Neste senso é necesario impulsar o fortalecemento e a mellora substancial das súas condicións industriais e mercantís. Necesitamos dunha estratexia conxunta cos escritores e editores galegos para a incorporación da creación e a produción e as dinámicas comerciais do libro electrónico e dos contidos a producir para a utilización deste medio tecnolóxico.
725. Cremos posible a transformación das artes escénicas e musicais nun sector produtivo non necesariamente dependente, capaz de xerar riqueza, benestar e emprego. Para elo, é preciso a coordinación entre as administracións públicas e institucións de carácter público- privado, unha acción institucional para potenciar políticas de formación, creación, exhibición e distribución, sen esquecer accións igualmente importantes como a documentación, a información, a divulgación ou a investigación.
726. Son necesarias redes de servizos culturais públicos de proximidade con calidade que permitan á cidadanía o acceso á cultura e ao lecer en todo o territorio. Propoñemos a apertura aos novos creadores, dos edificios e instalacións públicas concibidas para as manifestacións culturais, non só para dar cabida a espectáculos ou iniciativas xa rematadas, senón para a creación no proceso previo á súa exhibición.
727. As bibliotecas, os museos e os centros de manifestación artística, como entidades que prestan servizos públicos, deben funcionar como centros de información e cultura, lugares para a aprendizaxe autodidacta e institucións preservadoras e divulgadoras do patrimonio histórico e cultural.

728. DEREITOS DE LGTBI

729. O socialismo asume un compromiso nítido coa defensa e igualdade de dereitos das persoas LGTBI, que implique un plan de acción para defender e reivindicar os dereitos en igualdade de toda a cidadanía e evitar calquera discriminación. Os e as militantes socialistas debemos considerar que este compromiso é indispensable para unha sociedade máis xusta e avanzada, e amosamos a nosa disposición a defender os dereitos de igualdade e liberdade para toda a cidadanía.

730. A loita contra a homofobia, a educación en valores que respecten a diversidade, o apoio a medidas que impliquen a igualdade de dereitos para LGTBI constitúe parte da folla de ruta dun PSdeG comprometido coa igualdade.

731. Así mesmo o PSdeG manterá unha comunicación permanente coas entidades vinculadas á defensa dos dereitos LGTBI e os órganos nacionais deberán elaborar un plan de acción conxunta para defender a igualdade de dereitos.

732. MOCIDADE

733. A mocidade galega actual é a primeira que, en moitas décadas, afronta o futuro cunha perspectiva peor ca daquela o fixeron seus país. Máis paro, inferiores salarios e dificultade no acceso á vivenda caracterizan o presente e o porvir da mocidade, porén, a xeración mellor formada da historia, Esta situación está poñendo en risco, asemade, a sustentabilidade no futuro do noso sistema de protección social.

734. A emigración volve a ser a única opción para moitas e moitos, mentres que as nosas vilas, cun potencial produtivo por explorar, están a ficar despoboadas e avellentadas.

735. Para eles, para a xeración mellor formada da nosa historia, o goberno galego aplica políticas que os conducen á emigración como o fixeron os seus avós. O que xa se converteu nunha metáfora é o regalo do Sr. Feijóo aos mozos e mozas de mellores expedientes académicos, unha maleta. E a partires desa metáfora todo un amplo abano de recortes brutais que inciden de xeito directo na xuventude galega e que afogan calquera esperanza razoable de desenvolver aquí o seu proxecto de vida.

736. O elevado paro xuvenil é un lastre que non ten precedentes na nosa economía, un problema gravísimo no curto prazo e crítico no medio e longo prazo, conxelando a

evolución vital dunha xeración e poñendo en tela de xuízo o benestar social, económico e demográfico do noso país. Faltan medidas de acción positiva ante este drama social.

737. Ademais do malgasto de recursos públicos que supón a marcha de Galicia dos mozos e mozas, das dramáticas consecuencias que estas decisións teñen tamén no plano persoal e familiar, estamos incorporando en moitos casos man de obra altamente especializada en tecidos produtivos doutros países que compiten coa nosa economía, nós formamos, nós especializamos e logo compiten con nós.
738. Son moitos os mozos e mozas que posuíndo unha alta cualificación académica e profesional teñen que saír fóra para atopar as oportunidades que aquí non conseguen. A consecuencia desta situación é a perda dos recursos humanos nos que as administracións públicas investiron millóns de euros en formación; investimento que non reverterá na nosa sociedade nin no noso sistema económico, pola fuga de talentos que non sabemos reter.
739. Ao mesmo tempo, non debemos esquecer que, durante demasiados anos, moitos mozos e mozas abandonaron o sistema educativo para ocupar postos de traballo precarios, pouco cualificados e moi fráxiles, ligados á burbulla da construción, empregos que xa non existen. Para eles debemos establecer mecanismos de formación e de futuro.
740. Os poderes públicos, tamén aqueles máis próximos á xente, deben impulsar políticas de mocidade efectivas atendendo á integridade das problemáticas que afronta un mozo ou moza, pois son problemas que redundan de xeito radical no conxunto da sociedade, e poñer o emprego e a vivenda no centro das súas preocupacións, tamén como o único xeito de fixar poboación.
741. O sistema educativo galego sufriu nos últimos anos os ataques continuos dos gobernos conservadores do Partido Popular. Durante os anos de crise estes gobernos realizaron unha política regresiva de recorte de bolsas estudiantís, retallos orzamentarios para a Universidade e a Educación Primaria e Secundaria, e puxeron en marcha unha nova lei de educación deseñada para romper os esquemas do sistema educativo español.
742. O executivo de Feijóo tamén atacou duramente as políticas educativas do bipartito. Por unha banda, eliminou o sistema de gratuidade dos libros de texto. Por outra banda, a Universidade continúa a ser un dos eidos máis depauperados polo Partido Popular. A redución das bolsas e a suba xeral das taxas implicou a expulsión do sistema de moito alumnado. As universidades galegas pasan por unha fase de decadencia orzamentaria na que é necesario aumentar as sinerxías e economías de escala.

743. Ademais, durante o Goberno de Feijóo perdéronse miles de postos de traballo, afectando especialmente esta situación á poboación máis nova que accede por primeira vez ao mercado laboral, e sen que o PP atendese dun xeito eficaz as súas necesidades.
744. Por todo isto, dende o PSdeG entendemos as políticas de mocidade dende a transversalidade e a horizontalidade entre as diferentes áreas da xestión e, tomando como base a recollida e análise da información, dende a participación das e dos mozos na súa formulación e xestión.

14 
CONGRESO
7/8 DE D E C E M B R O

**O NOSO
TERRITORIO,
PLANIFICACIÓN
E SUSTENTABILIDADE**

**PSG^{DE}
PSOE**

745. **6. O NOSO TERRITORIO, PLANIFICACIÓN E SUSTENTABILIDADE**

746. O territorio e o medio ambiente son a base sobre a que os galegos e as galegas organizamos as nosas vidas. Un espazo xeográfico e ambiental no que desenvolvemos a nosa actividade económica, social e cultural e non só un espazo vital, senón a herdanza que deixamos ás videiras xeracións. É por elo necesario ter sobre eles, un enfoque claro centrado na súa correcta ordenación senón tamén no respecto á súa biodiversidade e patrimonio natural.
747. Os e as socialistas temos claro que Galicia non se pode construír sen ter un modelo de país que recolla estas inxerencias, e que sexa dialogado e acordado con toda a sociedade galega. Temos que por os cimentos dese gran acordo de país que é o Pacto polo Territorio que os e as socialistas propuxemos xa fai anos e que inclúa a ordenación do territorio, o medio ambiente, as infraestruturas, a vivenda e as decisións de futuro sobre o noso patrimonio natural, biodiversidade e sobre o modelo enerxético de país.
748. Pero máis de quince anos despois da proposta socialista de Pacto polo Territorio, Galicia segue enfrontándose aos mesmos retos que existían no momento do seu proxecto sen que o goberno do Partido Popular soubese darlles solución, optando polo desmantelamento das políticas de ordenación do territorio e retomando o modelo fracasado que levou a nosa comunidade a situación na que se atopa.
749. Galicia leva padecendo unha política conservadora baseada na ausencia de modelo territorial, medioambiental ou á privatización dos servizos públicos e dos recursos galegos, facendo, entre outras cousas, que a nosa terra perdera unha posición de relevante no campo das enerxías renovables.
750. Quince anos despois a cohesión social, territorial e demográfica segue a verse lastrada por decisións que son froito de actuacións illadas, contraditorias e sen ningún fundamento máis aló do curtoplacismo e a nula capacidade de entender a realidade de Galicia na súa totalidade. O **Pacto polo Territorio** segue estando vixente e segue sendo necesario.
751. Para os e as socialistas, o medio ambiente debe ser un dos sectores que deben impulsar a creación de emprego no futuro de Galicia, xa que a nova política económica terá que basearse na sustentabilidade como principio esencial. Os últimos anos de goberno do Partido Popular caracterizáronse por un deterioro nas políticas de conservación do medio ambiente, apostando por un modelo obsoleto baseado no consumo ilimitado de recursos e a permisividade na destrución da paisaxe e os recursos naturais.

752. Os e as socialistas apostamos polo progreso e a modernización de Galicia entendendo que ambos conceptos deben partir dunha política integral de ordenación do territorio e desenvolvemento económico sostible. E por isto, que dende o Partido dos Socialistas de Galicia consideremos necesario recuperar o Pacto polo Territorio que debe servir para garantir un desenvolvemento sostible para Galicia no que sexan participe tanto a Xunta coma os concellos e os axentes sociais e económicos.

753. MEDIO AMBIENTE

754. O medio ambiente debe formularse como a nosa principal riqueza e sinal de identidade, así como e a base sobre a que asentar o futuro de Galicia e polo tanto a súa conservación debe ser unha acción estratéxica. Os e as socialistas defendemos o dereito ao medio ambiente como dereito a desfrutar dun aire limpo, de auga de calidade e, en definitiva, de contornas de vida saudables.

755. Os e as socialistas entendemos as políticas medio ambientais como políticas transversais e globais a toda a acción do goberno, tal e como as consideran as Nacións Unidas no seus Obxectivos Para o Desenvolvemento Sustentable. Non se pode avanzar cara á sustentabilidade continuando a soportar e promover un modelo económico que non o é.

756. Non se pode continuar baseando a economía no consumo de combustibles fósiles e no uso extensivo e indiscriminado de solo. Para os e as socialistas é fundamental entender que a conversión cara economías máis “verdes” xera emprego sostible e de calidade, existindo exemplos prácticos en países onde a inversión en medio ambiente deu froitos en materia económica, como nos EE.UU, onde o emprego asociado á explotación de enerxías renovables creceu cinco veces máis, nos últimos dous anos, que o crecemento global do PIB.

757. A protección de especies e de espazos naturais de Galicia debe ser entendida coma un elemento clave para o desenvolvemento sostible da comunidade, e a biodiversidade como concepto global é obxectivo final das políticas de xestión da natureza.

758. A progresiva degradación ambiental, perceptible no deterioro dos sistemas sobresaíntes, da paisaxe, na redución da biodiversidade e mesmo no establecemento dunha política de consumo dos espazos protexidos, amosa a inexistencia dunha correcta estratexia de conservación ambiental. A fin de acadar a mellor conservación para a biodiversidade do territorio galego, os e as socialistas propoñemos a posta en marcha das seguintes medidas.

- 759. Propostas concretas
- 760. Promover a adopción e aplicación de Plans Estratéxicos para a Biodiversidade.
- 761. Elaborar e publicitar o catálogo de especies e hábitats ameazadas así como os correspondentes planos de recuperación.
- 762. Coordinar as actividades mineiras nun plano para a creación dun sistema integral de xestión de residuos inertes orientando a este fin os traballos de restauración.
- 763. Garantir a preservación e xestión responsable do territorio, os bosques e os espazos forestais en coordinación cos municipios de Galicia no contexto de plans actualizados, garantes dos beneficios ambientais e os servizos que aportan os sistemas naturais á sociedade.
- 764. Potenciar o uso sustentable do bosque, dos espazos forestais e da biomasa residual. Impulso dos aproveitamentos sustentables e a rexeneración do bosque, a xeración de emprego no seu mantemento e a certificación dos produtos tanto os maderables coma os non maderables.
- 765. Desenvolver unha estratexia de recuperación dos bosques autóctonos de Galicia que planten ou substitúan cultivos de especies forestais foráneas por especies autóctonas e de calidade.
- 766. Prohibición absoluta dos cambios de uso nas zonas forestais incendiadas así como posta en marcha de medidas de prevención de incendios apostando pola boa xestión das masas forestais.
- 767. Desenvolver programas de educación ambiental xerais e específicos e poñer en marcha un plano de información a cidadanía sobre o significado e alcance das figuras de protección ambiental.
- 768. Elaborar de xeito inmediato os planos reitores de uso e xestión dos parques naturais de Galicia.
- 769. Elaboración dun novo Plan Director da Rede Natura máis proteccionista co medio ambiente e a biodiversidade. Este Plan debe facer compatible a protección coas

actividades produtivas tradicionais de baixa intensidade, así como a prevención de incendios. Estudaremos a posibilidade de establecer compensacións aos propietarios polas limitacións ao exercicio dos seus dereitos.

- 770. Aplicar unha moratoria de todas as actuacións e actividades potencialmente prexudiciais dende o punto de vista medio ambiental planificadas ou desenvolvidas en zonas incluídas na Rede Natura 2000.
- 771. Impulsar medidas de fomento da mellora da paisaxe, dacordo co establecido no Convenio Europeo da Paisaxe.
- 772. CICLO DA AUGA
- 773. Os e as socialistas entendemos a auga como elemento potenciador, dinamizador e de cohesión do territorio para o desenvolvemento económico e social de Galicia.
- 774. A nosa comunidade caracterízase por unha gran dispersión poboacional que dificulta en gran medida a chegada destes servizos a toda a poboación, a mesma vez o medio receptor no punto final do ciclo presenta unha gran delicadeza como é o caso das nosas rías, por elo e na política de augas seremos tenaces e perseverantes para chegar os obxectivos que nos marca a Directiva Macro de Augas.
- 775. En materia de ciclo da auga os e as socialistas propoñemos:
- 776. Propostas concretas
- 777. Modernizar a rede de abastecemento, concedendo axudas as redes veciñais que foron en moitos casos construídas e mantidas polos veciños sen axudas da administración.
- 778. Automatización, innovación e modernización das plantas de tratamento de auga potable, de novo especial axuda aos servizos veciñais.
- 779. Acordos supramunicipais co obxectivo de optimizar o aproveitamento das infraestruturas, especialmente depósitos, ETAPs e bombeos.

780. Homoxeinización do sistema tarifario , o ciclo da auga segundo indica o artigo 9 da DMA que fixa a importancia da recuperación dos custe e o feito de que os prezos deben servir como incentivo para mellorar a eficiencia do consumo de auga.
781. Maior progresividade no cobro do Canón da auga e non vincular os usos asimilados ós domésticos unicamente á volume de auga consumida, senón tamén á actividade realizada polo negocio ou empresa.
782. Mellora e modernización das EDARs existentes, en moitos casos o seu funcionamento é deficiente e os vertidos continuos ou fora de parámetros.
783. Mellora e automatización dos bombeos, especialmente nas zonas de costa; e localización e eliminación dos puntos de vertidos e mellora da rede, limitando ó máximo dos aliviadeiros.
784. Prioridade absoluta no Saneamento integral das rías para o cal sería necesario coordinar os traballos, non só das administracións implicadas: concellos, Xunta, Estado,...; senón tamén dos axentes económicos e sociais implicados no ciclo ou afectados polo mesmo: confrarías, mariscadores, asociacións veciñais, asociacións medioambientais, etc. O obxectivo de esta coordinación sería garantir a calidade do medio, unha explotación sostible do mesmo e propoñer accións de ciclo completas a tódolos niveis dentro do seu ámbito territorial que sería a conca ou ría.
785. Implicación na depuración no medio rural elaborando un Plan de Saneamento no Rural, apostando por novos sistemas que acadan bos resultados con baixos custes de explotación.
786. XESTIÓN DE RESIDUOS
787. En Galicia é necesario un mellor tratamento dos residuos que poña fin ao plan de residuos urbanos desfasado e a un modelo de xestión de residuos que precisa ser redefinido, aproveitando toda a estrutura de SOGAMA.SA.
788. Os e as socialistas consideramos que é necesario equiparar as cifras de tratamento de residuos de Galicia as da media europea, e para elo é necesario tanto incidir na concienciación da cidadanía para xerar un menor número de residuos coma apostar por un novo Plan de Residuos Urbanos de Galicia, cumprindo as normativas europeas e apostando pola reciclaxe fronte a incineración e os vertedoiros.

789. Propostas concretas
790. Fomentar a concienciación e sensibilización da cidadanía realizando campañas de divulgación e concienciación sobre residuos.
791. Poñer en marcha un novo Plan de Residuos Urbanos de Galicia acorde coas normativas europeas en materia de tratamento de residuos, que aposte pola construción de Ecoparques, aumentando o porcentaxe de residuos reciclados e minimizando aqueles que non reciben tratamento.
792. Establecer novos plans de cooperación entre a Xunta de Galicia e os municipios galegos a fin de universalizar a recollida selectiva de residuos e elaborar normativas de residuos comúns.
793. Incentivar a instalación en Galicia de empresas relacionadas coa reciclaxe e o tratamento de residuos, evitando os costes dos traslados de residuos a outras comunidades. Ademais estableceranse axudas para investigación de novas tecnoloxías de reciclaxe.
794. Elaborar un Plan de Residuos Agrícolas, Gandeiros e Forestais, que impulse a coxeneración por biomasa e o compost. Ademais rediseñarse o modelo de recollida de residuos orgánicos no rural, fomentando a auto-reciclaxe dos mesmos e a súa compostaxe.
795. Elaborar un Plan de Residuos Pesqueiros e Portuarios en colaboración coas diferentes autoridades portuarias e portos de Galicia, a fin de fomentar a reutilización e reciclaxe dos mesmos.
796. Elaborar un Plan de Residuos en Polígonos e Espazos industrias, en colaboración coa Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE), principalmente para a xestión e valorización económica e medioambiental de residuos non urbanos como o cartón, papel, plástico film, etc... así como os residuos industriais.
797. URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
798. A política urbanística e de ordenación do territorio de Galicia precisa dunha visión baseada en criterios de racionalidade, sustentabilidade, protección do territorio, concepción estratéxica e flexibilidade e adaptabilidade á dinámica urbana. É preciso ter

unha visión global da planificación territorial e unha maior interese na protección do medio ambiente e o territorio galego.

- 799. Os e as socialistas levamos anos reclamando un gran debate social, sosegado e tranquilo para a realización dunha nova lei do solo, fronte a isto, o Partido Popular impuxo a súa maioría absoluta nunha nova lei sen consenso técnico, social e político.
- 800. Fronte a racionalidade imponse a discrecionalidade, e fronte a un urbanismo ao servizo da cidadanía imponse unha política urbanística cunha maior desregulación e que non foi quen de abordar o problema do planeamento urbanístico obsoleto en importantes áreas do territorio galego.
- 801. Para unha correcta ordenación do territorio é necesario o correcto desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, converténdolas no instrumento fundamental do Pacto polo Territorio que queremos os e as socialistas.
- 802. Frear o desequilibrio territorial, a degradación da paisaxe, o crecemento desordenado das áreas urbanas e semiurbanas,... son retos que deben asumirse dende unha visión global do país. Necesitamos, en fin, un Pacto polo Territorio que cohesione o país, e teña en conta o papel protagonista dos axentes e institucións locais, que fortaleza a rede de grandes cidades e fomente a súa interrelación coas cidades intermedias, as vilas e os núcleos rurais.
- 803. Propostas concretas
- 804. Priorizar o desenvolvemento das D.O.T. (Directrices de Ordenación do Territorio), en especial das vinculadas ás áreas urbanas a través dos Plans Territoriais Integrais de Rexións e Areas Urbanas.
- 805. Impulso ás Áreas Metropolitanas en Galicia.
- 806. Apoio aos municipios para a Revisión e Adaptación do Planeamento Municipal, así como axilizar o proceso de tramitación dos mesmos con mecanismos de simplificación administrativa para facer viable a aprobación e actualización do planeamento municipal.
- 807. Modificar a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, establecendo medidas para conciliar a conservación do Patrimonio en Conxuntos Urbanos, evitando o conflito entre o interese público por preservar o Patrimonio e a iniciativa privada.

808. Potenciar o Instituto de Estudos do Territorio como instrumento de axuda e coordinación cos concellos, a través da suscripción dos correspondentes convenios referidos a elementos cartográficos, bases informativas, etc...
809. VIVENDA
810. Os e as socialistas propoñemos facer efectivo o dereito de todos os cidadáns e cidadás a acceder a unha vivenda digna e conforme ás súas necesidades, nunhas condicións económicas axeitadas e para iso apostamos pola creación dun parque público de vivendas en aluguer, facilitando o acceso á vivenda e diminuindo a renda dedicada por calquera persoa a dispor dunha vivenda digna.
811. Continuaremos coa nosa política de erradicación das infravivendas dende os concellos e buscaremos solucións aos problemas derivados das execucións hipotecarias ou dos desafuzamentos por morosidade no pago do aluguer.
812. Para acadar ditos obxectivos sería bo elaborar un Plan Sectorial de Vivenda de Galicia, o cal deberá avaliar a capacidade do parque de vivendas construídas na comunidade para satisfacer a demanda segundo as diferentes zonas e características dos demandantes, tendo en conta a capacidade económica das familias e reformulando o rexistro único de demandantes de vivendas de protección oficial.
813. Tentarase incluír as vivendas desocupadas no mercado de aluguer e impulsaranse medidas para a rehabilitación, conservación, adecuación funcional e de aforro enerxética de edificios e vivendas, así como para a eliminación das infravivendas; en especial no mundo rural.
814. O Plan Sectorial de Vivenda de Galicia deberá establecer unha oferta de vivenda protexida de nova construción en aluguer que satisfaga a demanda, apoiándose nos Plans Estatais de Vivenda sen renunciar a realizar políticas activas propias en materia de Vivenda.
815. Propostas concretas
816. Impulso e apoio á Vivenda en Aluguer para mozos/as e familias en Galicia a través dun PROGRAMA DE APOIO Á VIVENDA EN ALUGUER para facer fronte a unha das grandes necesidades e dereitos dos cidadáns nestes intres.

- 817. Elaboración dun Plan Sectorial de Vivenda que sirva como instrumento para ordenar a política de vivenda en Galicia e garantir o acceso á mesma, intervindo no mercado do solo para recuperar a vivenda coma un dereito e non coma un ben de consumo e especulación.
- 818. Reformulación do Rexistro único de demandantes de VPO de Galicia a fin de dar cobertura a un maior número de beneficiarios que hoxe non poden figurar no mesmo pero que poderían ser potenciais usuarios de ditas vivendas.
- 819. Fomento de Novas Tipoloxías de Vivendas a fin de adaptar o construído as necesidades e demandas dos novos usuarios, e de servir como modelo á iniciativa privada.
- 820. Impulsar unha carta de servizos e un patrón de boas prácticas dos axentes do sector que contemple a participación dos cidadáns e o desenvolvemento de mecanismos de información, control e fomento de comportamentos éticos no sector.
- 821. Erradicación do chabolismo e a segregación residencial a través dun plan de acceso a vivenda digna que contemple medidas de acompañamento social.
- 822. Incremento das Axudas de Rehabilitación en especial de aquelas dirixidas á mellora da accesibilidade, eficiencia enerxética, coa supresión das infravivendas, dirixidas tanto aos cascos históricos e barrios dos anos 60, coma ao medio rural.
- 823. Impulsar a rehabilitación dos Centros Históricos con propostas propias que teñan como obxectivo a permanencia da poboación existente e a ocupación das vivendas baleiras no mercado.
- 824. Impulso de programas de edificios tutelados, consistente na cesión a administración de edificios por parte dos seus propietarios durante un período determinado de tempo, para a súa rehabilitación e explotación en réxime de aluguer; devolvendo o edificio libre de ocupantes ao seu propietario transcorrido o tempo de cesión.
- 825. Impulso de Novas Políticas Fiscais en materia de Vivenda nas que se incrementen as deducións por vivendas en aluguer e se penalicen as vivendas baleiras
- 826. INFRAESTRUTURAS, TRANSPORTE E MOBILIDADE

827. As infraestruturas e a mobilidade son elementos de competitividade estratéxicos para calquera territorio. No caso de Galicia, cun espazo económico periférico en relación cos polos de crecemento da Unión Europea, é absolutamente necesario contar cunhas boas infraestruturas de comunicación tanto físicas coma dixitais.
828. Somos un país complexo, unha mestura e un equilibrio de realidades moi distintas, unha correcta comunicación tanto no interior coma cara o exterior é fundamental para por freo ao desequilibrio territorial que afecta a Galicia. Se queremos evitar o despoboamento do interior do país compre apostar, ademais de pola mellor conexión terrestre, por reducir a brecha dixital entre o mundo urbano e o mundo rural.
829. En materia de infraestruturas polo tanto os e as socialistas entendemos que é preciso apostar por dúas vías de actuación, por un lado rematar as obras e proxectos xa iniciados a fin de garantir que o gasto realizado ponse o servizo da cidadanía, e por outra banda analizar a necesidade de optimizar e realizar un uso eficiente das infraestruturas xa construídas, moitas veces proxectadas sen a necesaria planificación e movidas por fins que se atopan lonxe dos da racionalidade.
830. A posición xeográfica de Galicia no marco español e europeo é evidentemente periférica, debido ao cal, impóñense condicionantes específicos para as relacións, tanto de transporte de persoas como de mercadorías. Polo contrario, no ámbito mundial, Galicia ocupa unha posición estratéxica nas conexións entre Europa e o continente iberoamericano. O transporte internacional ofrece oportunidades para que Galicia aproveite as vantaxes desta posición xeográfica no transporte marítimo e nas relacións aéreas transatlánticas.
831. En definitiva apostamos pola intermodalidade entre os diversos medios de transporte, para o cal, entre outras medidas, se deberá acelerar o ritmo de execución das estacións intermodais pendentes nas principais cidades galegas.
832. INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE
833. En materia de melloras ferroviarias os e as socialistas consideramos necesario esixir o impulso das grandes infraestruturas ferroviarias que nos unen con España con Europa, principalmente ás conexións ferroviarias de alta velocidade e as conexión cos nosos portos. Do mesmo xeito deberán potenciarse os trens de proximidade ou cercanías nas principais áreas de poboación da nosa Comunidade e reforzar a intermodalidade tanto nas principais áreas urbanas coma nas estacións de tren intermedias a fin de que sirvan como nodos de comunicación de maior extensión territorial.

834. Galicia é unha rexión periférica dentro de España, eiva que debe ser compensada pola excelente situación estratéxica dos seus portos. Para elo ademais dunha labor de potenciación internacional debe existir unha intermodalidade no transporte real.
835. Os portos galegos presentan un gran potencial e unha grande influencia económica no global galego, por elo a potenciación da internacionalización e o remate das comunicacións para conseguir a intermodalidade debe estar presente na axenda do goberno galego.
836. No referente aos aeroportos é necesario lograr unha coordinación real lonxe dos localismos imperantes que sirva para atender as demandas de rutas existentes en cada área de Galicia e permita por as infraestruturas aeroportuarias ao servizo da actividade económica da comunidade.
837. Propostas concretas
838. Desenvolvemento do Plan Director de Estradas de Galicia, tal e como indica a Lei de Estradas de Galicia, ante o incumprimento do Plan MOVE (2010-2015) polo goberno de Núñez Feijóo
839. Plan de Transferencia de estradas entre as distintas administracións, fundamentalmente Xunta, Deputacións e Concellos, facendo que cada administración soporte as vías que lles corresponde. No caso da AP-9 debese trasladar as competencias sobre ela á administración autonómica, de forma que os galegos poidamos xestionar a principal arteria de Galicia.
840. Estudio do desdoblamento de determinadas vías rápidas de Galicia, así como mellora da súa seguridade implementando sistemas de sinalización activa e intelixente, mellorando a separación entre carrís (medianas brandas) e no caso de ser posible aumentando as beiravías e realizando novos tramos con carrís lentos que faciliten o adiantamento sobre todo de vehículos pesados.
841. Incorporar criterios de accesibilidade universal e permeabilidade para facilitar o tránsito peonil e animal no deseño e construción de novas infraestruturas viarias.
842. Realización dun programa de conservación completo das vías autonómicas poñendo fin ao estado de abandono de moitas das nosas estradas que ten como peor efecto o aumento da sinistralidade.

- 843. A Eliminación dos TCA (tramos de concentración de accidentes) será unha prioridade, con inversións apoiadas por criterios técnicos e de seguridade.
- 844. Melloras na seguridade das estradas creando sendas e elaborando un Plan de Travesías para unha circulación segura dos peóns e ciclistas, que se completará coa necesaria creación de circunvalacións en moitos núcleos de forma que se abra un escenario de humanización das nosas vilas.
- 845. Impulso as melloras da rede de ferrocarrís no territorio galego priorizando a conexión do interior galego e da cidade de Lugo, así como completando o Eixo Atlántico no tramo Coruña-Ferrol e Vigo-Portugal.
- 846. Aposta polo trens de proximidade ou cercanías nas áreas urbanas e semiurbanas, para o cal e necesario acadar o traspaso de activos e competencias creando un ente de ferrocarrís galego.
- 847. Finalización e melloras dos accesos ferroviarios aos portos galegos, garantindo a saída de mercadorías dos mesmos.
- 848. Aproveitamento dos tramos que despois da finalización do Eixo Atlántico quedaran fora de servizo para o desenvolvemento de vías verdes e sistemas de mobilidade alternativos.
- 849. Elaboración dunha Lei de Portos de Galicia e realización dun Plan de Portos de Galicia no que queden contemplados todos os obxectivos en materia portuaria da comunidade no referente a ampliación e melloras dos portos existentes; así como a súa integración nas vilas.
- 850. Impulso do papel dos nosos portos (incluso os estatais) como centros loxísticos para a nosa comunidade. Facilitar as condicións de comercialización, especialmente nos portos pesqueiros.
- 851. Estudo de novas prazas de atraque en portos deportivos, o ente público galego, directa ou indirectamente, xestiona na actualidade 23 instalacións náutico deportivas cun total de mais de 7.947 prazas de atracada.

852. Realizar medidas de integración dos portos no entorno urbano e mellorando as súas condicións ambientais co impulso de medidas de xestión ambiental, de residuos e eficiencia enerxética.
853. Uso do Plan de Portos de Galicia como instrumento macro base para a realización dos Planes Especiais de Ordenación Portuaria.
854. Apostar pola implantación de plataformas loxísticas tanto nas áreas de influencia dos principais portos como noutras localizacións estratéxicas, tal que contribúan a maximizar o desenvolvemento económico de Galicia, en función dunha planificación racional previamente establecida e acordada.
855. Promover a intermodalidade na carga aérea, mediante o desenvolvemento dos Centros de Carga e outras infraestruturas aeroportuarias especializadas.
856. Potenciar a expansión de rutas nos aeroportos galegos, con medidas non discriminatorias no seu tratamento e propiciando acordos entre as administracións e axentes do sector, cunha implicación máis activa por parte da Xunta de Galicia e cun seguimento periódico dos obxectivos previstos para mellorar a competitividade dos nosos aeroportos con respecto á competencia do norte de Portugal.
857. Mellora do transporte público metropolitano entre as cidades da Coruña e Vigo e os seus aeroportos, apostando por liñas específicas e non aproveitando liñas de uso doméstico.
858. TRANSPORTE PÚBLICO E MOBILIDADE
859. A potenciación do transporte público e as novas formas de mobilidade debe implicar un acordo xeral entre as administracións ca participación dos axentes do sector, para implantar plans concretos de mobilidade, co obxectivo de rebaixar as tarifas para os usuarios ou usuarias habituais, tanto no ámbito máis metropolitano como nas rutas co tráfico máis débil das áreas rurais, onde é necesario aproveitar sinerxías entre transporte escolar e o medio rural. Para establecer as bases dunha política que potencie a intermodalidade propoñemos:
860. Propostas concretas:

- 861. No relativo ao financiamento público para o transporte metropolitano, deberán abordarse as reformas necesarias co obxectivo de acadar que poida ser asumido progresivamente e ata a súa totalidade pola administración autonómica.
- 862. Progresar dun xeito significativo na seguridade e modernización dos vehículos e elementos do transporte, avanzando na implantación de novas tecnoloxías, que incluírá singularmente ás concesionarias do transporte escolar e de viaxeiros e viaxeiras por estrada, con servizos que deberán ser reformulados e renovados en consonancia ca normativa europea e co fin de promover procesos máis eficientes socialmente.
- 863. Fomentar o desenvolvemento de Plans de transporte de centros de traballo en aqueles centros de titularidade pública e/ou privada cuxas características de dimensión dos traballadores, actividade, procesos o situación así o requiran, así como Plans Mancomunados cando varias empresas compartan un mesmo centro ou edificio, ou ben desenvolvan a súa actividade nun mesmo polígono industrial o recinto asimilable.
- 864. Facilitar a mobilidade dos nosos maiores e reforzando a defensa dos dereitos de todas as persoas neste eido mantendo un compromiso esencial ca sustentabilidade no medio ambiente.
- 865. Axustar os sistemas de transporte as necesidades e demandas das zonas rurais con baixa densidade de poboación, garantindo a súa vertebración territorial. En algúns casos poderíanse implantar sistemas de transporte por demanda.
- 866. Constituír Consorcios de Transporte (o Autoridades Únicas de Transporte) en A Coruña-Ferrol, Santiago y Vigo-Pontevedra, que ofrezan un sistema de tarifas integrado, que aporte ao usuario non só vantaxes de custe senón tamén de funcionalidade no uso do sistema de transporte público, ademais dos seus efectos positivos sobre la redistribución de rendas.
- 867. Fomentar a elaboración de Plans de Mobilidade, que integren obxectivos explícitos de sustentabilidade.
- 868. Plans estratéxico para o uso da bicicleta en Galicia como medio de transporte seguindo o exemplo de Europa.
- 869. Fomento dos transportes de ría, actualmente só existentes nas rías de Vigo e Ferrol, como medios de transporte alternativos ao vehículo privado

870. MODELO URBANO SUSTENTABLE

871. Hoxe en día, podemos afirmar, sen temor a equivocarnos, que a maior parte da poboación europea vive en cidades ou contornas urbanas. No inicio da terceira década do século XXI, o conxunto dos habitantes do planeta enfrontamos grandes retos e desafíos derivados dunha abusiva utilización dos recursos que a Terra nos ofrece e dunha profunda crise post-COVID 19, manifestada na saúde pública, nos sistemas sanitarios asistenciais, na práctica totalidade dos sectores económicos e nos sistemas políticos nacionais e multilaterais. A humanidade parece abocada a asumir un cambio de paradigma socioeconómico, o que nos enche de incertidume.
872. O crecemento económico e o desenvolvemento atopan nas cidades o seu contexto máis favorable, xa que se benefician do propio ecosistema urbano, e tamén é nas cidades onde se fai máis visible o retroceso dos dereitos e o aumento dos procesos de vulnerabilidade e exclusión social: baixos niveis de renda, inequidade no acceso á vivenda, desemprego, desregulación das condicións laborais, desigualdade, violencia de xénero, racismo e xenofobia, etc.
873. Hoxe en día a urbanización pivota sobre unha rede de cidades intermedias, caracterizadas por u
874. n elevado dinamismo e un crecemento acelerado. Neste contexto, as maiores transformacións do espazo urbano xa non están a ocorrer nas grandes metrópoles, senón máis ben en cidades de menos de dous millóns de habitantes con altas taxas de crecemento.
875. Este novo patrón de poboamento está a permitir vislumbrar grandes oportunidades, pero tamén xerando enormes retos: as cidades necesitan incrementar a provisión de servizos básicos, garantir unha mellor calidade de vida, promover a xeración de emprego, protexer o medio ambiente e abordar os desafíos relacionados co cambio climático.
876. Sumado a iso, estas cidades adoitan caracterizarse por contar con elevados índices de pobreza e os seus gobernos deben fortalecer as súas capacidades institucionais e operacionais. Deben, por tanto, lograr un desenvolvemento sustentable mediante o impulso de novas estratexias de crecemento, ademais de fortalecer a súa resiliencia e adaptación ao cambio climático.
877. Moitas destas cidades teñen grandes dificultades para manexar a rapidez da urbanización e son vítimas dunha cruel paradoxa: as cidades atópanse en condicións medioambientais privilexiadas (xa que dispoñen dunha natureza chea de ricos e variados

recursos), á vez que están expostas a gran cantidade de perigos naturais requirindo un desenvolvemento resiliente e planificado do tecido urbano.

- 878. Moitos dos problemas e retos urbanos tenden a xerar unha espiral de declive que dificulta o crecemento equitativo e sustentable:
- 879. Crecemento desordenado, descontinuo e pouco consolidado no límite da cidade. Falta de definición entre o urbano e o rural e invasión de áreas ecolóxicas e produtivas.
- 880. Baixa densidade e presenza de baleiros urbanos. Existencia dunha alta porcentaxe de solo vacante distribuído irregularmente en grandes e pequenos lotes ou predios baldíos.
- 881. Forte segregación socio-espacial e inxustiza social. Desde os céntricos espazos de edificios multifamiliares ou de grandes vivendas para as clases acomodadas a vivendas mínimas ou infravivendas situadas na periferia (proliferación de asentamentos marxinais en áreas vulnerables), o que mostra un modelo desigual e centrífugo.
- 882. Falta de novas centralidades e deterioro dos centros urbanos. Substitución do uso residencial por uso exclusivamente comercial e/ou de servizos.
- 883. Aumento das emisións de GEI, debido a factores negativos de mobilidade, cambios no uso do solo, xestión deficiente dos residuos sólidos e expansión innecesaria da pegada urbana.
- 884. Baixa dotación de áreas verdes e de espazo público. Ademais, a súa distribución entre os barrios máis vulnerables é profundamente inequitativa.
- 885. Mala estrutura viaria e déficit de mobilidade en transporte público e non motorizado.
- 886. Existe un dobre factor agravante que, en boa medida, impide resolver a problemática sinalada. Trátase de que o crecemento urbano sustentable debería vir acompañado dunha maior capacidade económica e dun novo enfoque de gobernanza multinivel e multiactor.
- 887. Será preciso resolver ese dobre factor a través da toma en consideración da profundización e da consolidación (dentro do marco da Constitución política) de procesos de empoderamento e descentralización que traspase poder e recursos cara aos

governos locais máis próximos aos problemas da cidadanía (en aplicación do principio de subsidiariedade).

888. Propugnamos para Galicia un modelo de desenvolvemento urbano (MDU) xusto, equilibrado e inclusivo. Como obxectivo xeral, debe dar resposta á necesidade de acordar e explicitar, colaborativa e corresponsablemente, o establecemento dun modelo xeral de desenvolvemento urbano sustentable que actúe como rótula de conexión e de encaixe entre a visión estratéxica establecida en Axendas, Acordos, Convencións, etc. de ámbito internacional e multilateral (ODS, os retos e metas establecidos na NAU Hábitat III, no Cume do Clima ou no Marco Sendai) coas políticas públicas a desenvolver en Galicia.
889. De forma máis operativa, o MDU deixa clara a identidade e os compromisos de Galicia respecto a o seu modelo de desenvolvemento urbano, respecto a sustentabilidade global do planeta, respecto dos obxectivos das políticas de descarbonización e da orientación cara ao cumprimento dos ODS da Axenda 2030, entre outros. De igual forma, o MDU persegue aumentar a eficiencia do sistema urbano a través dunha visión de desenvolvemento clara orientada a maximizar a habitabilidade urbana para as persoas e os organismos que viven alí.
890. En definitiva, é básico para a sustentabilidade de Galicia, dispoñer da definición dun modelo territorial que logre posicionar o seu desenvolvemento urbano en correspondencia e en harmonía co desenvolvemento rural, costeiro, produtivo e de conservación e que este reflicta de forma sintética e simplificada, as relacións entre o medio físico, a poboación, as infraestruturas, a estrutura e o funcionamento do territorio.
891. O MDU é esa ferramenta, instrumento ou utensilio conceptual ou aquel relato político que combina compoñentes, os que teñen que ver co desenvolvemento urbano e/ou urbanístico, as infraestruturas, as redes, o compoñente ambiental, produtivo e os aspectos socio-económicos. O MDU é “un sistema de orientación” sobre o tipo de desenvolvemento urbano que o país debe procurar, de forma que haxa unha referencia sobre o que debe facerse, e onde sexan as corporacións locais quen decidan como o farán, a través dos seus propios plans reguladores ou de ordenación urbana.
892. As cidades, no seu sentido máis amplo, son lugares onde xorden infinidade de problemas e onde, de forma simultánea, atópanse solucións a múltiples cuestións que a humanidade se formula. As áreas urbanas e os seus contornos máis próximos son un terreo fértil para a ciencia e a tecnoloxía, para a cultura e a innovación, para a creatividade individual e colectiva, e tamén para mitigar o impacto do cambio climático. As cidades son tamén lugares onde se concentran problemas como a emisión de GEI, o desemprego, a segregación e a pobreza; a conxestión ou a xestión de residuos.

893. A clave da superación dos efectos da mundialización da economía e da crise na que nos atopamos inmersos (desigualdade e pobreza sistémica) será a articulación, a cohesión e a potenciación do local nunha contorna aberta e global. Desde esta perspectiva, a COVID-19 preséntasenos á vez que unha verdadeira catástrofe humanitaria, social e económica como unha potente “xanela de oportunidades” que habemos de aprender a manexar.
894. Na maior parte de Europa , xa se percibe con nitidez un debilitamento das tradicionais forzas centrípetas asociadas ás economías de aglomeración: moitas actividades urbanas trasládanse fóra dos límites tradicionais da “cidade”. Aparecen así contornas metropolitanas ou “rexionais” menos densas, máis difusas e con necesidade de interconexión física e telemática. Neste contexto, o pensamento do “feito urbano” comeza a apostar firmemente polo policentrismo tanto na escala continental, como na escala rexional e na das áreas metropolitanas. Da mesma forma, as paisaxes metapolitanas, aparecen hoxe como campo de probas para políticas, estratexias e proxectos, orientados non só a protexer espazos naturais, senón a rescatar o valor que as paisaxes humanizadas representan para o territorio, en termos de dinamización económica, social e cultural.
895. Os retos e oportunidades urbanos son contextualmente moi diferentes, polo que as respostas deben de variar consecuentemente. Con todo, hai certos principios importantes que poden ser observados:
896. Cooperación
897. Os gobernos necesitan volverse máis sensibles ás ameazas e oportunidades presentadas por un rápido crecemento urbano. É necesario mobilizar o apoio activo a través das diferentes esferas dos gobernos para asegurar un enfoque coordinado do planeamento e a administración das cidades e pobos.
898. Articulación
899. A implementación dunha política urbana en Galicia require un proceso técnico sostido para desenvolver os fundamentos legais precisos, reforzar as capacidades institucionais, os procedementos administrativos e os instrumentos técnicos e financeiros para perseguir esta axenda de maneira efectiva.
900. Multiplicidade e representatividade

901. A participación e implicación activa das cidades é imprescindible para alcanzar a maior parte dos obxectivos dos ODS. Requírese a colaboración activa entre o conxunto das esferas de goberno.
902. As leis e políticas urbanas benefíciáanse da cooperación activa entre as esferas de goberno e a descentralización de poderes, responsabilidades e recursos seleccionados cara a institucións ao nivel de cidade. O goberno local está mellor situado para facer mellor a “xestión das interdependencias e das diferenzas” debido a que ten un coñecemento superior, unha maior perspectiva e afronta procesos de rendición de contas para administrar o desenvolvemento urbano dunha forma integral. As institucións a nivel de cidade poden participar de maneira máis efectiva coas comunidades locais, investidores privados e outros intereses para construír unha axenda estratéxica común para o futuro da cidade.
903. Compacidade
904. Un obxectivo importante será administrar a expansión periférica das cidades en favor dun crecemento urbano máis compacto e inclusivo. Isto tenderá a requirir de planeamento estratéxico e de coordinación xustamente nos límites, nos mecanismos de contención, nas “fronteiras administrativas” onde os municipios han de coordinarse, cooperar e colaborar.
905. Corresponsabilidade
906. A consolidación urbana require de esforzos proactivos para aumentar a cantidade e calidade do solo que se desenvolve dentro do núcleo urbano e ao longo dos seus corredores de transporte. Requírase un uso máis intensivo do solo vacante ben situado e de infraestruturas melloradas. Requírense esforzos positivos para renovar e modernizar a infraestrutura urbana existente, promover formas de desenvolvemento e reorganización dentro do centro das cidades que favorezan a densidade, e alentar usos máis intensivos de solo vacante e sub-utilizado en zonas ben situadas. Isto tende a ir da man con máis desenvolvemento de usos mixtos e menos segregación nos usos do solo.
907. Prospección
908. Planear os procesos de urbanización por adiantado (do solo e das infraestruturas) é menos disruptivo e máis efectivo socialmente, desde a perspectiva custo-beneficio, que tratar de reparar, re-desenvolver ou recolocar os asentamentos informais unha vez se estableceron.

909. Múltiples escalas
910. A política urbana require unha perspectiva territorial ampla para rexións metropolitanas, incluíndo conectividade máis sólida entre cidades, pobos e áreas rurais. Isto mellora a eficacia e a eficiencia funcional das rexións metropolitanas. Unha maior cooperación e conectividade entre cidades tamén permite a especialización industrial e o desenvolvemento de fortalezas distintivas e complementarias.
911. Educación ambiental
912. A educación ambiental é un proceso destinado á formación dunha cidadanía que forme valores, aclare conceptos e desenvolva as habilidades e as actitudes necesarias para unha convivencia harmónica entre os seres humanos, a súa cultura e o seu medio ambiente.
913. Será preciso transitar cara a un novo modelo de gobernación nas cidades: a acción de gobernar ha de consistir na xestión das interdependencias e na articulación de redes de actores diversos co compromiso cidadán como eixo principal e vertebrador desa acción mesma. As Axendas Urbanas conformaranse como a plasmación do MDU no plano local e por tanto nunha das rótulas de conexión entre as estratexias internacionais de sustentabilidade, os compromisos asumidos por Galicia nesta materia e a realidade dos nosos espazos urbanos, rurais e naturais.
914. Con este enfoque dual, formúlanse os seguintes principios de desenvolvemento urbano:
915. Benestar, Equidade, Xustiza e Cohesión social. Crear un modelo de ocupación territorial e de cidade que teña ás persoas no centro do sistema. Deseñar un modelo de desenvolvemento urbano que propugne o respecto ao medio natural e que provea á cidadanía de benestar, equidade, xustiza social e cohesión, é o principio inspirador.
916. Proximidade, Accesibilidade e Deseño universal. Crear un modelo de ocupación territorial e de cidade compacta fronte á dispersión dos asentamentos urbanos. Conter o consumo de novo solo urbano e preservar os espazos do territorio esenciais para o mantemento dos ciclos naturais. Reducir as necesidades de mobilidade mediante unha relación máis adecuada entre espazos de residencia, traballo, lecer e equipamentos. O urbanismo de proximidade facilita o uso dos medios de transporte alternativos ao automóbil. Diminuír a demanda enerxética e o consumo de recursos derivados do modelo de ocupación dispersa. Reducir as emisións derivadas.

917. Masa crítica de poboación, actividade e servizos. Fomentar un espazo urbano socialmente integrador. A densidade é un condicionante para a ocupación do espazo público. Nos espazos colectivos dos tecidos compactos desenvólvese unha adecuada vida social. Aplicar a innovación nas cidades, como peza crave para o desenvolvemento e solución de problemas urbanos e territoriais, é unha maneira de promover a cidade produtiva e competitiva, en tanto a innovación é un compoñente importante na implementación de solucións creativas e tecnolóxicas tanto para temas produtivos como tamén sociais e ambientais.
918. Cidadán versus peón. Liberar espazo público ao automóbil motorizado para convertelo en espazo público de uso múltiple para todos os cidadáns, sen friccións. Fomentar unha maior autonomía dos grupos dependentes ou de mobilidade reducida mediante o coidado no deseño da accesibilidade a espazos e equipamentos públicos, vivenda e servizos básicos. Reducir os impactos dos desprazamentos motorizados; redución dos seus consumos e emisións locais e globais.
919. Transporte alternativo. Fomentar a democratización da mobilidade a partir do aumento da eficacia dos modos de transporte máis económicos e ao alcance de todos os grupos de idade: transporte público, bicicleta e a pé. Desta maneira, aumentan as posibilidades de moverse de toda a poboación, independentemente da súa idade ou nivel de renda. Fomentar patróns de desprazamento máis sustentables, de menor consumo enerxético, menos ruidosos, máis seguros e adecuados para o calmado do tráfico e menos contaminantes.
920. Habitabilidade do espazo público. Conseguir a máxima habitabilidade no espazo público a partir de condicións adecuadas de confort, accesibilidade, saúde e seguridade. O grao de satisfacción coa contorna máis inmediata, o espazo público, é unha das variables das que depende o benestar persoal da cidadanía. Fomentar espazos multifuncionais. Crear espazos vitais e dinámicos. Xerar espazos seguros.
921. Complexidade urbana. Aumentar a complexidade urbana nos tecidos urbanos existentes e potenciar a mestura de usos e a proximidade como base da accesibilidade nos novos. Equilibrio entre os usos residenciais e terciarios. Unha boa repartición de usos inflúe no uso social do espazo urbano. Fomentar patróns de proximidade residencia-traballo. Conectar os tecidos urbanos mediante corredores continuos de actividade. Apostar por un modelo de cidade complexa que conte con actividades densas en coñecemento (actividades @ ou 3D) pola alta capacidade de organizar e xestionar a información.
922. Espazos verdes e biodiversidade. Establecer unha matriz verde que conecte o verde periurbano coas masas vexetadas internas, a través de corredores verdes urbanos.

923. Autosuficiencia enerxética. Reducir a dependencia enerxética derivada do consumo no espazo construído e o espazo público mediante o fomento do aforro e a eficiencia enerxética. Consegur a máxima autosuficiencia enerxética e un descenso da vulnerabilidade dos sistemas a partir da captación de enerxías renovables a escala local.
924. Autosuficiencia hídrica. Incrementar a eficiencia no consumo dos recursos hídricos e mellorar a súa calidade. A eficiencia está suxeita basicamente a dous grandes aspectos: o primeiro, á optimización da demanda de auga dos usos urbanos a partir da aplicación de medidas de aforro, e o segundo, á substitución de parte da demanda total por auga non potable procedente do ámbito urbano: aproveitamento das augas pluviais, grises e subterráneas. Lograr o maior grao posible de autosuficiencia na subministración de auga urbana mediante a minimización da demanda hídrica ao mínimo indispensable para satisfacer as necesidades básicas, a reciclaxe das augas servidas e o aproveitamento das fontes urbanas non convencionais.
925. Autosuficiencia dos materiais. Minimizar o impacto dos materiais de construción mediante o emprego de materiais locais e o emprego de materiais facilmente reciclables.
926. Adaptación e mitigación do cambio climático. Reducir as emisións de axentes contaminantes á atmosfera, principalmente as emisións de CO². Unha cidade é neutra en emisións de CO² cando a enerxía que utiliza se produce ou compensa con sistemas renovables, ofrecendo un balance final de cero emisións de GEI. Alcanzar un maior grao de independencia enerxética e un descenso da vulnerabilidade dos sistemas a partir da captación e produción de enerxías renovables e do aproveitamento de augas marxinais e prepotables.
927. Mestura social. Crear un contexto urbano que favoreza a convivencia entre os grupos de persoas con rendas, culturas, idades ou profesións diferentes. A diversidade de cidadanía é a garantía para evitar unha tendencia á creación de guetos, nos que se agrupan grupos homoxéneos de habitantes. Fomentar a diversidade e mixticidade de actividades que proporciona o modelo de cidade compacta e complexa. Garantir o acceso dos cidadáns ás necesidades básicas (saúde, vivenda, traballo, educación, cultura, etc.) e garantir a igualdade de oportunidades a todos os niveis. Fomentar a participación da poboación nas decisións urbanas. As actuacións urbanas deben planificarse de forma específica para que as estratexias de sustentabilidade poidan ser adoptadas por todos os habitantes da cidade, independentemente da súa situación social. Ademais dunha democratización das políticas urbanas, isto supón a implicación de todos os cidadáns, o que permite desenvolver todo o potencial das medidas propostas.
928. Acceso á vivenda. A normativa referente a usos do solo, restricións urbanísticas, fraccionamento e urbanizacións, debería propiciar condicións para a oferta de vivenda de todo tipo e para todos os sectores sociais. Isto inclúe en particular á vivenda de

interese social, especialmente en altura, e vivenda de aluguer. Prover unha cantidade significativa de vivenda protexida e fomentar o equilibrio do parque inmobiliario: mestura de vivenda segundo tipoloxía (libre, protexida) e réxime de tenencia. Diversificar os programas de vivenda protexida. Mellorar a habitabilidade do espazo público para revalorizar as vivendas e locais dos barrios en dificultade. Evitar que estas operacións conleven un proceso de xentrificación.

929. Dotación de equipamentos. Crear unha rede de equipamentos de proximidade, próximos aos habitantes aos que dean servizo. Prover unha dotación de equipamentos óptima e diversa como garantía da calidade urbana e como compoñente básico para a cohesión social. Os equipamentos de proximidade e os equipamentos especializados de cidade reforzan a complexidade urbana. Os equipamentos son lugares de encontro, constitúen nodos de complexidade social, derivada do feito que os seus usuarios serán persoas moi diversas.
930. Xestión e gobernanza. Fomentar a participación dos habitantes na discusión dos proxectos e na organización cooperativa que se propoña para agrupalos. En xeral, a colaboración estreita entre administracións e cidadáns, o fomento da participación a partir de compartir obxectivos comúns relacionados coa sustentabilidade converteuse en sociedades maduras nun motor para o cambio social e nun factor de cohesión e complexidade na organización da poboación
931. Para o PSdeG-PSOE a implementación de modelos de cidade e territorios sustentables ligados á saúde e benestar das persoas trátase dunha pretensión que impregna todos os niveis de gobernanza e de xestión, desde o nacional ao local.
932. Nese sentido, apostamos pola elaboración e aplicación de Axendas Urbanas, entre elas a Axenda 2030 e a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas, en todas as nosas cidades e territorios, así como a aprobación dunha Lei de Mobilidade Sustentable como marco legal básico que estableza políticas de mobilidade dirixidas a fomentar os medios de transporte máis eficientes, menos contaminantes e máis racionais, e que garantan a accesibilidade de todas as persoas.
933. Esta aposta significa construír cidades saudables e habitables baseadas na mobilidade sustentable como eixo transformador urbano, implica a rexeneración urbana en áreas deterioradas, o fomento de solucións urbanas sustentables baseadas na natureza, e o tratamento do espazo público como espazo de equidade e relación no que materializar a igualdade de oportunidades.
934. Proponse a integración nos instrumentos de planificación urbanística preexistentes dun enfoque de urbanismo de proximidade. Isto implica unha transformación da localización

dos usos do territorio, incluíndo a creación de modelos de negocio de proximidade, o aumento dos espazos públicos de reunión e interacción social, unha aposta por modelos de mobilidade descarbonizada mediante a mobilidade a pé ou en bicicleta, e a posibilidade de redescubrir a biodiversidade nas cidades fomentando a renaturalización.

935. Asumimos como propios os novos retos na ordenación do territorio, na cohesión social, na mobilidade sustentable, na loita contra o cambio climático, no acceso a unha vivenda digna, nas posibilidades que xera a nova xestión dos recursos e a economía circular, no liderado e fomento da innovación dixital e na mellora dos instrumentos de intervención e a gobernanza. Facémolo desde o recoñecemento á extraordinaria capacidade transformadora das cidades, coa mirada posta nos centos de proxectos e iniciativas innovadoras de éxito lideradas por Concellos en todo o país.
936. O contexto da pandemia da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de recuperar o liderado do público, o multilateral e a interdisciplinabilidade. Nese sentido, a gobernanza urbana aberta á participación cidadá, á cooperación interinstitucional, á achega de fondos e financiamento público-privada, e á sinalada interdisciplinabilidade, debe ser o motor dunha auténtica transformación das nosas contornas urbanas, en aras da sustentabilidade e a inclusión social.
937. Debemos facer fincapé na rehabilitación integral daqueles barrios que, como consecuencia da tipoloxía edificatoria utilizada na súa época e/ou a concentración excesiva de vivendas destinadas unicamente a rendas baixas ou persoas en situación de exclusión social, sufriron durante décadas procesos de degradación ata converterse en verdadeiros guetos. Nestes barrios fai falta actuar, xa non só na mellora das condicións da edificación, que en ocasións roza a infravivenda, senón tamén en dotalos de espazos urbanos de calidade e en conseguir unha mestranza de persoas de diferentes niveis adquisitivos para evitar a aparición de novos guetos.
938. Os e as socialistas comprometémonos a favorecer e promover a renovación dos parques residenciais atendendo a criterios de sustentabilidade e eficiencia enerxética. Converténdoo en zonas de alta eficiencia enerxética e descarbonizadas antes de 2050.
939. É fundamental aproveitar as oportunidades que nos brinda a aplicación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con fondos europeos e os programas impulsados polo PSOE desde o Goberno de España para profundizar nunha renovación urbana que garanta altos índices de calidade urbana e benestar social.
940. Neste contexto, os gobernos locais e os diferentes actores urbanos son axentes fundamentais na redución da mortalidade e a prevención de diferentes enfermidades, así como na redución de gasto do sistema sanitario.

941. Descarbonizar a mobilidade das nosas cidades é un dos grandes retos que debemos afrontar con inmediatez. Para iso, pretendemos implantar unha alternativa ao transporte privado eficaz, segura e accesible, a través da eficacia do transporte público urbano e interurbano en todas as súas redes. Esta alternativa debe recaer sempre en medios que estean sometidos de forma efectiva ás condicións establecidas polos municipios
942. Os e as socialistas promovemos a implantación e ampliación de zonas verdes e azuis na regulación do acceso de vehículos e de áreas reservadas aos peóns co obxectivo de incentivar a actividade física como unha forma de mellorar a nosa saúde e benestar. E esta planificación debe ter en conta, o favorecer a actividade física, non só durante o tempo libre, senón tamén nos nosos desprazamentos habituais especialmente nos momentos e lugares de acumulación do tráfico, como son os centros educativos ou os desprazamentos ao traballo.
943. Queremos acelerar a transición ecolóxica nas cidades desde o público, imos liderar unha profunda transformación na forma de desprazarnos, coa tecnoloxía e a dixitalización como protagonistas, que abre un espazo a grandes investimentos, á creación de emprego e á mellora da saúde e a calidade de vida da cidadanía.
944. Unha mobilidade saudable que teña como prioridade ao peón sobre calquera outro medio de transporte, conquistando espazos públicos para este, e que se combine cunha adecuación de vías e espazos públicos que favoreza a mobilidade en bicicleta ou outros medios de transporte eléctricos.
945. O abanico de posibilidades de cambio é moi amplo e temos as ferramentas para logralo nos plans de recuperación.

14 
CONGRESO
7/8 DE DECEMBRO

O PSdeG NAS INSTITUCIÓN, AS FERRAMENTAS PARA A XUSTIZA SOCIAL

**PS^{DE}G
PSOE**

946. **7. O PSdeG NAS INSTITUCIÓN, AS FERRAMENTAS PARA A XUSTIZA SOCIAL**

947. O PSdeG-PSOE é unha forza política central nas entidades locais de Galicia e no Goberno de España e no 14º Congreso Nacional abrimos unha nova etapa coa aspiración de formular un proxecto político que aglutine á maioría social progresista de Galicia, dando resposta así á demanda de moitos cidadáns e cidadás que confían nos e nas socialistas no ámbito local e no ámbito estatal pero non sintonizaron coa proposta socialista para a Xunta de Galicia.

948. Queremos contar cunha nova maioría progresista que volva a poñer o foco nunha serie de propostas e proxectos que busquen xerar un marco máis ambicioso ao modelo partidista de Feijóo e cunha máxima clara: facendo de Galicia a administración española co estándar máis elevado de calidade en transparencia, bo goberno e goberno aberto.

949. Os e as socialistas galegos queremos mellorar a calidade da democracia e introducir mecanismos que faciliten a participación e fortalezan ás diferentes institucións.

950. Defendemos un verdadeiro cambio cultural e de modelo en Galicia que permita á cidadanía coñecer, participar e colaborar na xestión dos asuntos que lles concernen, evolucionando do goberno para a cidadanía ao goberno coa cidadanía.

951. Os concellos e Deputacións onde gobernamos son unha boa referencia á hora de definir o proxecto político para Galicia, por proximidade, experiencia de xestión e políticas públicas progresistas que se implementan acotío.

952. **UN NOVO ESTATUTO**

953. O Estatuto de Autonomía de Galicia, que vén de cumprir 40 anos recentemente, ten amosado ser unha poderosa ferramenta para o desenvolvemento da personalidade e identidade galega e vida social, económica, cultural e lingüística de Galicia.

954. Foron anos nos que o pobo galego beneficiouse de un enfoque de goberno de cercanía aos problemas dos galegos e as galegas a través do autogoberno que nos outorgaron os dereitos recollidos no Estatuto de Autonomía aprobado ao amparo da Constitución Española de 1978.

955. Sen embargo, o Estatuto, como todas as ferramentas lexislativas precisa unha renovación e actualización para facer fronte aos novos problemas e desafíos que a

modernidade nos plantexa. No ano 1981, Galicia e España inda non formaban parte da UE nin de moitos mecanismos institucionais internacionais que teñen impactado de xeito moi importante na vida dos galegos e as galegas.

956. Porén, a situación política e social en España, tamén variou nestes anos, e outras comunidades autónomas, aproveitaron os mecanismos de reforma estatutaria para adaptar os seus estatutos aos tempos nos que vivimos, respectando o entramado constitucional español existente ata o de agora. Pero esa situación pode variar.
957. Este feito vai unido á un intre político no que todo parece indicar que nos encamiñamos cara un proceso de diálogo e debate sobre a necesidade dunha reforma constitucional como xa se teñen pronunciado moitas forzas políticas. E Galicia, non pode quedar atrás.
958. Os e as socialistas de Galicia fomos garantes no pasado, do deseño dun Estatuto de Autonomía de primeiro nivel fronte a aqueles que tentaron converter ao noso país nunha comunidade de segunda.
959. Defendemos por tanto, a necesidade de deseñar e aprobar de xeito dialogado con todas as forzas políticas de Galicia, dun novo Estatuto de Autonomía que responda á vontade da cidadanía, pero tamén ao resultado dunha historia, dun territorio, dunha cultura e unha lingua singulares
960. Un Estatuto que recoñeza a identidade nacional galega, recollida nos símbolos de Galicia, que nos permita avanzar no autogoberno, na defensa dos novos dereitos e novas cotas de benestar para os galegos e as galegas e na definición das solucións políticas e institucionais aos problemas da modernidade.
961. Un Estatuto de País, de todos os galegos e galegas, que recolla as arelas dunha sociedade moderna e activa, que aspira a convivir na pluralidade e gobernarse para desenvolver con normalidade as lexítimas aspiracións da súa cidadanía nun marco de convivencia democrática en España e Europa.
962. Neste sentido os e as socialistas propoñemos:
963. O deseño e aprobación dun novo Estatuto de Autonomía para Galicia a partir do diálogo con todos os grupos e forzas políticas con representación en Galicia para que este novo Estatuto sexa o Estatuto de todos e todas, ambicioso en termos de autogoberno e que recolla as competencias necesarias para facer fronte aos desafíos de Galicia.

964. Impulsaremos que o novo Estatuto manteña a arquitectura básica do modelo territorial, principalmente o mantemento e persistencia dun Fondo de Suficiencia que garanta a equidade no conxunto do territorio e a solidariedade interterritorial.
965. Promoveremos do mesmo xeito, a ampliación do autogoberno negociando todas aquelas competencias que teñan cabida no actual marco estatutario e que fosen obxecto de aprobación pola Xunta de Galicia.
966. UNHA ADMINISTRACIÓN MODERNA, EFICIENTE E AO SERVIZO DOS CIDADÁNS
967. Galicia precisa modernizar o funcionamento e estrutura das Administracións para dar unha resposta eficaz aos problemas derivados da realidade actual e facer fronte aos desafíos da modernidade. É posible e necesario unha mellor distribución de traballo autonómico, eliminando disfuncións e revisando a funcionalidade e mesmo a continuidade de organismos paralelos ao servizo das consellerías.
968. Precisamos tamén, modernizar a xestión da Xunta de Galicia, facéndoa máis eficiente e sinxela, aproveitando para elo as novas técnicas de xestión pública e as ferramentas tecnolóxicas actuais para impulsar a transición cara un novo e máis moderno e áxil de administración.
969. Asemade, o actual esquema de reparto competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas supón que Galicia teña capacidade normativa no ámbito das entidades locais.
970. Neste senso, o Partido Popular, no seu afán de recortar, decidiu modificar a Lei de Bases de Réxime Local, cambiando o marco normativo e introducindo incertezas en todos os concellos galegos, aos que os seus cidadáns esíxenlle uns servizos que dificilmente poden prestar. É necesario poñer ao día a regulación das entidades locais de Galicia.
971. Propostas para a Xunta:
972. Impulsaremos medidas de modernización, análise e avaliación de políticas públicas como unha ferramenta transversal da acción pública, para acadar un deseño eficaz e eficiente das políticas públicas da administración pública galega.
973. Fomentaremos a carreira horizontal dos empregados públicos, desenvolvendo as previsións contidas no actual marco legal.

- 974. Impulsaremos a formación e mellora da cualificación profesional dos empregados e empregadas públicas, a fin de garantir un servizo público de calidade.
- 975. Vemos necesario reducir a burocracia na Xunta por medio da simplificación dos expedientes e impulso da Administración electrónica.
- 976. Impulsaremos a descentralización administrativa como garantía de eficiencia e avaliaremos as posibilidades das comarcas de Galicia dentro do mapa funcional e administrativa de Galicia, conforme establece o noso Estatuto.
- 977. Impulsaremos a simplificación de axencias, organismos, consorcios e empresas, conseguindo un aforro de diñeiro público e unha xestión máis directa e eficaz dos representantes políticos.
- 978. Auditaremos e avaliaremos as concesións públicas de maneira integral: nunha primeira fase, pormenorizando os obxectivos para perseguir mediante ítems obxectivables. Nunha segunda fase, mediante a creación de memorias de avaliación e auditorías de eficacia da concesión.
- 979. Establecemento de mecanismos periódicos de rendición de contas, poñendo en marcha un sistema de avaliación por obxectivos cuxas conclusións serán públicas.
- 980. Recuperaremos a función de seguimento e apoio aos consumidores recuperando a función do Instituto Galego de Consumo na defensa dos consumidores galegos, principalmente, no apoio ás reclamacións contra o sector de subministro eléctrico que na actualidade foron postergadas legalmente, un feito inédito en toda España e que amosa o pouco respecto aos dereitos dos consumidores.
- 981. Impulso decidido ás políticas de calidade na xestión das administracións e dos organismos dependentes da Xunta de Galicia, a través da elaboración de plans de Actuación e contratos plurianuais de xestión, así como incorporando os criterios de mellora da atención ao cidadán, cartas de servizos e xestión eficiente, mellora de procesos, etc..., conforme aos estándares internacionais de calidade como a ISO 9001, EFQM, etc..
- 982. Propostas concretas para a Administración Local.

983. Impulsaremos unha nova *Lei de Administración Local de Galicia* que, máis alá dos cambios “cosméticos” introducidos nos últimos anos, permita dar resposta ás necesidades actuais das entidades locais, no ámbito das competencias que corresponden a nosa Comunidade.
984. Cumprimento efectivo das previsións contidas no Pacto Local impulsado polo Presidente Emilio Pérez Touriño.
985. Elaboración do *Libro Branco das competencias* que, en colaboración cos Concellos e a FEGAMP, estableza criterios para conseguir simplificar os conflitos interadministrativos.
986. Impulsaremos medidas e instrumentos de cooperación e colaboración entre as entidades locais, con fin de mellorar a eficiencia na prestación de servizos e políticas públicas, sen menoscabo da propia autonomía e singularidade de cada entidade.
987. Impulso á mellora do financiamento das entidades locais, no marco establecido pola Constitución e o Estatuto de Autonomía.
988. Redución substancial das subvencións condicionadas discrecionais aos concellos, impulsando a distribución con criterios estables e obxectivos.
989. Elaboración, en consenso coa FEGAMP, de protocolos a seguir para a conformación de expedientes, para conseguir un desenvolvemento total dos requisitos para os trámites autonómicos e locais, creando marcos protocolarios para o desenvolvemento da acción administrativa.
990. Promoveremos o desenvolvemento da Área Metropolitana da Coruña e o impulso da recentemente aprobada Área Metropolitana de Vigo.
991. MEDIOS PÚBLICOS
992. A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un serio deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social.

993. Fronte a un escenario dixital que ameaza con novas discriminacións sociais e un panorama comercial cada vez máis concentrado e oligopolista de medios comerciais privados, que esixiría como contrapeso un servizo público forte e participativo, a RTVG perdeu rapidamente o seu peso e influencia social.
994. Hoxe a radiotelevisión pública galega perde relevancia como consecuencia da manipulación sistemática do goberno de Núñez Feijóo, da falta dun mandato claro de contidos e do seu financiamento. A manipulación endémica da RTVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz e desnaturaliza a súa misión democrática.
995. Os e as socialistas propoñemos un gran Pacto Social para refundar a RTVG que permita que a cidadanía galega se apropie e controle o servizo público. Os nosos obxectivos son: independencia, estabilidade, responsabilidade e participación da sociedade civil.
996. Propostas concretas
997. Creación da figura do *Defensor do espectador e do ouvinte*, valedor do dereito cidadán a unha información veraz, independente e plural e a un entretemento digno.
998. Creación inmediata da *Autoridade Audiovisual* e independente en Galicia que garanta o estrito cumprimento do servizo público esencial establecido na Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
999. Aprobación do *Plan Estratéxico para a Era Dixital*. Axilizará a dixitalización dos sistemas de produción audiovisual e facilitará as funcións clásicas do servizo público pero tamén o acceso universal a contidos dixitais. Incluirá a creación dunha comunidade de espectadores e usuarios comprometidos co servizo, con influencia real e directa nos contidos.
1000. Inicio da dixitalización e posta en valor do arquivo histórico da RTVG, e a súa oferta, como patrimonio cultural do país. Asegurar a súa conservación e posta a disposición de toda a cidadanía a través dos servizos interactivos.
1001. *Rehabilitación da TVG-2*, para que recupere a súa vocación xeneralista de fomento da cultura. Nesta liña, utilización das posibilidades técnicas para o lanzamento na TVG-2 dunha programación infantil e das actividades deportivas

1002. Execución de todas as medidas que garantan a diversidade cultural, ideolóxica e política da sociedade galega, así como a participación directa dos grupos sociais e políticos representativos no conxunto da programación. Garantir a dispoñibilidade de medios técnicos e humanos para a realización dos espazos necesarios para o correcto exercicio do dereito de acceso que establece a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
1003. Como máximo obxectivo do servizo público, a Rendibilidade Social (pluralismo ideolóxico, participación democrática, defensa dos valores e dereitos humanos) estará sometida a indicadores periódicos que permitan medila e acentuala. A transparencia incluírá aspectos financeiros (fontes, custes...), as retribucións e as contratacións externas, e será garantida por auditorías sistemáticas e rigorosas.
1004. *Conversión da RTVG no verdadeiro motor da industria audiovisual galega.* Cambiaremos o modelo actual –sen espazos culturais, debates nin programación educativa de calidade...- por unha radiotelevisión pública que sexa o escaparate da industria do audiovisual, da experimentación e da innovación tecnolóxica.
1005. Aposta polo sector da dobraxe, hoxe en risco de desaparición polas políticas do Partido Popular, cando foi o símbolo da normalización lingüística de calidade e un dos motores do emprego no audiovisual.
1006. A oferta audiovisual estará dotada nos seus contidos de opcións de versión orixinal con subtitulación en galego, aproveitando as posibilidades técnicas para fomentar a aprendizaxe dos idiomas.
1007. Financiamento suficiente, estable e responsable. Fronte aos progresivos recortes sufridos nos últimos anos, urxe valorar as recomendacións europeas sobre o financiamento do servizo público.
1008. O gran Pacto Social para refundar a RTVG complementábase con outras tres medidas imprescindibles no marco dos medios de comunicación:
1009. A elaboración da Lei de publicidade institucional de Galicia.
1010. Unha estreita colaboración coas universidades galegas e centros de formación profesional que ofertan títulos vencellados á comunicación.

1011. O fomento da constitución de pemes e cooperativas de profesionais para a creación de empresas de información dixital
1012. GALICIA EN EUROPA TRAS O *BREXIT*
1013. Co resultado do Referendo Británico e case inevitable unha nova rolda de negociación dos Tratados Europeos. Galicia debe estar presente tanto no debate como na formulación da posición española coma directamente perante as institucións comunitarias nos seguintes eidos:
1014. No reforzamento do *Principio de Subsidiariedade* polo cal a UE so tomara decisións nas que estea claramente demostrado que unha acción a nivel europeo e mais eficaz ca aquela que o Estatuto atribúe a Galicia.
1015. Do mesmo xeito debe introducirse nos tratados o principio de *Lexislar Mellor* pola cal se introducen mecanismos obrigatorios polos cales as Comunidades Autónomas e outros gobernos subestatais da UE teñen un canle formal e establecido para contribuír na formulación de lexislación Europea naqueles eidos nos que tanto a UE coma as CC.AA. comparten competencias.
1016. Introducción do principio de *Lexislacion Activa* para as comunidades autónomas e outros gobernos subestatais con competencias lexislativas perante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.
1017. ENTIDADES LOCAIS PARA UN NOVO TEMPO
1018. Somos conscientes de que o deseño institucional favorece claramente ás administracións estatal e autonómica e ten relegado a un segundo plano a autonomía do mundo local no exercicio do poder dentro da arquitectura territorial do Estado. Mais o Municipalismo forma parte nuclear da identidade política dos Socialistas, na que os concellos constitúen unha verdadeira escola de democracia.
1019. Xa que logo, cando os e as socialistas gobernamos no eido local, mellora da calidade de vida da cidadanía. Sábeno ben nos 111 concellos e nas 3 deputacións provinciais onde gobernamos ou cogobernamos, entidades locais nas que a nosa pegada na defensa do público é indiscutible.

1020. Os e as socialistas apostamos por que se acometa de forma urxente unha das tarefas pendentes da nosa Democracia, a segunda descentralización de competencias e recursos do autonómico ao local.
1021. Desde hai moito tempo, os concellos socialistas teñen asumido as súas responsabilidades, dando así mesmo respostas a novos problemas que non encaixan na súa esfera competencial, moi maioritariamente con fondos propios. Esfuerzo que se multiplicou exponencialmente desde que se declarara a emerxencia sanitaria.
1022. Con escasa suficiencia financeira, os concellos fan fronte á prestación de servizos públicos para os que non existiría obriga nin prestacional nin económica. Por tal motivo, débense actualizar canto antes as competencias e clarificar os recursos dos concellos para encamiñar a obrigada xestión conxunta dos servizos cara una visión estratéxica do noso país. Os e as socialistas avogamos pola figura da cogobernanza e a colaboración leal entre institucións.
1023. E xustamente nesa liña, debemos reformar as deputacións para adaptalas a estes novos tempos postpandemia do século XXI.
1024. Fronte ao favorecemento do deseño institucional a prol das administracións estatal e autonómica, a esa negación institucional que relegou a un segundo plano a autonomía local, propoñemos transformar as entidades locais en auténticos gobernos con liderado político e que fagan efectivo o principio de subsidiariedade recollido na Carta Europea de Autonomía Local.
1025. É inaprazable unha análise completa e detallada das competencias actuais e futuras da administración local e dos recursos ou medios dos que debe dispoñer para afrontalas, dando resposta axeitada á demanda social existente. Todo iso considerando os principios de eficiencia, racionalidade e optimización dos recursos públicos que a sociedade, nós mesmos e a realidade nos demandan. Por iso, a cuestión prioritaria non han ser as fusións nin a desaparición dos municipios como realidade política, senón a xestión conxunta e eficaz dos servizos cara una visión estratéxica do noso país.
1026. Un dos desafíos máis urxentes é dotarse dunha intermunicipalidade sólida que multiplique o rendemento político con economías de escala no desempeño das competencias e na prestación dos servizos. O complexo sistema competencial das entidades locais tamén esixe unha clarificación, dada as maiores inseguridades xurídica e económica orixinadas pola Lei de Racionalización e Sustentabilidade. As entidades locais deben dispoñer dun marco competencial claro e preciso, con capacidade plena para exercer a xestión desas competencias con autonomía e co financiamento preciso

para acometelas. Sen perder de vista que sen autonomía financeira non existe Autonomía Local.

1027. Reivindicamos, entre outras normas, unha nova Lei de Administración Local de Galicia acordada coa Fegamp, xunto coas correspondentes reformas legais estatais, pois é preciso mudar os marcos normativos para que se adapten a un novo século, a un novo tempo.
1028. De igual xeito reivindicamos a aprobación dunha Lei de Financiamento Local, na que se recollan funcións e competencias municipais e o seu debido financiamento, así como o establecemento dos principios para garantir un reparto obxectivo e transparente das subvencións e convenios autonómicos coas administracións locais.
1029. Constatamos unha parálise nos acordos adoptados en relación a asunción da xestión por parte da administración autonómica de determinados servizos da súa competencia e que son prestados polos concellos. Coordinadamente coa Fegamp, elaboraremos un calendario para a asunción pola administración autonómica de todos os gastos dos centros educativos de infantil e primaria, conservatorios profesionais de ensinanza media e UMADs, entre outros, superando o actual marco do Pacto Local do ano 2006.
1030. No mesmo senso, a normativa reguladora da administración local precisa tamén un novo Estatuto de Goberno Local.
1031. É inaprazable reformular a arquitectura institucional do Estado, dotando ao poder local dunha maior presenza nos órganos do Estado e da Comunidade Autónoma para reforzar a lexitimidade e a representatividade dos concellos, medrando así a confianza da cidadanía galega nas súas institucións máis próximas.
1032. Pola súa repercusión sobre as entidades locais galegas e a máis que probable incidencia na autonomía e as facendas locais, demandamos contundentemente o aprazamento da tramitación da prevista Lei de Xestión Integral do Ciclo da Auga ata que non exista un consenso real coa Fegamp e as Deputacións Provinciais.
1033. Debería incorporarse á futura Lei de Financiamento Local o merecido recoñecemento aos concellos galegos que perderon poboación, compensando o seu esforzo na xestión e conservación dunha parte esencial do noso territorio.
1034. Defendemos a creación dun índice corrector aplicable sobre a participación nos tributos do Estado (PIE) para a loita contra o despoboamento. Igualmente, defendemos unha

maior bonificación fiscal da poboación (sobre o IRPF) e das empresas (Imposto de Sociedades) que se sitúen nos concellos pouco poboados.

1035. En paralelo, é imprescindible implantar unha estratexia de competitividade baseada no sistema de cidades metropolitanas e sostibles, motores que conducen a rede urbana cara o futuro.
1036. A REDEFINICIÓN DAS COMPETENCIAS DOS CONCELLOS: DO INFRAMUNICIPALISMO AO INTERMUNICIPALISMO
1037. A experiencia demostranos que as fusións de municipios non son a panacea nin a solución máxica a todos os problemas. Os e as socialistas galegos cremos nas fórmulas de xestión e prestación conxunta dos servizos, evitando o solapamento pero afianzando o Estado do Benestar. Isto implica que a xestión debe ser intermunicipal, con base nos principios de eficiencia e solidariedade e mediante redes de cooperación, propinando economías de escala que racionalicen os custes e a eficacia dos servizos. É o momento da concertación pública-pública, da cogobernanza:
1038. Mediante a contratación conxunta de servizos como a recollida de residuos sólidos urbanos, o ciclo integral da auga (que inclúa a modernización da rede de abastecemento e un plan de saneamento do rural), o desbroce e limpeza de estradas, entre outros.
1039. Mediante primar financeiramente a cooperación en rede dos concellos.
1040. Mediante a aplicación de fórmulas como as centrais de compras, coordinando as xa existentes coa Fegamp, como medio de acadar mellores prezos de subministro en áreas como enerxía, telefonía ou equipamento.
1041. Mediante a activación de redes intermunicipais de transporte público.
1042. Ou mediante o establecemento dunha ordenación do territorio avaliando todos os plans estratéxicos e baixo criterios de sostibilidade.
1043. A NECESARIA TRANSFORMACIÓN DAS DEPUTACIÓNS: AS DEPUTACIÓNS CARA A INTERMUNICIPALIDADE

1044. Na vindeira reforma constitucional, as deputacións deberán formar parte do modelo de Estado, adaptadas e expresamente vinculadas aos municipios. É precisa a reformulación da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reforzando a autonomía municipal e potenciando o papel das institucións provinciais. Dotándoas de competencias propias; concertando, cooperando e asistindo económica, técnica e materialmente a pequenos e medianos concellos.
1045. Adaptaremos permanentemente estas administracións provinciais a unha realidade contemporánea, baixo o paraugas da transparencia, a rendición de contas e os principios de eficacia, eficiencia e non duplicidade.
1046. As deputacións deben articular a intermunicipalidade, superando a fragmentación dun municipalismo onde máis do 92% dos municipios galegos teñen menos de 5.000 habitantes. Favorecendo a prestación de servizos públicos de calidade a menor custe. Creando redes para sumar esforzos e aproveitar recursos.
1047. Deste xeito, potenciaremos a función das deputacións provinciais en materia de asistencia e cooperación cos concellos, co obxectivo de darlles soporte técnico e financeiro no exercicio das súas competencias, nos seguintes ámbitos:
1048. Configurando o servizo de asistencia a municipios como servizo mínimo de prestacións obrigatorio, garantindo así un estándar mínimo para os ditos servizos.
1049. Regulando a cooperación económica das deputacións cos concellos, canalizando a maior parte desa cooperación a través de plans provinciais, que limiten o uso das subvencións nominativas e doutras fórmulas de reparto discrecional dos fondos.
1050. Regulando fórmulas de xestión integrada dos servizos municipais coa participación das deputacións provinciais, establecendo un marco claro e flexible que dea seguridade xurídica e impulse a implicación directa das deputacións na xestión e no financiamento dos servizos municipais dos pequenos e medianos concellos.
1051. Reformulando os actuais plans de cooperación de obras e servizos cara a un modelo de concertación máis amplo e que se converta nunha verdadeira ferramenta de xestión adaptada ás necesidades municipais, tal e como veñen facendo as deputacións provinciais gobernadas por socialistas.
1052. Os concellos con menos de 20.000 habitantes teñen necesidades que non poden satisfacer por eles mesmos, xa que, de facelo, sería ineficiente economicamente. Por iso

é necesaria unha revisión do modelo de relación entre gobernos municipais e deputacións.

1053. As deputacións implementarán unha axenda rural coordinada coas outras administracións e que dea pulo á transformación dixital e ao emprego no medio rural, favorecendo en particular o de mulleres e xente nova. Unha administración que escoite e que fale co rural.

1054. En definitiva, os e as socialistas de Galicia xa desenvolvemos e construímos, alí onde gobernamos, un modelo de deputacións que favorece os obxectivos de eliminación de duplicidades e de lealdade cos gobernos municipais.

1055. SUFICIENCIA ECONÓMICA E CORRESPONSABILIDADE FISCAL

1056. No ámbito económico-financeiro, as medidas a adoptar deben procurar unha maior participación das entidades locais no gasto das administracións públicas, conforme coa realidade dos servizos que as mesmas están obrigadas a prestar. Aínda conscientes do momento actual, debe reclamarse unha maior dotación tanto do vixente Fondo de Cooperación Local e a súa distribución, como da Participación nos Ingresos do Estado, baixo criterios que teñan en conta as peculiaridades xeográficas e demográficas dos concellos galegos.

1057. Defendemos un novo financiamento local que asegure unha participación xusta e suficiente na PIE e que teña en conta unha revisión das transferencias pola Participación nos Ingresos das CCAA (PICA's).

1058. Á maior brevidade posible, debería aprobar unha Lei de Facendas Locais propia de Galicia. O Fondo de Cooperación Local tamén require dun soporte xurídico singular en forma de lei que regule a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma e no que se clarifique a homoxeneización prevista nas distintas Leis de Orzamentos. Unha Lei que o regule é urxente e necesaria.

1059. As subvencións ás entidades locais necesitan dun marco normativo estable que, baixo criterios de obxectividade e publicidade, axilice a súa tramitación e aboamento, con procedementos de transferencia automática das mesmas. Demandaremos a supresión progresiva das subvencións finalistas da comunidade ás entidades locais. As contías correspondentes a ditas subvencións, tanto as destinadas a gastos correntes como as destinadas a investimentos de capital, deberán integrarse progresivamente no Fondo de Cooperación Local a través das distintas vías que se acorden, sen prexuízo da regulación do mesmo mediante unha norma con rango de lei.

1060. É necesario que o modelo de financiamento local contemple os seguintes extremos:
1061. Revisión do marco fiscal local para dotar de maior autonomía municipal ás Corporacións Locais.
1062. Incorporación das previsións legislativas necesarias para asegurar a lealdade institucional cos entes locais, tanto en gastos como en ingresos, en todas as modificacións legislativas.
1063. Máis que nunca, no período que se abre resulta necesario o apoio e coordinación para estabilizar os fondos e programas da UE. Apoio para fondos e programas da UE mediante a creación dun mecanismo estable de coordinación e asistencia técnica a concellos para o respaldo e asistencia destes coas administracións autonómica e provincial.
1064. Potenciación da simplificación administrativa e normativa co obxecto de reducir cargas administrativas e tempos de tramitación e establecer prioridades na xestión do gasto.
1065. Proposición de directrices e liñas de actuación para o deseño dun Plan contra o fraude fiscal, en coordinación cos plans das restantes administracións.
1066. Toda xestión económica municipal deberá cumprir, como mínimo estas premisas: equilibrio orzamentario e económico-financeiro, satisfacción en tempo e forma das obrigas de pago (acurtando os prazos do mesmo e favorecendo a implantación da factura electrónica) e o recurso ao endebedamento de forma sostible e correlación entre o esforzo fiscal e o nivel de prestación de servizos.
1067. En cumprimento do mandato da Lei de Administración Local de Galicia, entendemos necesaria a aprobación dunha lei que regule o réxime xurídico dos municipios turísticos, histórico-artísticos, industriais, pesqueiros e rurais, e a normativa sectorial terá en conta as características destes concellos á hora de atribuírlles competencias e servizos.
1068. Esixiremos que os concellos sexan compensados polo custo de xestión de recadación dos tributos autonómicos que por lei teñan que realizar. Neste senso, demandaremos das administracións públicas estatal e autonómica que calquera modificación que implique un beneficio fiscal obrigatorio que minore os ingresos locais inclúa o seu correspondente mecanismo de compensación.

1069. Esixiremos que as entidades locais sexan consideradas no reparto de todos os fondos procedentes da UE, tanto ordinarios como extraordinarios, sendo destinatarias directas do 15% dos fondos europeos para a reconstrución.
1070. Poremos en marcha un servizo estable de asesoramento ás entidades locais en materia de fondos e programas europeos e de apoio á presentación e xestión de proxectos aos mesmos.
1071. Seguiremos demandado á administración estatal e autonómica a revisión e actualización do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, maximizando a extensión do servizo, así como o establecemento dunhas condicións base sobre as que poder elaborar os pregos de licitación do SAF nos distintos concellos da nosa comunidade. Todo iso co obxectivo de que o financiamento sexa asumido na súa integridade polo Estado e a Xunta de Galicia.
1072. Potenciaremos os Portais de Internet nos concellos como portal de servizos e trámites da cidadanía, fomentando o uso da Carpeta Cidadá, desde onde se poida acceder a todos os trámites persoais e xestionar a súas solicitudes.
1073. BO GOBERNO LOCAL
1074. A lexitimidade social das administracións públicas só se pode acadar se son transparentes á hora de tomar decisións e de gastar os cartos públicos e se prestan servizos de calidade e de maneira eficiente. Apostamos polo redeseño das institucións locais para que estean ao servizo da cidadanía pola vía da transparencia, a rendición de contas e a avaliación das políticas públicas.
1075. Un Bo Goberno Local débese á transparencia democrática, guía do labor do goberno nun novo modelo transformador da administración local que camiñe cara a unha maior participación da cidadanía co seu concello e mellorando a xestión da administración pública coa aplicación de procedementos dixitais.
1076. Promoveremos políticas públicas de transparencia nos procedementos dos distintos niveis da administración vinculados á contratación de servizos, de persoal, á licitación de obra pública e outros, que deben estar sempre a disposición de toda a cidadanía na Internet. Tamén impulsaremos as cláusulas sociais na contratación pública dos concellos.

14 
CONGRESO
7/8 DE DCEMBRO

**MODELO DE
PARTIDO:
A CONSTRUCIÓN
DO PSdeG COMO
FERRAMENTA
ÚTIL AO SERVIZO
DO POBO GALEGO**

**PSG^{DE}
PSOE**

1077. **8. MODELO DE PARTIDO: A CONSTRUCCIÓN DO PSdeG COMO FERRAMENTA ÚTIL AO SERVIZO DO POBO GALEGO.**
1078. Desde os seus comezos, o movemento socialista, articulado en partidos e sindicatos cunha gran capacidade transformadora, foi decisivo para lograr máis xustiza social, pluralismo, liberdade e democracia en moitos países. Os socialistas debemos reflexionar sobre as estratexias de adaptación dos partidos socialdemócratas no pasado e os problemas que enfrontamos cós cambios que se produciron nas sociedades industriais nas últimas décadas para recuperar maioría electoral e capacidade de gobernar e promover o progreso social e cívico.
1079. Hoxe en día o PSdeG afronta o reto da reconstrución como forza política galega, despois do mal resultado obtido nas pasadas eleccións autonómicas de 2020, onde quedamos de última forza política no parlamento e fomos sobrepasados polos nacionalistas.
1080. As fortalezas institucionais e a implantación territorial do PSdeG constratan coa febleza da estrutura galega do Partido, a ausencia de planificación estratéxica ou a escasa profesionalización dunha organización política con grandes responsabilidades na xestión das entidades locais.
1081. É imprescindible cambiar o paso e definir un Plan Estratéxico Organizativo que permita aproveitar o talento e as capacidades dos máis de 10.000 militantes do PSdeG.
1082. A coordinación política de tódalas estruturas organizativas é imprescindible e é unha tarefa obrigada para a vindeira Comisión Executiva Nacional Galega, así como a planificación, a formación de cadros, a capacitación e a reconexión cos movementos sociais do noso país.
1083. O reto do PSdeG é dobre e está interrelacionado: por unha banda é preciso modernizar as estruturas organizativas e incorporar novos cidadáns ao proxecto do PSdeG e ao mesmo tempo urxe dar unha reposta política a unha maioría social de progreso que está orfa de referencias.
1084. Reiniciar o PSdeG significa poñer en funcionamento de forma coordinada tódalas fortalezas xa existentes (presenza nos gobernos das corporacións locais, militancia comprometida, experiencia exitosa de xestión no plano institucional) e actuar sobre as debilidades recoñecibles (organizativas, institucionais, de presenza social e territorial,...) utilizando as ferramentas políticas e sociais necesarias para chegar á maioría social progresista existente en Galicia.

1085. A tarefa de actualización do proxecto socialista galego precisa dun importante esforzo organizativo, dentro e fóra do PSdeG, tanto no ámbito interno coma na proxección exterior da proposta política. Unha mellora no funcionamento das estruturas organizativas tamén debe ter como prioridade a lealdade, condición mínima imprescindible para poder competir.
1086. O PSdeG tense que abrir aos novos protagonistas que xurdiron no mundo globalizado económico e social, para incrementar unha base de apoio electoral, que xa é moi plural e que ten que sumar, dende sectores de traballadores tradicionais ata autónomos, profesionais e pequenos empresarios.
1087. O Partido ten que estruturarse como unha organización adaptada á sociedade actual, ás súas necesidades e aspiracións, sendo un fiel reflexo dos sectores que quere representar e que ten que aumentar o número de seus militantes e simpatizantes. A militancia debe ser considerada como a espiña dorsal da organización e o lugar onde se forxan os cadros políticos do socialismo.
1088. O modelo do partido debe ser unha organización política forte a nivel galego, defensa dos intereses do noso país e do ideario socialista e socialdemócrata, acompañada por catro estruturas provinciais coordinadas, e o desenvolvemento de estruturas comarcais de coordinación política que favorezan a participación e empuxe das agrupacións locais desde as bisbarras.
1089. Temos que ocupar a centralidade política, ser a referencia da maioría social progresista do pobo galego. Isto leva consigo un esforzo de integración dalgúns sectores sociais que tradicionalmente non atoparon no Partido Socialista a súa referencia política, ben por descoñecemento da nosa acción política ou polas nosas propias dificultades para dar respostas ás súas inquietudes e demandas.
1090. Abriremos novos espazos de encontro e reflexión que permitan a incorporación ó noso proxecto e ó partido a aquelas persoas progresistas comprometidas co cambio político en Galicia.
1091. Son numerosos os retos enfrontados polo Partido para recuperar unha maior confianza cidadá e opcións de goberno. Son de tipo político, programáticos e teóricos, sociolóxicos ou de organización. Isto require novas propostas estratéxicas e programáticas para actualizar os principios e valores do socialismo e promover o Estado de Benestar e novas formulacións da idea de cidadanía nos seus aspectos sociais e económicos, para neutralizar os novos fenómenos de desigualdade e exclusión social que afecta, sobre todo, a algúns sectores como a mocidade e as persoas xubiladas. A este respecto, o Partido manifesta a súa vontade de entrar en sintonía cos cambios sociais que están a

ocorrer, e promover novas formas organizativas, máis áxiles, abertas e eficaces que as formas tradicionais de organización.

1092. Tanto no PSdeG-PSOE como no PSOE destaca un importante avance na participación interna e externa, coa expansión dos procesos de eleccións primarias e a promoción da transparencia e rendición de contas dos representantes orgánicos e institucionais.
1093. Pero aínda hai importantes axustes e problemas a resolver: tendencia ao envellecemento dos representantes da clase política, dos afiliados e das bases sociolóxicas; progresiva esclerotización organizativa con pouco activismo político; perda de presenza e influencia social das sedes dos partidos; distanciamento dos movementos e referentes sociais máis importantes; exhibición pública excesiva das loitas de clans e correntes que escurece os nosos programas e proxectos políticos.
1094. Para superar estes problemas, o noso Partido terá que fortalecer as estruturas organizativas e de activismo político, adaptar os tipos de afiliación a novas tendencias sociais e disposicións participativas dos cidadáns, para facer máis atractivo a organización, sobre todo para a mocidade e xente nova.
1095. Aprobaremos no primeiro ano, despois do Congreso Nacional, un Plan Plurianual de Implantación Territorial que identifique as eivas existentes e defina as accións a executar nos vindeiros catro anos para que o PSdeG chegue a tódolos recunchos de Galicia.
1096. O PSdeG fomentará novos espazos de contacto e relación coa mocidade cun discurso propositivo, onde teña cabida a relación directa cos interlocutores, a crítica construtiva e o recoñecemento do seu papel como motor de cambios sociais.
1097. Será importante fortalecer o papel das Xuventudes Socialistas de Galicia, como organización xuvenil socialista e galega con implicación directa cos colectivos xuvenís, e como ferramenta eficaz e útil para estender o socialismo no conxunto do territorio.
1098. O PSdeG cre nunha sociedade articulada, heteroxénea, viva, e comprometida coa construción da nosa contorna. Cremos no compromiso cívico e a participación activa e crítica da cidadanía, organizada ou de xeito individual.
1099. A credibilidade dos partidos e do sistema político depende en gran medida da nosa capacidade para transmitir ilusión, para xerar confianza e sinerxías, e para que se nos vexa como algo non alleo á cotidianidade, falando nunha linguaxe comprensible, sinxela e directa.

1100. Os e as socialistas temos que valorar os cambios acontecidos nos mecanismos clásicos de participación, xa que froito do crecente individualismo na nosa sociedade, cidades e pobos, atopámonos con dificultades para aplicar os mecanismos clásicos de participación e consenso á hora de acordar os proxectos a desenvolver.
1101. Os e as socialistas sempre defendemos a agrupación de persoas para calquera cuestión que sexa do interese colectivo e que, ofrecendo servizos á comunidade, complete a oferta que desde as diferentes administracións se fan á cidadanía.
1102. O PSdeG ten avanzado substancialmente na definición e modernización da súa imaxe externa nos últimos anos, cumprindo as resolucións dos pasados procesos congresuais, pero é imprescindible avanzar máis neste terreo chegando a tódalas agrupacións do Partido cun novo manual corporativo fácil de xestionar.
1103. A comunicación social tamén ten experimentado grandes cambios nos últimos anos sendo preciso un novo impulso ó sistema de comunicación externa do Partido así como un fortalecemento das ferramentas internas que permitan unha mellor utilización da información e das mensaxes políticas.
1104. Na era da sociedade do coñecemento, o traballo en rede xoga un papel fundamental que transformou as formas de produción, de organización do traballo e ata das relacións humanas e por iso dende o PSdeG imos profundizar no traballo en rede , favorecendo a fluidez na transmisión da información e incrementando os recursos internos para facer máis eficaz a nosa tarefa social e política.
1105. A formación é unha ferramenta imprescindible nun partido de esquerdas para promover o debate ideolóxico e achegar á sociedade as políticas públicas que defendemos dende a socialdemocracia e o galeguismo.
1106. Para garantir a transmisión dos valores do socialismo democrático á sociedade é fundamental apostar pola formación das/os nosas/os afiliadas/os e das/os nosas/os simpatizantes, con carácter xeral, e dos nosos cargos públicos, en particular.
1107. O PSdeG fará da formación dos seus cargos públicos unha prioridade durante os vindeiros anos, vinculando os valores socialistas ó pensamento por medio da formación e desenvolvendo un constante traballo de estudio e actualización das políticas públicas adaptadas ás novas realidades sociais.

1108. Impulsaremos a Escola de Formación “Ceferino Díaz” para que sexa un instrumento útil para a planificación das actividades formativas e o desenvolvemento da investigación social así como o traballo conxunto cos movementos sociais de carácter progresista e galeguista.
1109. Fomentaremos a colaboración do PSdeG coas universidades galegas e cos centros de pensamento e estudo de carácter progresista existentes en Galicia co obxecto de estimular a participación bidireccional de simpatizantes e afiliadas/os na conformación das nosas políticas e da actualización do noso discurso ideolóxico.
1110. O PSdeG impulsará nos vindeiros catro anos un programa de formación dirixido a fortalecer o traballo en rede no seo da organización e a incrementar a formación específica dos nosos cargos públicos municipais.
1111. A planificación da formación farase con carácter anual, sendo unha das prioridades do PSdeG a incorporación de mozos e mozas á programación da Escola de Formación dos socialistas galegos.
1112. O PSdeG impulsará a creación dunha fundación a modo de laboratorio de ideas para abrir novos espazos que permitan por unha banda nutrir á organización de respostas e propostas para un programa de goberno e transformación social e que ao mesmo tempo posibiliten novamente a colaboración de sectores sociais que nalgún momento colaboraron con nós para facer posible unha alternativa política en Galicia.
1113. Temos que deixar que a sociedade máis próxima se achegue e teña espazos e canles para facer aportacións e compartir protagonismo social co PSdeG. A primeira oportunidade serán as eleccións municipais, aí poderemos deixar de ollar para dentro e centrarnos nos cidadáns.
1114. Con este Congreso, o PSdG-PSOE abre unha nova etapa con renovada capacidade de mobilizar enerxías e valores do pobo galego, e co obxectivo de poñer en pé un proxecto galego alternativo a todos os anos de goberno do Partido Popular en Galicia.
1115. A organización precisa dun liderado orgánico forte, con liñas programáticas ben definidas asentadas nos ideais do progresismo, da socialdemocracia e do galeguismo, abranguendo a unha ampla maioría social da cidadanía que poderá así incorporarse dun xeito ou doutro ao noso proxecto político.

1116. O congreso federal debuxou as liñas mestras dos vindeiros anos no socialismo español. O PSdeG actuará con lealdade á dirección federal en sintonía co expresado pola militancia socialista galega pero defendendo os intereses sociais e económicos do noso país, sempre baixo os criterios de xustiza social, redistribución e solidariedade.
1117. Como partido autónomo dentro da estrutura federal do PSOE, o PSdeG deberá pesar máis que nos últimos anos, facendo valer tanto a súa posición demográfica, histórica e consecuente coa súa base militante, ao ser a sexta federación socialista de España. ¿Que significa pesar máis na estrutura federal do PSOE? Pois supón que teñan máis peso as nosas especificidades, que sexamos respectados e tidos en conta á hora de conformar as políticas territoriais, sociais e económicas do Estado, e tamén poder influír máis na definición do modelo territorial dada a súa relevancia para Galicia como nacionalidade histórica recoñecida na Constitución.

